

“UNHA
EDICIÓN
TOLA

C Compostela
Cultura

TOLA TOLA TOLA”

CINEUROPA 37

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 9-25 NOVEMBRO 2023





CINEUROPA 37

**“UNHA
EDICIÓN
TOLA TOLA TOLA TOLA”**

CINEUROPA 37

A cita cinéfila por excelencia de Santiago de Compostela reivindica nesta edición a comedia clásica e a capacidade do cinema para transportarnos a un mundo tolo, tolo, tolo... que adoita actuar como unha sorte de salvavidas nas prosaicas augas da vida cotiá. Así é que, trinta e sete anos despois, Cineuropa segue mantendo intacta a súa capacidade para sorprendernos e conseguir que o público amante do cinema esperemos con expectación a chegada do mes de novembro, para poder gozar dunha programación cuxa principal fortaleza radica en conseguir que vexamos cine presencial, colectivamente, creando un espazo contracorrente que nos permite desafiar esa zona de confort en que xa se converteron as plataformas dixitais.

Cineuropa, por facer unha analoxía coa liña discursiva do filme que dá título ao cartaz e que narra as peripecias dun grupo de persoas que atravesan o deserto en busca dun botín escondido, marca a súa particular travesía pola paisaxe árida que nos deixa o mercado cinematográfico globalizado, arrasado pola mercadotecnia e as superproduccións. O noso benquerido Festival mantén o rumbo seguindo un mapa que non sinala máis destino que o tesouro de abastecernos de bos filmes, nunha compilación que reúne tanto as descubertas procedentes dos festivais internacionais como películas realizadas na nosa contorna máis próxima, relecturas temáticas ou homenaxes autorais, mais sempre coa mirada posta en explorar os ángulos mortos que a miúdo fican nas marxes dos circuitos comerciais.

Un ano máis, mergullarémonos nos filmes mais destacados do ano como *A fronteira verde* da polaca Agnieszka Holland, que nos fala e interpela sobre a crise migratoria en Europa, ou a fantástica comedia irónica sobre a vida moderna *Non agardes demasiado da fin do mundo* do romanés Radu Jude. Descubrimos as novas cineastas galegas, cunha vintena de filmes feitos nesta terra, e tamén as do mundo todo, desde a veciña portuguesa Leonor Teles até a colombiana Carmen Torres ou o tailandés Thien An Pham, quen vén de gañar o premio ao mellor director novel en Cannes. O programa funciona en si mesmo como un

guión con xiros e tramas paralelas en que conviven estreas absolutas con propostas como a que revisita a figura de Jorge Semprún, con motivo do centenario do seu nacemento, ou o bloque temático dedicado ao cinema que documenta e reflexiona sobre os 40 anos da democracia argentina.

E como toda celebración cinematográfica que se prece tamén conta coa súa particular e simbólica alfombra vermella, pola que este ano camiñarán o compostelán Luís Zahera que, para alén da súa intensa e variada traxectoria profesional, actúa en boa medida como embaixador cultural da nosa cidade e da nosa identidade cultural; a actriz Ana Torrent, cunha extensa carreira iniciada aos sete anos de idade e na que demostrou a evolución interpretativa necesaria para superar o clixé da nena prodixio; e o cineasta portugués João Canijo, coñecido xa en Cineuropa e a onde volve nesta edición cos seus traballos máis recentes, *Viver mal e Mal viver*.

Nesta altura, coido que estamos xa en disposición de acuñar o termo "fórmula Cineuropa" para referirnos a un modelo de festival poliédrico que nunca renunciou á ambición de descubrirnos o cinema máis recóndito, que viaxa para amosarnos novos camiños edición tras edición, e que sempre procurou a participación dos espectadores e das espectadoras.

Cineuropa é, por tanto, un punto de encontro, de diálogo, de intercambio entre os camiños creativos que atravesan o cinema na actualidade mais tamén no pasado, nun percorrido bidireccional que se actualiza constantemente.

En nome de todas as persoas que nos damos cita nas butacas dos espazos da cidade que, cada novembro, acubillan a gran pantalla -Teatro Principal, Salón Teatro, NUMAX, Multicines Compostela e Auditorio de Galicia-, moitas grazas a todo o equipo que o fai posíbel.

Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela

CINEMA FRONTE OS BÁRBAROS DA MOTOSERRA

Hai só tres anos, cando a pandemia parecía acabar co mundo tal e como o coñeciamos, un dos primeiros cadáveres situacionais dos que se falou foi das salas de cinema. É verdade que ese vira-vira do 2020 provocou un nivel de deserción no número de espectadores dubidosamente recuperable. E, con todo, os festivais de cinema seguen a gozar de boa saúde. A modo de oasis, non só seguen convocando os perdidos no deserto. Ademais, no último ano, parecen ser un dos epicentros da batalla das guerras culturais da (ultra)dereita, polo menos en España. Non deixa de ser bizarro que nos apenas cinco meses transcorridos dende as últimas eleccións municipais, festivais afectivamente próximos, como os de Xixón ou Sevilla, sufrisen perigo de extinción, ameazados pola *alt-right* ibérica. Como explicar que isto tan ancestral de reunir durante uns días un grupo de espectadores para ver películas raras e fráxiles semelle ser para os novos-vellos bárbaros algo así como a xoia da coroa progre, *El Álamo* da resistencia contra os valores familiares. Nunca pensamos en sermos nin a centésima parte de importantes nesta batalla global que se está librando.

Pero reflexionando un intre sobre iso talvez sexamos quen de comprender por que acontece isto. Cales son as razóns de que estes malandríns da Cruzada Moral nos vexan tan relevantes. Non existe hoxe nada máis subversivo para quen desexa exterminar o público ca unha sala de cinema poboada por cidadáns desexosos de ver imaxes desencorsetadas nunha pantalla.

Un festival de cinema é unha ágora de democratización dos sentimentos compartidos, da multiculturalidade expresada en mil cosmogonías, mil linguas, mil horizontes. E nesas proxeccións confórmanse lazos cívicos ou emocionais que toman forza precisamente nese goce colectivo. Os festivais de cinema son o máis parecido a mitins da pluralidade, a reivindicacións do propio e do alleo, a pontes culturais sen controis migratorios.

CINEUROPA 37

Todo aquilo que está na axenda populista resúmese en esnaquizar o que nos une e nos fai un pouco máis iguais ante a adversidade. Desexan externalizar a nosa alma ao mesmo tempo ca a sanidade, queren privatizar os nosos soños xunto á nosa educación. Apresúranse a crebar os nosos sinais de identidade á vez que desencadernan a nosa cultura. Aspiran a laminar a nosa memoria colectiva e para iso necesitan rachar as pantallas e baixar os panos.

Mentres existan nesa pantalla historias totalmente desencadeadas, non mercantilizadas, procedentes de todas as latitudes ou pobos, e mentres estas historias reúnan ao seu redor milleiros de persoas que latexan e debaten, que gardan lembranza do vivido e que o comparten cos demais, converter o mundo nun páramo anarcocapitalista baleiro de cultura seralles máis difícil.

Por iso é que na súa axenda de odiadores os festivais de cinema son simbolicamente tan importantes. E por iso é que os queren colonizar ou ayusizar.

Festival vén de festa. Un festival de cinema debe ser unha celebración internacionalista que nos faga máis fortes fronte ás motoserras de quen só quere tallar o bosque, os dereitos democráticos, a sensibilidade individual, os millóns de xeitos de ser de cada un que se conxugan na vida. E no cinema. Todas esas sensibilidades que habitaron estas 36 edicións de Cineuropa. As que xa ocupan a súa butaca para estas case tres semanas nas que as gargalladas da comedia máis subversiva ca tola se conxugan coa memoria histórica simbolizada no século XX que nos contaron Jorge Semprún ou Costa-Gavras. Onde eses nomes de druídas do imaxinario fílmico do mellor presente, chámense Hamaguchi ou Alicia Rohrwacher, Kaurismaki, Wenders, Garrone ou Justine Triet, agardan para contar a súa nova historia. Oxalá que todos vostedes atopen a súa, vívida ou ensoñada, neste Cineuropa como sempre libre.

José Luis Losa
Director de Cineuropa 37

PROGRAMA POR DÍAS
PÁX. 11-18

PREMIOS CINEUROPA 2023
PÁX. 20-27

SECCIÓNS OFICIAIS
LISTADO DE PELÍCULAS
PÁX. 28-31

PROXECCIONS ESPECIAIS
(INAUGURACIÓN E CLAUSURA)
PÁX. 32-35

DOCS CINEUROPA
PÁX. 36-40

NOVAS/OS CINEASTAS
PÁX. 42-49

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO
PÁX. 50-63

PANORAMA INTERNACIONAL
PÁX. 64-70

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA
PÁX. 72-83

XURADO OFICIAL
PÁX. 84-87

XURADO NOVO
PÁX. 88-89

SECCIÓNS PARALELAS
LISTADO DE PELÍCULAS
PÁX. 90-93

400 PÁX. 94-99

CENTENARIO JORGE SEMPRŪN
PÁX. 100-107

CINEUROPA MIŪDA
PÁX. 108-110

FANTASTIQUE COMPOSTELA
PÁX. 112-117

FQCO HOMENAXE A JOÃO CANIJO
PÁX. 118-121

MARATÓN PÁX. 122-127

O MUNDO ESTÁ TOLO, TOLO, TOLO, TOLO
PÁX. 130-137

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA
PÁX. 138-141

ACTIVIDADES
PÁX. 143-159

PELÍCULAS ORDENADAS
ALFABÉTICAMENTE
PÁX. 160-165

INFO PRÁCTICA
PÁX. 166-171

EQUIPO
PÁX. 172-173



PROGRAMA CINEUROPA

XOVES 9 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

20.00 SESIÓN INAUGURAL: PUAN

VENRES 10 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

18.00 FEMME

20.00 KUOLLEET LEHDET / FOLLAS DE OUTONO

21.45 VINCENT DOIT MOURIR / VINCENT DEBE MORRER

SALÓN TEATRO

17.00 I SOLITI IGNOTI / RUFUFÚ

19.00 PROGRAMA CURTAS 1 (DEVOCIONES + NINGÚN DEUS + SOBREVIVIR AO TEMPO (UNHA MIRADA SOBRE VIKINGLAND) + DE(S)AMOR) + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

20.30 HERE / AQUÍ

22.15 MAMMALIA

NUMAX

16.00 L'ATTENTAT / O ATENTADO

18.15 UN CHAPEAU DE PAILLE D'ITALIE / UN CHAPEU DE PALLA DE ITALIA

20.15 LA ÚLTIMA NOCHE DE SANDRA M. + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

22.00 STAVISKY

MULTICINES COMPOSTELA

17.15 HEAVEN CAN WAIT / O DIAÑO DIXO NON

19.30 LA GRANDE VADROUILLE / A GRANDE ESMORGA

22.00 TAMPOPO

SÁBADO 11 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 THE INSEPARABLES / OS INSEPARABLES

17.45 PUAN

20.00 IO CAPITANO / EU CAPITÁN

22.30 HOW TO HAVE SEX / COMO TER SEXO

SALÓN TEATRO

17.30 FEMME

19.45 RIDDLE OF FIRE / ENIGMA DE LUME

22.00 THE WICKER MAN / O HOME DE VIME

NUMAX

17.00 XUVENTUDE CREA (SELECCIÓN FINALISTAS VIDEOCREACIÓN E ANUNCIO CON GAÑADORAS)

18.45 BÊN TRONG VỎ KÉN VÀNG /

INSIDE THE YELLOW COCOON SHELL

22.00 LA ÚLTIMA NOCHE CON SANDRA M. + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

MULTICINES COMPOSTELA

17.30 ANTOINE ET ANTOINETTE / ESCAPOU A SORTE

19.30 SULLIVAN'S TRAVELS / AS VIAXES DE SULLIVAN

21.30 Z

DOMINGO 12 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 LA PASSION DE DODIN BOUFFANT / A LUME MANSO

20.30 KUOLLEET LEHDET / FOLLAS DE OUTONO

22.15 THE SURVIVAL OF KINDNESS /

A SUPERVIVENCIA DA AMABILIDADE

SALÓN TEATRO

16.30 HEAVEN CAN WAIT / O DIAÑO DIXO NON

18.45 CURTAS ZARAUZA: PAROLA DE LADO E SOLA + PONTEVEDRA HORA CERO

20.00 DAS LEHRERZIMMER / SALA DE PROFESORES

22.00 VENENO PARA LAS HADAS

NUMAX

16.30 LES ROUTES DU SUD / AS RUTAS DO SUR

18.30 PROGRAMA CURTAS 2

(ESPANTOS E DESENCANTOS + NA PEL DA MEMORIA + DIN QUE NON FALAN + LIQUE + HABITAR) + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

20.15 SANGUE DO MEU SANGUE

MULTICINES COMPOSTELA

17.30 HELLZAPOPPIN' / LOUQUILANDIA

19.30 PALOMBELLA ROSSA / VASELINA VERMELLA

21.30 UNE FEMME À SA FENÊTRE /

UNHA MULLER NA FIESTRA

LUNS 13 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 ANSELM - DAS RAUSCHEN DER ZEIT / ANSELM

19.30 IO CAPITANO / EU CAPITÁN

22.00 JAM / SLEEP

SALÓN TEATRO

17.15 SUPERVIVIENTES DE LOS ANDES

19.30 ANIMAL

22.00 VELOCIDAD DE ESCAPE

NUMAX

17.00 L'AVEU / A CONFESIÓN

19.45 RAPIÑA

22.00 LOS PAISAJES

AUDITORIO DE GALICIA

17.00 KISS ME STUPID /

BÍCAME, ESTÚPIDO

19.30 SECTION SPÉCIALE /

SECCIÓN ESPECIAL

MARTES 14 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.00 LOS DELINCUENTES

20.30 ROTER HIMMEL /

AFIRE - O CEO VERMELLO

22.30 MANTAGHEYE BOHRANI / ZONA CRÍTICA

SALÓN TEATRO

17.00 LA GUERRE EST FINIE / A GUERRA REMATOU

19.30 THE SURVIVAL OF KINDNESS /

A SUPERVIVENCIA DA AMABILIDADE

21.30 EL CENSOR

NUMAX

16.45 TRABALHO DE ACTRIZ, TRABALHO DE ACTOR

18.30 SANGUE DO MEU SANGUE

22.00 MAS NEGRO QUE LA NOCHE

AUDITORIO DE GALICIA

17.15 WITHNAIL & I / WITHNAIL E EU

19.30 Z

MÉRCORES 15 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

17.00 THE SURVIVAL OF KINDNESS /

A SUPERVIVENCIA DA AMABILIDADE

19.30 PREMIO CINEUROPA: LUIS ZAHERA + EL REINO

22.15 ACIDE / ÁCIDO

SALÓN TEATRO

17.00 PALOMBELLA ROSSA / VASELINA VERMELLA

19.00 CHICHI E MAIS EU + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

21.30 LOS DELINCUENTES

NUMAX

16.30 LAS VEREDAS DE SATURNO

19.10 LA GUERRE EST FINIE / A GUERRA REMATOU

21.30 KISS ME STUPID / BÍCAME, ESTÚPIDO

AUDITORIO DE GALICIA

17.00 RUFUFÚ

19.30 STAVISKY

XOVES 16 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

17.15 MANTAGHEYE BOHRANI / ZONA CRÍTICA

19.15 ANATOMIE D'UNE CHUTE /

ANATOMÍA DUNHA CAÍDA

22.00 ROTER HIMMEL / AFIRE - O CEO VERMELLO

SALÓN TEATRO

17.00 LES DEUX MÉMOIRES / AS DÚAS MEMORIAS

19.45 HONEYMOON + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

22.00 VELOCIDAD DE ESCAPE

NUMAX

17.30 HERE / AQUÍ

19.15 ASTRAKAN 79 + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

21.00 L'AVEU /A CONFESIÓN

ZONA C

16.30 OBRADOIRO SOBRE O CANON

CINEMATOGRAFICO. UNHA IMPUGNACIÓN.

CON CARLOS LOSILLA

AUDITORIO DE GALICIA

20.30 CONCERTO REAL FILHARMONÍA DE GALICIA.

TIMOTHY BROCK (DIRECTOR) + PROYECCIÓN DE

O INMIGRANTE DE CHARLES CHAPLIN

VENRES 17 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

18.00 MEMORY /MEMORIA

20.00 DAS LEHRERZIMMER / SALA DE PROFESORES

22.00 LA CHIMERA / A QUIMERA

SALÓN TEATRO

18.00 IL PLEUT DANS LA MAISON /

ESTÁ CHOVENDO NA CASA

19.45 OS ESPAZOS EN BRANCO

22.00 JAM / SLEEP

NUMAX

16.30 ANSELM - DAS RAUSCHEN DER ZEIT / ANSELM

18.20 O CAMINHO DE RAMÓN CHAO +

PRESENTACIÓN E COLOQUIO

20.15 EL JUICIO

AUDITORIO DE GALICIA

17.00 UNE FEMME À SA FENÊTRE /

UNHA MULLER NA FIESTRA

19.30 INFANCIA CLANDESTINA + PRESENTACION

MULTICINES COMPOSTELA

17.00 SECTION SPÉCIALE / SECCIÓN ESPECIAL

19.15 LAS VEREDAS DE SATURNO

22.00 L'ATTENTAT / O ATENTADO

SÁBADO 18 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

17.00 AKU WA SONZAI SHINAI / O MAL NON EXISTE

19.15 PERFECT DAYS / DÍAS PERFECTOS

21.45 ANATOMIE D'UNE CHUTE / ANATOMÍA

DUNHA CAÍDA

SALÓN TEATRO

16.00 LINDA VEUT DU POULET! / LINDA QUERE POLO!

17.45 LA PASSION DE DODIN BOUFFANT /

A LUME MANSO

20.15 ARTURO A LOS 30

22.00 QUITTER LA NUIT / ABANDONAR A NOITE

NUMAX

16.15 TAMPOPO

18.30 ANIMAL

20.45 IT'S A MAD, MAD, MAD, MAD WORLD /

O MUNDO ESTÁ TOLO, TOLO, TOLO, TOLO

AUDITORIO DE GALICIA

17.00 MADE IN ARGENTINA

19.30 LA GRANDE VADROUILLE / A GRANDE

ESMORGA

MULTICINES COMPOSTELA

17.15 ANTOINE ET ANTOINETTE / ESCAPOU A SORTE

19.00 FATIMA

22.00 OBJECTIF: 500 MILLIONS /

OBXECTIVO: 500 MILLÓNS

CGAC

19.00 CENTENARIO SEMPRÚN: MESA-DEBATE

20.00 COSTA-GAVRAS. CARTA BRANCA A SEMPRÚN

DOMINGO 19 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

12.00 CONCERTO BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. DAVID FIUZA

(DIRECTOR). 'DENDE A LOUCURA DO CINEMA'

17.00 AKU WA SONZAI SHINAI / O MAL NON EXISTE

19.30 PREMIO CINEUROPA: JOAO CANIJO + MAL VIVER

22.15 DIE THEORIE VON ALLEM / A TEORÍA UNIVERSAL

SALÓN TEATRO

16.00 THE INSEPARABLES / OS INSEPARABLES

18.00 RIDDLE OF FIRE / ENIGMA DE LUME

20.15 EL RAPTO

22.00 BAAN

NUMAX

- 17.30** LES DEUX MÉMOIRES / AS DÚAS MEMORIAS
20.15 IL PLEUT DANS LA MAISON / ESTÁ CHOVENDO NA CASA
22.00 SULLIVAN'S TRAVELS / AS VIAXES DE SULLIVAN

MULTICINES COMPOSTELA

- 17.30** INFANCIA CLANDESTINA
20.00 MADE IN ARGENTINA
22.00 LES ROUTES DU SUD / AS RUTAS DO SUR

LUNS 20 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

- 17.00** LA CHIMERA / A QUIMERA
19.30 ZIELONA GRANICA / A FRONTEIRA VERDE
22.15 PERFECT DAYS / DÍAS PERFECTOS

SALÓN TEATRO

- 17.00** ASTRAKAN 79
18.30 VIVER MAL
21.00 DIE THEORIE VON ALLEM / A TEORÍA UNIVERSAL

NUMAX

- 16.00** FÁTIMA
18.50 A 50 ANOS DO GOLPE DE CHILE A TRAVÉS DO CINEMA DE CARMEN CASTILLO. LA FLACA ALEJANDRA + PRESENTACIÓN E COLOQUIO
20.30 LA ESTAFA DEL AMOR + PRESENTACIÓN E COLOQUIO
22.30 LA GUERRE EST FINIE / A GUERRA REMATOU

AUDITORIO DE GALICIA

- 17.00** CAPITÁN KÓBLIC
19.30 DOXANDÉEM, LES CHASSEURS DE RÊVES
 DOXANDÉEM: CAZADORES DE SOÑOS (2023) + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

ZONA C

- 11.00** DO GUIÓN Á PANTALLA.
 ENCONTRO CO DIRECTOR HISPANO
 URUGUAIO ÁLVARO BRECHNER

MARTES 21 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

- 16.30** MAL VIVER
19.00 MEMORY / MEMORIA
21.15 NU AȘTEPTA PREA MULT DE LA SFÂRȘITUL LUMII / NON AGARDES MOITO DA FIN DO MUNDO

SALÓN TEATRO

- 18.00** BAAN
20.00 ARTURO A LOS 30
22.00 EL RAPTO

NUMAX

- 16.20** LA ESTAFA DEL AMOR
18.15 PROGRAMA CURTAS 3 (ALICIA FAI COUSAS + LAVADOIRO + O NENO SARDIÑA + HONDARRAK) + PRESENTACIÓN E COLOQUIO
20.15 A 50 ANOS DO GOLPE DE CHILE A TRAVÉS DO CINEMA DE CARMEN CASTILLO. CALLE SANTA FE + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

AUDITORIO DE GALICIA

- 17.00** LA HISTORIA OFICIAL
19.45 EL EXILIO DE GARDEL

MÉRCORES 22 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

- 17.30** VIVER MAL
20.00 HOW TO HAVE SEX / COMO TER SEXO
22.00 PELÍCULA SORPRESA

SALÓN TEATRO

- 17.45** O AUTO DAS ÁNIMAS + PRESENTACIÓN E COLOQUIO
19.45 BASTARDEN / A TERRA PROMETIDA (BASTARDO)
22.15 TRABALHO DE ACTRIZ, TRABALHO DE ACTOR

AUDITORIO DE GALICIA

- 17.00** ARGENTINA, 1985
20.00 HELLZAPOPPIN'/LOUQUILANDIA

XOVES 23 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

- 17.00** O AUTO DAS ÁNIMAS + PRESENTACIÓN E COLOQUIO
19.30 PREMIO CINEUROPA: ANA TORRENT + SOBRE TODO DE NOCHE
22.15 ZIELONA GRANICA / A FRONTEIRA VERDE

SALÓN TEATRO

- 17.00** MAMMALIA
18.45 BÊN TRONG VỎ KÉN VÀNG / INSIDE THE YELLOW COCOON SHELL
22.00 UROTCITE NA BLAGA / LAS LECCIONES DE BLAGA

ZONA C

- 11.00** OBRADOIRO DE CURADORÍA FÍLMICA.
 CON VALENTINA OTORMIN DALL'OGGIO

VENRES 24 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

- 17.30** NU AȘTEPTA PREA MULT DE LA SFÂRȘITUL LUMII / NON AGARDES MOITO DA FIN DO MUNDO
21.00 MARATÓN
 (ACIDE / ÁCIDO + PELÍCULA SORPRESA + VINCENT DOIT MOURIR / VINCENT DEBE MORRER + MÁS NEGRO QUE LA NOCHE + PELÍCULA SORPRESA + THE WICKER MAN / O HOME DE VIME + SETTE NOTE IN NERO / SETE NOTAS EN NEGRO + LOS SUPERVIVIENTES DE LOS ANDES)

SALÓN TEATRO

- 18.00** UROTCITE NA BLAGA / LAS LECCIONES DE BLAGA
20.15 LAS TIERRAS DEL CIELO + PRESENTACIÓN E COLOQUIO
22.30 NOTHING COMPARES

CINEUROPA 37 PROGRAMA POR DÍAS

MULTICINES COMPOSTELA

- 17.00 RAPIÑA
- 19.15 EL CENSOR
- 21.45 EL EXILIO DE GARDEL

SÁBADO 25 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL


- 16.00 LINDA VEUT DU POULET! / LINDA QUERE POLO!
- 17.30 BASTARDEN / A TERRA PROMETIDA (BASTARDO)
- 20.30 CEREMONIA DE CLAUSURA + LE PROCÈS GOLDMAN / O CASO GOLDMAN

SALÓN TEATRO

- 17.15 MEMORY / MEMORIA
- 19.15 QUITTER LA NUIT / ABANDONAR A NOITE
- 21.30 IT'S A MAD, MAD, MAD, MAD WORLD / O MUNDO ESTÁ TOLO, TOLO, TOLO, TOLO

MULTICINES COMPOSTELA

- 17.15 CAPITÁN KÓBLIC
- 19.00 VENENO PARA LAS HADAS
- 21.45 ARGENTINA, 1985



Compostela
Cultura

compostelacultura.gal




CONCELLO DE
SANTIAGO

CINEUROPA 37



PREMIOS CINEUROPA



LUIS
ZAHERA

“Estense tranquilos, que enseguida vendrá la autoridad competente, militar por supuesto”.

Esta frase tan evocadora da noite do gran temor pronúnciaa Luis Zahera trinta anos despois de que a escoitásemos na toma do Congreso dos Deputados o 23-F, cando nun deses tempos mortos nos que o reloxo se suspendía, un capitán da confianza de Antonio Tejero tomou o micro para dirixirse á cámara. Era o 2011 e Luis Zahera interpretaba o capitán Muñecas na película de Chema de la Peña *23-F: A película*.

Jesús Muñecas non foi un dos protagonistas principais dese golpe. Non empuñou a pistola fronte a Landelino Lavilla nin tratou de convencer a Tejero para que o deixase subir á tribuna

cunha lista de goberno de concentración que incluía comunistas e socialistas. Non sacou os tanques á rúa en Valencia nin borboneou na Zarzuela, agardando a que o Elefante Branco sacase a empurróns a súa investidura ou se batese en retirada. Foi un personaxe característico. Lembrámolo por un momento lóstrego e unha frase enigmática para a posteridade. Luis Zahera, o capitán Muñecas da ficción, tamén tivo este intre onde o foco, o *spotlight*, se centraba nel para logo non volver ocupar o centro da escena.

Non estou seguro de que ao falar de Zahera sexa xusto dicir que é un actor *característico*. Un actor de *reparto*. E digo isto aínda sabendo que na nosa cinematografía case todos os grandes, dende López Vázquez ata Sacristán, dende Landa a Fernán-Gómez, comezaron a súa carreira como o que se mal chamaba actores secundarios. Digo isto co coñecemento de que os dous premios Goya que gañou Luis Zahera son como actor de *reparto*. E que os seus catro Mestre Mateo tamén o son nesa mesma categoría. Actor de *reparto*. Pero, que sería da rebelión espartaquista de Luis Tosar en *Celda 211* sen ter de escolta a Releches? Que sería de *El reino* sen a mellor secuencia nun balcón da historia do cinema español? Que sería de Tejero sen o capitán Muñecas? Que sería de *As bestas* sen Xan? Que sería de Coronado sen Ezequiel? Que sería de Portozás sen Petróleo? Que sería de Sorogoyen sen Luis Zahera? Sorogoyen é un rapaz Zahera. Por favor, non invertan os termos. É un pracer apreciar este talento xa non consolidado senón desbordante, valorar que sexa algo así como o home de moda, recordando unha película de Méndez Leite que ten xa 53 anos, porque Zahera gañouno todo a pulso dende hai décadas. Dende as curtas con colegas tolos polo cine como Alber Ponte ou Jorge Coira. Dende as táboas do escenario xunto a Roberto Vidal Bolaño. Dende *Los lunes al sol*. Dende que foi Valle-Inclán ou Lovecraft. O capitán Muñecas ou o outro eu *salao* de Núñez Feijóo. É un talento que se deixou pulir ata chegar a ser unha forza da natureza. E que se expande en cada un dos seus traballos. Mídese xa con colosos do cinema francés como Marina Foy ou Denis Menochet. En Francia aínda non saben se o aman ou o odian, co medo que lles fixo pasar. Pero reverénciano. Aquí querémolo. Querémolo moito porque puidemos ver, paso a paso, o proceso de axigantamento que vai de actor novo de finais do século XX a *besta contemporánea*.

José Luis Losa



ANA TORRENT

Fotografía: Sergio Lardiez

Ana Torrent atrapou na súa mirada de nena de sete anos toda a capacidade hipnótica que o cine era capaz de suxerir, en ofrenda ou en fagocitación, na seminal *El espíritu de la colmena*, do felizmente retornado Víctor Erice. Sobre a aura daquela obra ao redor da cal fluuaba a fascinante vampirización do mundo real feo por parte das fantasías de belas e bestas, intúese que pendía a ameaza de deixar transmutados no celuloide fílmico, atrapados no tempo, engaiolados, os ollos-médium daquela Ana Torrent. Foron moi frecuentes na historia do cine os casos de actores moi novos que se viron aprisionados por aquela imaxe icónica infantil de si mesmos e non se deron liberado desas cadeas de ouro para permitirse o desenvolvemento dunha carreira adulta. Pensen en Shirley Temple, en Freddie Bartholomew (incapaz de sobrepoñerse ao seu personaxe naquel cume do cine de aventuras no mar titulada aquí *Capitanes intrépidos*), en Tatum O'Neal, a actriz máis nova en gañar un Óscar (por *Luna de papel* de Peter Bogdanovich) ou en Linda Blair, nena mártir de *El exorcista*, o filme de terror máis influente nos anais do xénero.

Ana Torrent contou co apoio dese tan intuitivo salvador de rostros esenciais para o cine que foi Carlos Saura. El apuntalou a pervivencia daquela nena no cinema español coa súa participación como unha das tres orfas sometidas á sombra do tardofranquismo de *Cría Cuervos*, Gran Premio do Xurado en Cannes. Pero tamén,

e isto é moito menos recordado, en *Elisa, vida mía*, un dos tantos sauras que se axiganta co tempo, onde Ana Torrent encarnaba a infancia da protagonista, Geraldine Chaplin.

A partir daquela asistimos non só a unha reinvención da nena actriz, senón a un proceso de maduración espontáneo, orgánico. O que vai de compartir planos con dous mestres da actuación como Héctor Alterio ou Luis Politti en *El niño* -que chegou ata a ser candidata ao Óscar e lle supuxo un Premio de Interpretación no entón prestixioso festival de Cine de Montreal-, a participar nunha das óperas magnas de Basilio Martín Patino, *Los paraísos perdidos*.

Logo foi parte esencial das óperas prima de Julio Medem ou Amenábar. Con este último, en *Tesis*, o rostro de Ana Torrent e a súa mirada foron moi astutamente elevados ao epicentro da angustia de supervivencia que percorría o filme. "Me llamo Ángela y me van a matar" era a frase heráldica daquela película que removeu o cine de terror español. E dende o cartel do filme, Amenábar xogaba ao contraplano daqueloutra mirada, a primixenia de Erice, mentres de novo Ana Torrent indagaba nos seus medos mirando o amado monstro.

Con trinta anos subiu ao escenario e interpretou a Shakespeare, a Joe Orton, a Bernard Shaw e Marguerite Yourcenar, a Arrabal ou Jean Genet. Na pantalla foi Yoyes, protomártir da ETA saturnal, e Carmen Polo de Franco, disputándolle o plano a Evita. Tamén Catalina de Aragón nunha superproducción británica, loitando polo trono de Inglaterra contra unha Natalie Portman moi Ana Bolena. Embarcouse con Peter Greenaway naquela epopea sen horizonte final e non pouco fascinante titulada *Las maletas de Tulse Luper*. E así, ata chegar ao presente.

Este 2023 posúe unha significación especial para a carreira de Ana Torrent. Pecha un círculo inaugurado hai medio século. Xunto a Víctor Erice, que a situou diante da cámara para que coñecese a poética e a fascinación das imaxes en movemento. Cincuenta anos despois de aprender que o cine era unha ponte de prata para fuxir de ásperas realidades, Ana Torrent asiste en *Cerrar los ojos* a outra verdade revelada: a pantalla aberta como sanación, como revivificación emotiva. A ese universo case místico retorna a actriz para concelebrar aquela súa infancia, agora recuperada, que conmoveu o mundo. E prodúcese isto no mesmo tempo no que Víctor Iriarte lle ofrenda a Ana unha personaxe delicada e tamén sanadora. A segunda nai dun neno roubado nese xeito de relatar ese acto de xustiza histórica e de reparación dunha ferida aberta que é *Sobre todo de noche*. De novo, o cine como maxia recompoñedora de emocións rotas. O que vai da inocencia truncada daquela nena-médium que Erice descubriu a esta muller de miradas sabias que seguen crendo na sala ás escuras e na luz para operar milagres ou pagás cirurxías da alma.

José Luis Losa



Fotografía: Leonor Teles

JOÃO
CANIJO

Para os afeccionados de Cineuropa non é preciso facer unha carta de presentación de João Canijo. A el dedicámoslle na nosa edición de 2011 unha ampla retrospectiva da súa obra, que contou coa súa presenza e celebrou o alumeamento nese mesmo ano da obra mestra absoluta *Sangue do meu sangue*. Contamos daquela coa presenza do cineasta portugués, autor de películas soberbias no seu tratamento do *noir* a pé de rúa ou de esquina que formaban parte daquela retrospectiva: *Sapatos pretos*, *Ganhar a vida* ou *Noite escura*. E tamén programamos esa lección do traballo de Canijo coas súas actrices e actores chamado *Trabalho de actriz*, *trabalho de actor*, que xiraba arredor da creación de personaxes para o melodrama-río visceral de *Sangue do meu sangue*.

Nestes doce anos transcorridos, lonxe de permanecer inactivo, o director explorou o territorio do documental e os camiños da fe cega relixiosa en torno a Fátima. E por fin, na pasada Berlinale, reapareceu como o autor maior do panorama internacional que xa fluía nas veas de *Sangue do meu sangue*. E fíxoo nada menos que cun díptico, dúas películas que en realidade son unha: *Mal viver e Viver mal*. Nelas, Canijo dálle unha sorprendente volta de folia ao seu cine, concentrado nun marco pechado, ese hotel que é case unha Bernarda Alba. *Mal viver* recibiu o Premio do Xurado en febreiro en Berlín. É un exercicio de estilo maxistral na forma en que xoga cos espazos, coas loitas desas mulleres, que tanto poderían pertencer a Lorca como a Fassbinder. As actrices de João Canijo. Hai que abrir aquí unha paréntese inescusable. Porque a súa complicidade con esas excepcionais do cine portugués que son Rita Blanco, Anabela Moreira ou Beatriz Batarda, entre outras, que son parte do elenco de *Mal viver* e da súa contraparte *Viver mal*, é unha alianza de sabedoría e de tensións artísticas compartidas que só se pode explicar por esta extensión no tempo que fai que a obra de Canijo non se poida concibir sen elas. E que tamén debe tanto aos seus traballos xunto ao cineasta a progresión destas actrices descomunais que son as médiums a través das cales o drama, a traxedia, a paixón, a vida e a morte fan destas dúas películas un momento cume do cine portugués destes tempos.

En Cineuropa ofrecemos *Mal viver* (e a *Estranha forma de vida* das súas personaxes femininas que evoca Amália Rodrigues no fado final) e a súa cara B, *Viver mal*, que se torna en traxicomedia de enredo explicativo e achega luz sobre os claroscuros da primeira. Afundirse en ambas as películas é unha das experiencias cinematográficas máis inmersivas desta tempada. E anuncia a un João Canijo como escenógrafo maior dun melodrama supeditado aquí a un sometemento virtuoso, a unha utilización do fóra de campo como base dese gardián dos segredos que son a casa —coas súas funcións de clase, as súas xerarquías de dominio— e a piscina. É o espléndido crepúsculo das deidades deste fresco fascinante.

José Luis Losa



SECCIONES OFICIAIS

DOCS CINEUROPA

ANSELM - DAS RAUSCHEN DER ZEIT / ANSELM
 ASTRAKAN 79
 LA ESTAFA DEL AMOR
 LOS PAISAJES
 NOTHING COMPARES
 VELOCIDAD DE ESCAPE

NOVAS/OS CINEASTAS

ANIMAL
 ARTURO A LOS 30
 BAAN
 BÊN TRONG VỎ KÉN VÀNG /
 INSIDE THE YELLOW COCOON SHELL
 DIE THEORIE VON ALLEM / A TEORÍA UNIVERSAL
 HOW TO HAVE SEX / COMO TER SEXO
 IL PLEUT DANS LA MAISON / ESTÁ CHOVENDO
 NA CASA
 JAM / SLEEP
 MAMMALIA
 O AUTO DAS ÁNIMAS
 QUITTER LA NUIT / ABANDONAR A NOITE
 RIDDLE OF FIRE / ENIGMA DE LUME

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

ALICIA FAI COUSAS
 CHICHI E MÁIS EU
 DE(S)AMOR
 DEVOCIONES
 DIN QUE NON FALAN
 ESPANTOS E DESENCANTOS
 HABITAR
 HONDARRAK
 HONEYMOON
 LAVADOIRO
 LIQUE
 MARIVÍ, NA PEL DA MEMORIA
 NINGÚN DEUS
 O AUTO DAS ÁNIMAS
 O CAMIÑO DE RAMÓN CHAO. TRALAS PEGADAS
 DE PRISCILIANO
 O NENO SARDIÑA
 OS ESPAZOS EN BRANCO
 PAROLA DE LADO E SOLA
 PONTEVEDRA HORA CERO
 SOBREVIVIR AO TEMPO (UNHA MIRADA
 SOBRE 'VIKINGLAND')

PANORAMA INTERNACIONAL

AKU WA SONZAI SHINAI / O MAL NON EXISTE
 BÊN TRONG VỎ KÉN VÀNG / INSIDE THE
 YELLOW COCOON SHELL
 EL RAPTO
 LOS DELINCUENTES / OS DELINCUENTES
 MANTAGHEYE BOHRANI / ZONA CRÍTICA
 MEMORY / MEMORIA
 PERFECT DAYS / DÍAS PERFECTOS
 PUAN
 THE SURVIVAL OF KINDNESS /
 A SUPERVIVENCIA DA AMABILIDADE

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA


ANATOMIE D'UNE CHUTE / ANATOMÍA DUNHA
 CAÍDA
 BASTARDEN / BASTARDO
 DAS LEHRERZIMMER / SALA DE PROFESORES
 FEMME
 HERE / AQUÍ
 IO CAPITANO / EU CAPITÁN

KUOLLEET LEHDET / FOLLAS DE OUTONO
 LA CHIMERA / A QUIMERA
 LA PASSION DE DODIN BOUFFANT /
 A LUME MANSO
 LA ÚLTIMA NOCHE DE SANDRA M.
 LAS TIERRAS DEL CIELO
 LE PROCÈS GOLDMAN / O CASO GOLDMAN
 MAL VIVER
 NU AȘTEPTA PREA MULT DE LA SF RȘITUL LUMII /
 NON AGARDES MOITO DA FIN DO MUNDO
 ROTER HIMMEL / AFIRE - O CEO VERMELLO
 SOBRE TODO DE NOCHE
 UROTCITE NA BLAGA / AS LECCIÓNS DE BLAGA
 VIVER MAL
 ZIELONA GRANICA / A FRONTEIRA VERDE



CINEUROPA 37

SECCIONES OFICIAIS



PROYECCIONES ESPECIAIS:

INAUGURACIÓN E CLAUSURA

INAUGURACIÓN

XOVES 9, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL

PUAN (2023)

María Alché, Benjamín Naishtat

Arxentina, Italia, Alemaña, Francia, Brasil / 111 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Marcelo Subiotto, Julieta Zylberberg, Alejandra Flechner, Mara Bestelli, Leonardo Sbaraglia

Ficha técnica:

• **Guión:** María Alché, Benjamín Naishtat

• **Fotografía:** Hélène Louvart

• **Edición:** Livia Serpa

• **Producción:** Federico Eibuszyc, Bárbara Sarasola Day, Bárbara Francisco Mendivil

Sinopse:

Marcelo dedica a súa vida ao ensino de filosofía na Universidade de Bos Aires. Cando o profesor Caselli, o seu mentor, morre inesperadamente, Marcelo asume que herdará o posto de titular de cátedra que queda vacante. O que non imaxina é que Rafael Sujarchuk, un carismático e sedutor colega, regresará do seu pedestal nas universidades europeas para disputar esa mesma cátedra. Os torpes esforzos de Marcelo por demostrar que é o mellor candidato desencadearán un duelo filosófico, mentres a súa vida e o país entran nunha espiral de caos.

María Alché (Bos Aires, Arxentina). Gañou coa súa primeira longametraxe, *Familia sumergida* (2018), o Premio Horizontes en San Sebastián.

Benjamín Naishtat (Bos Aires, Arxentina). Obtivo a Cuncha de Prata á mellor dirección en San Sebastián coa súa terceira longametraxe, *Rojo* (2018), que tamén foi galardoada cos premios ao mellor actor e á mellor fotografía.

PREMIO DO XURADO AO MELLOR GUIÓN E Á MELLOR INTERPRETACIÓN PROTAGONISTA EN SAN SEBASTIÁN 2023



CLAUSURA

SÁBADO 25, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL

LE PROCES GOLDMAN O CASO GOLDMAN (2023)

Cédric Kahn

Francia / 116 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Arieh Worthalter, Arthur Harari, Stéphan Guérin-Tillié

Ficha técnica:

• **Guión:** Nathalie Hertzberg, Cédric Kahn

• **Fotografía:** Patrick Ghiringhelli

• **Edición:** Yann Dedet

• **Producción:** Nathalie Dennes, Benjamin Elalouf, Cédric Kahn

Sinopse:


En 1975 celébrase o xuízo de Pierre Goldman, unha apaixonada e controvertida figura do activismo de esquerda revolucionaria. Culpado de numerosos cargos, Goldman proclama a súa inocencia nunha acusación de dobre asasinato. Vinte anos antes do caso de OJ Simpson, o xuízo de Goldman reflicte as tensións políticas, ideolóxicas e raciais que marcaron os anos 70 en Francia e Europa. Considerado daquela como o xuízo do século, dividiu a todo un país e ampliou a fenda entre a dereita conservadora e os intelectuais de esquerda.

Cédric Kahn (Crest, Francia). En 1991, tras dúas curtametraxes, dirixiu a súa primeira longametraxe, *Bar des rails*, seleccionada no Festival de Venecia. Tres anos despois, a súa segunda película, *Trop de bonheur*, foi seleccionada na Quincena de Realizadores do Festival de Cannes, onde obtivo o premio Jean Vigo. *L'Ennui* (1998), *Roberto Succo* (2001), *Regrets* (2009) ou *Wild life* (2014) son outros filmes da súa autoría.



DOCS CINEUROPA

Non existe barreira ou muro impenetrable entre o cinema de ficción e o documental. Ambos son vasos comunicantes diso que entendemos como transmisión de emocións afastadas da truculencia. O público do noso festival sábese moi ben. Aquí alzáronse en máis dunha ocasión co Premio do Público obras de estirpe documental das que agora lembramos *Los niños de Rusia*, de Jaime Camino. Sen ir máis lonxe, na edición do pasado ano este mesmo premio



foi para esa xema da memoria audiovisual titulada *El caso Padilla*, que nos introducía con impudicia abraiante naquela sala da Casa das Américas nas que a revolución cubana perdeu a inocencia.

Na programación deste Cineuropa 2023 aparece a sinatura de Wim Wenders —nos últimos anos moi dado a incursións no formato con obras tan estimables como *Pina*— centrado na arte pictórica e escultórica de Anselm Kiefer. Moito máis apegada ao presente, regresa a Cineuropa *La estafa del amor*, de Virginia García del Pino, da cal podemos ver en Cineuropa *El jurado* ou *Basilio Martin Patino, la última carta*. Na súa nova proposta, García del Pino presentará ao público o estado das cousas da sedución nos tempos de Tinder. Unha chiscadela ao Pasolini de *Enquisa sobre o amor* sobre o cal a autora debaterá en directo co público de Cineuropa.

Tamén sobre o (des)amor e sobre como xestionalo ou reconvertelo trata Carmen Torres en *Velocidad de escape*, un exemplo non egocéntrico de cinema do eu, a partir do que foi a relación amorosa da directora coa súa compañeira e a forma en que esta evolucionou despois da ruptura. Completan a sección propostas chegadas de Arxentina e Portugal, ademais do gran documental sobre Sinnead O'Connor *Nothing compares*.

LUNS 13, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL

VENRES 17, 16.30 | NUMAX

**ANSELM - DAS RAUSCHEN DER ZEIT
ANSELM (2023)**

Wim Wenders


Alemaña / 93 min / Documental / Alemán, inglés

Ficha artística:Anselm Kiefer, Daniel Kiefer, Anton Wenders,
Ingeborg Bachmann**Ficha técnica:**•**Fotografía:** Franz Lustig•**Música:** Leonard Küßner•**Edición:** Maxine Goedicke•**Produción:** Karsten Brünig, Stephan Mallmann,
Jeremy Thomas**Sinopse:**

Esta experiencia cinematográfica única afonda no traballo dun artista e revela o camiño da súa vida, a súa inspiración e o seu proceso creativo. Explora a súa fascinación polo mito e pola historia. Pasado e presente entretécense para esvaer a liña entre o cinema e a pintura, o que lle permite ao público mergullarse por completo no extraordinario mundo de Anselm Kiefer, un dos máis grandes artistas contemporáneos. Wim Wenders tomou este retrato único ao longo de dous anos nun impresionante 3D.

Wim Wenders (Dusseldorf, Alemaña). Logo de botar unha tempada en París, en 1967 Wenders volveu a Alemaña e traballou na oficina de Dusseldorf da United Artists. Ao tempo, ingresou na Escola de Cinema e Televisión alemá. Nos tres anos que estudou na escola, traballou tamén como crítico de cinema para diversas revistas e xornais. A que se considera a súa primeira longametraxe é *O medo do porteiro ante o penalti* (1971). *O amigo americano* (1977), *Lóstrego sobre a auga* (1980), *O estado das cousas* (1982), *París, Texas* (1982), *O ceo sobre Berlin* (1987) ou *Tan lonxe, tan preto!* (1993) son só algúns dous seus títulos máis recoñecidos.

CANDIDATA AO PREMIO GOLDEN EYE NO FESTIVAL DE CANNES 2023



XOVES 16, 19.15 | NUMAX

LUNS 20, 17.00 | SALÓN TEATRO

ASTRAKAN 79 (2023)

Catarina Mourão

Portugal / 64 min / Ficción / Portugués, ruso

Ficha artística:

Martim Santa Rita, Masari, Mateus M Santa Rita

Ficha técnica:•**Guión:** Catarina Mourão•**Fotografía:** Paulo Menezes•**Edición:** Pedro Mateus Duarte•**Produción:** Tiago Hespanha, Luisa Homem, Anastassia Kortsinskaja, João Matos, Catarina Mourão, Susana Nobre, Leonor Noivo, Pedro Pinho**Sinopse:**

Martim, de 57 anos, lembra a súa estadia de un ano e medio na Unión Soviética en 1979. Ten 15 anos e é un neno de aspecto inocente. Os seus pais, militantes do Partido Comunista, pensan que o mandan a un lugar seguro, a unha sociedade á altura de todos os seus ideais. Martim viaxa en tren de Moscova a Astracán, a través do delta do Volga, cruzando o mar Caspio e chegando a Acerbaixán. Pasa á clandestinidade, deixa a escola e namórase. O ideal comunista inculcado polos seus pais pérdese. Corenta anos despois, Martim decide contarlle todo por primeira vez ao seu fillo, unha historia convertida nun tabú familiar.

Catarina Mourão (Lisboa, Portugal). Estudou leis, música e cinema. Foi a fundadora de AporDoc (Asociación do Documental Portugués) e é docente cinematográfica dende 1998. No ano 2000 creou Laranja Azul con Catarina Alves Costa, unha produtora independente de cinema. Nese contexto dirixiu os seus primeiros filmes, que foron presentados e galardoados en diversos festivais internacionais de cinema. As súas áreas principais de interese son o documental, a memoria, os sonhos, o traballo co material de arquivo e a autobiografía.

PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN DA COMPETENCIA ESTATAL NO INDIELISBOA 2023



LUNS 20, 20.30 | NUMAX

MARTES 21, 16.20 | NUMAX

LA ESTAFA DEL AMOR (2023)

Virginia García del Pino

España / 75 min / Documental / Español

Ficha técnica:•**Fotografía:** Virginia García del Pino•**Música:** Giuseppe Truppi•**Edición:** Ariadna Ribas•**Produción:** Mario Madueño, Fernando Franco,
Jorge Caballero**Sinopse:**

Un grupo de persoas, un tema para debater —a detención dun sedutor profesional— e a cámara sempre vixiante de Virginia García del Pino. *La estafa del amor* é a suma deses tres elementos, unha película en directo na que a premissa inicial permite lanzar unha reflexión colectiva sobre namoramentos, romanticismos e demais arestas do corazón humano. Rodado ao longo de dúas fins de semana na Cineteca de Madrid, o filme actualiza e reformula a *Enquisa sobre o amor* de Pasolini para abordar as relacións na era de Tinder e Instagram nun cruzamento de socioloxía, antropoloxía e cinema articulado arredor da figura dese sedutor.

Virginia García del Pino (Barcelona). Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona, alternou o seu traballo en cinema con formatos como a performance ou a videocreación. A súa filmografía —que percorreu festivais como os de San Sebastián, FID Marsella, MiradasDoc, FIC Valdivia ou Mar do Prata, entre outros—, inclúe as curtas *Mi hermana y yo* (2009), *Improvisaciones de una ardilla* (2017) e *Respirar, correr, mirar* (2019), a mediometraje *Sí, señora* (2012) e as longas *El jurado* (2012), *Basilio Martín Patino. La décima carta* (2014) e *La estafa del amor* (2023).



LUNS 13, 22.00 | NUMAX

LOS PAISAJES (2022)

Hernán Fernández

Arxentina / 64 min / Ficción / Ucraíno

Ficha artística:

Tamara Zhurba, Valentyna Berenda

Ficha técnica:•**Guión:** Hernán Fernández, Constanza Sandoval•**Fotografía:** Mariano Maximovicz•**Edición:** José Goyeneche•**Produción:** Macarena Herrera Bravo, Analía Vargas Silva**Sinopse:**

O frío inverno atopa a poeta ucraína Tamara Zhurba prostrada nunha aldea perdida no medio da selva abafante. Valentyna, a súa única filla, ocúpase dela e dos poucos animais dunha pequena granxa, mentres debuxa as súas lembranzas en follas soltas. O destino semella estar borroso, como as memorias dun vello poema que se agocha nunha paisaxe escura.

Hernán Fernández (Bos Aires, Arxentina). Graduado da Escola Nacional de Experimentación e Realización Cinematográfica (ENERC) de Arxentina. Dirixiu as longametraxes *La piel marcada* (2016) e *El llanto* (2018). Ademais, exerceu como montador en películas como *Monstruo Dios* (2019) —que obtivo unha mención especial do xurado no 72º Festival de Cannes—, e *Matar a la bestia* (2021), ambas as dúas dirixidas por Agustina San Martín.

PANORAMA DE LONGAMETRAXES INTERNACIONAIS NO FESTIVAL CINEMATográfico INTERNACIONAL DO URUGUAI 2023

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CINEMA IBEROAMERICANO DE TRIESTE 2023



VENRES 24, 22.30 | SALÓN TEATRO

NOTHING COMPARES (2022)**Kathryn Ferguson**

Reino Unido, Irlanda / 97 min / Documental / Inglés

Ficha técnica:•**Guión:** Kathryn Ferguson, Ellie Emptage, Michael Mallie•**Fotografía:** Luke Jacobs•**Edición:** Mick Mahon•**Produción:** Charlotte Cook, Eleanor Emptage, Michael Mallie, Lesley McKimm, Lucy Pullin, John Reynolds, Lisa Marie Russo**Sinopse:**

A historia do asombroso ascenso á fama mundial de Sinéad O'Connor e de como a súa personalidade iconoclasta a levou ao exilio do ámbito *mainstream* da música pop. Centrándose nas súas palabras e accións proféticas de 1987 a 1993, o filme reflexiona sobre o legado desta intrépida pioneira a través dunha perspectiva feminista contemporánea.

Kathryn Ferguson (Belfast, Irlanda). Estudou no Central Saint Martins e no Royal College of Art. Logo de dez anos realizando curtas, demostrou un compromiso co traballo documental centrado na identidade, a política de xénero e a comunidade. Amais do seu labor como documentalista, Ferguson tamén exerce como directora para distintas entidades e colaborou con clientes como Nike, Selfridges, Girls Who Code, Amnistía Internacional, Dove e Air France. *Nothing compares* é a súa primeira longametraxe.

🏆 CAÑADORA DO PREMIO AO MELLOR DOCUMENTAL NO BRITISH INDEPENDENT FILM AWARDS 2022

🏆 SECCIÓN OFICIAL DE DOCUMENTAIS INTERNACIONAIS NO FESTIVAL DE SUNDANCE 2022



LUNS 13, 22.00 | SALÓN TEATRO

XOVES 16, 22.00 | SALÓN TEATRO

VELOCIDAD DE ESCAPE (2022)**Carmen Torres**

Colombia, España, Argentina / 77 min / Documental / Español


Ficha artística:

Tot Romero e Carmen Torres

Ficha técnica:•**Guión, fotografía e montaxe:** Carmen Torres**Sinopse:**

Tot está en pleno romance con M. cando esta decide, de súpeto, romper con todo. A partir daquela, Tot atravesará o dó que segue a ruptura. Ela compartirá os seus pensamentos e emocións con honestidade e sentido do humor. No entanto, a relación de Tot e a directora desvela unha amizade profunda e duradeira: Tot e Torres foron amantes no pasado e hoxe son grandes amigas. Así, *Velocidad de escape* explora o amor entre mulleres, relacións que se transforman, corazóns rotos e amizades que perduran. Pero, sobre todo, amosa que a vida son momentos e que ao final todo acaba saíndo ben.


Carmen Torres (Bogotá, Colombia). Cineasta, guionista e directora de fotografía argentino-colombiana. A súa primeira longametraxe documental, *Amanecer* (2018), explorou a construción da identidade persoal e o sentido de pertenza. Gañou o Premio á Mellor película colombiana no Festival Internacional de Cinema de Cartaxena de Indias e Mención Especial en DocLisboa. Foi directora de fotografía en *Oleg y las raras artes* (Andrés Duque, 2015) e de *Los rubios* (Albertina Carri, 2003). *Velocidad de escape* é a súa segunda longametraxe.



SE PRECISAS MÁIS INFORMACIÓN OU QUERES
MERCAR AS TÚAS ENTRADAS FÍSICAMENTE,
VISÍTANOS NA ZONA C.

CINEUROPA 37

SECCIÓNS OFICIAIS



NOVAS/OS CINEASTAS

Esta é a terceira edición de Cineuropa como festival internacional competitivo. Xa predeu no público a idea de que entre estas primeiras ou segundas películas —indo máis aló das grandes firmas ou dos títulos aos os precede a súa sona— se atopan as verdadeiras sorpresas da programación. Sorpresas que tampouco chegan precisamente sen avais. Proceden do *Panorama* ou dos *Encounters* da Berlinale; da súa consagración en Cannes, vía os triunfos absolutos na *Semana*, a *Quincena* ou *Un Certain Regard*; do palmarés de Locarno, da loita polo León de Ouro de Venecia ou dos seus *Giornate degli Autori*. Cinema procedente de Grecia ou Romanía, de Alemaña ou Francia, de Tailandia, Corea do Sur, Arxentina, Reino Unido, Bélxica, Estados Unidos ou Galicia. O palmarés do xurado oficial coñecerase na clausura. Namentres, non perdan unha destas doce películas que están entre o cinema máis intenso da tempada.

LUNS 13, 19.30 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 18, 18.30 | NUMAX

ANIMAL (2023)

Sofía Exarchou

Grecia / 117 min / Ficción / Grego, inglés, alemán, polaco

Ficha artística:

Dimitra Vlagopoulou, Flomaria Papadaki, Ahilleas Hariskos

Ficha técnica:

·**Guión:** Sofía Exarchou

·**Fotografía:** Monika Lenczewska

·**Edición:** Dragos Apetri

·**Produción:** Maria Drandaki, Stelios Kammitis, Maria Kontogianni, Vicky Miha, Kyveli Short, Laura Sterian, Ivan Tonev, Lukas Valenta Rinner, Anna Zografou

Sinopse:

Baixo o cálido sol grego e nas abafantes noites dun verán eterno, a historia dun grupo de animadores desenvólvese devagar entre xogos divertidos, espectáculos de baile e encontros nocturnos tras o escenario.

Sofía Exarchou (Atenas, Grecia). No 2014 foi seleccionada para o Laboratorio de Guionistas e Directores de Sundance. *Park* (2016), a súa primeira longametraxe, foi amplamente aclamada tras a súa estrea no International Film Festival de Toronto e no Festival de San Sebastián, onde gañou o Premio Novos Directores. *Animal* é a súa segunda longa.

🏆 CANDIDATO AO MELLOR FILME NO FESTIVAL DE LOCARNO 2023

🏆 PREMIO Á MELLOR ACTUACIÓN PARA DIMITRA VALGOPOULOU NO FESTIVAL DE LOCARNO 2023



SÁBADO 18, 20.15 | SALÓN TEATRO
MARTES 21, 20.00 | SALÓN TEATRO

ARTURO A LOS 30 (2023)

Martín Shanly

Arxentina / 92 min / Ficción / Español, inglés

Ficha artística:

Martín Shanly, Camila Dougall, Julia Azcurra, Ivo Colonna Olsen, Paul Grinszpan

Ficha técnica:

·**Guión:** Martín Shanly, Ana Godoy, Federico Lastra, Victoria Marotta

·**Fotografía:** Federico Lastra

·**Edición:** Ana Godoy


·**Produción:** Jerónimo Quevedo, Victoria Marotta, Paloma Torras, Franco Bacchiani

Sinopse:

Arturo asiste á voda do seu ex mellor amigo. Na viaxe en coche entre a igrexa e o club onde se celebra a festa, vese involucrado nun estraño accidente do que dá saída ileso. A partir daquela, unha serie de lembranzas comezan a aparecer en forma de *flashbacks* que inclúen eventos recentes significativos pero mundanos. Ao se intoxicarse con alcol e marihuana, o pasado e mais o presente fúsiónanse de xeito incómodo, obrigándoo a afrontar dós pendentes e mais os aspectos máis escuros da súa personalidade.

Martín Shanly (Bos Aires, Arxentina). É un actor e director novo que debuta na longametraxe con esta película. Procedente do mundo do teatro, estudou cinema na Universidade do Cinema da súa cidade natal. No 2014 debutou con *Juana a los 12*. *Arturo a los 30* é a súa segunda longametraxe.

🏆 MELLOR DIRECTOR NA COMPETENCIA ARXENTINA DE BAFICI 2023
🏆 SECCIÓN FÓRUM DA BERLINALE 2023



DOMINGO 19, 22.00 | SALÓN TEATRO
MARTES 21, 18.00 | SALÓN TEATRO

BAAN (2023)

Leonor Teles

Portugal / 102 min / Ficción / Portugués, inglés

Ficha artística:

Carolina Miragaia, Meghna Lall

Ficha técnica:

·**Guión:** Leonor Teles, Ágata de Pinho, Francisco Mira Godinho

·**Fotografía:** Leonor Teles

·**Edición:** Livia Serpa, Sandra T.


·**Produción:** Filipa Reis

Sinopse:

Cando deixas de sentir o teu lar como tal, deambular convértese en rutina. O tempo, o espazo e as emocións estoupán, mesturando Lisboa con Bangkok. O pasado, o presente ou se cadra o futuro entretécen unha historia que comeza cando L coñece a K.

Leonor Teles (Vila Franca de Xira, Portugal). Graduouse en dirección e cinematografía na Escola Superior de Teatro e Cinema e ten un mestrado en audiovisual e multimedia da Escola Superior de Comunicación Social do Instituto Politécnico de Lisboa. No 2016 converteuse na directora máis nova en recibir un Oso de Ouro a curtametraxes na Berlinale. Traballou como directora de fotografía nos filmes *Mal viver* e *Viver mal* de João Canijo.

🏆 CANDIDATA A MELLOR FILME NO FESTIVAL DE CINEMA DE LOCARNO 2023
🏆 GAÑADORA DA SECCIÓN NOVAS VISIÓNS DO FESTIVAL DE REIKIAVICK 2023



XOVES 23, 18.45 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 11, 18.45 | NUMAX

BÊN TRONG VỎ KÉN VÀNG INSIDE THE YELLOW COCOON SHELL (2023)

Phạm Thiên Ân

Vietnam, Singapur, Francia, España / 182 min / Ficción / Vietnamita, inglés

Ficha artística:

Lê Phong Vũ, Nguyễn Thị Trúc Quỳnh, Nguyễn Thịnh, Vũ Ngọc Mạnh

Ficha técnica:

·**Guión:** Phạm Thiên Ân

·**Fotografía:** Đinh Duy Hưng

·**Edición:** Phạm Thiên Ân

·**Produción:** Trần Văn Thi, Jeremy Chua

Sinopse:

Logo de a súa cuñada morrer nun estraño accidente de moto en Saigón, Thien asume a tarefa de levar o seu corpo de volta á súa aldea no campo. É unha viaxe na que tamén leva o seu sobriño Dao, de 5 anos, que sobreviviu de xeito milagroso ao accidente. Entre as paisaxes místicas do Vietnam rural, Thien comeza a procura do seu irmán maior, que desapareceu hai anos, para lle entregar a Dao, nunha viaxe que cuestiona fundamentalmente a súa fe.

Phạm Thiên Ân (Lam Dong, Vietnam). Antes de se embarcar no cinema, graduouse na Universidade Lotus cun diploma en Tecnoloxía da Información. Mudouse a Houston no 2015, onde continúa a traballar como realizador independente. A súa curtametraxe *The Mute* (2018) percorreu múltiples festivais (Winterthur, Palms Spring, Uppsala, Encounters...). *Inside the yellow cocoon shell* é a súa ópera prima.

🏆 GAÑADORA DO PREMIO Á MELLOR ÓPERA PRIMA NO FESTIVAL DE CANNES 2023



DOMINGO 19, 22.15 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 20, 21.00 | SALÓN TEATRO

DIE THEORIE VON ALLEM A TEORÍA UNIVERSAL (2023)

Timm Kröger

Alemaña, Austria, Suíza / 118 min / Ficción / Alemán, francés, italiano, inglés

Ficha artística:

Jan Bülow, Olivia Ross, Hanns Zischler, Gottfried Breitfuß, David Bennent

Ficha técnica:

•**Guión:** Roderick Warich, Timm Kröger
 •**Fotografía:** Roland Stuprich
 •**Edición:** Jann Anderegg
 •**Produción:** David Bohun, Sarah Born, Tina Börner, Heino Deckert

Sinopse:

Ano 1962. Johannes Leinert e mais o seu titor da tese de doutoramento viaxan a un congreso de física nos Alpes suízos, onde un científico iraniano vai revelar unha "revolucionaria teoría da mecánica cuántica". Pero cando os físicos chegan ao hotel, o convidado iraniano non aparece por ningures.

Timm Kröger (Itzehoe, Alemaña). Formado na disciplina da dirección de fotografía, debutou como director no 2014 coa premiada longametraxe de ficción *O concilio dos paxaros*. *A teoría universal* é a súa segunda longa.

🏆 CANDIDATA AO LEÓN DE OURO DO FESTIVAL DE VENECIA 2023

🏆 PREMIO DA CRÍTICA JOSÉ LUIS GUARNER Á MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE SITGES 2023



SÁBADO 11, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
MÉRCORES 22, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL

HOW TO HAVE SEX COMO TER SEXO (2023)

Molly Manning Walker

Reino Unido / 91 min / Ficción / Inglés, español

Ficha artística:

Mia McKenna-Bruce, Lara Peake, Shaun Thomas, Samuel Bottomley, Enva Lewis

Ficha técnica:

•**Guión:** Molly Manning Walker
 •**Fotografía:** Nicolas Canniccioni
 •**Edición:** Fin Oates
 •**Produción:** Ivana MacKinnon, Emily Leo, Konstantinos Kontovrakis

Sinopse:

Tres adolescentes británicas, Zara, Em e Skye, viaxan a Creta para perderen a virxindade. As mozas queren pasar o mellor verán das súas vidas, bebendo, festexando e moceando, pero tamén enfrontan a presión dos seus compañeiros. O filme examina a violencia sexual á que se teñen que enfrontar as rapazas en festas orxiásticas durante estes "ritos de iniciación" tipicamente británicos.

Molly Manning Walker (Londres, Reino Unido). Formouse como directora de fotografía e obtivo un mestrado en fotografía cinematográfica no 2019, na británica National Film and Television School. O seu debut como directora foi no 2020 coa curta *Good thanks, you?*, estreada na Semana da Crítica de Cannes e proxectada en múltiples festivais. *How to have sex* é a súa ópera prima.

🏆 GAÑADORA DA SECCIÓN UN CERTAIN REGARD DO FESTIVAL DE CANNES 2023

🏆 PREMIO PILAR MIRÓ Á MELLOR DIRECCIÓN NOVA NA SEMINCI 2023



VENRES 17, 18.00 | SALÓN TEATRO
DOMINGO 19, 20.15 | NUMAX

IL PLEUT DANS LA MAISON ESTÁ CHOVENDO NA CASA (2023)

Paloma Sermon-Daï

Bélxica, Francia / 82 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Makenzy Lombet, Purdey Lombet, Donovan Nizet, Amine Hamidou

Ficha técnica:

•**Guión:** Paloma Sermon-Daï
 •**Fotografía:** Frédéric Noirhomme
 •**Edición:** Thijs Van Nuffel
 •**Produción:** Sébastien Andres, Alice Lemaire

Sinopse:

Purdey, de dezasete anos, e mais o seu irmán Makenzy, de quince, viven sós e tentan desenvolverse como poden. Purdey traballa de limpadora nun complexo hostaleiro e Makenzy consegue algúns cartos roubándolles aos turistas. Entre a despreocupación da adolescencia e a dureza da vida adulta, os dous irmáns terán que se apoiar mutuamente nun verán queimón que parece que vai ser o último da súa mocidade.

Paloma Sermon-Daï (Namur, Bélxica). Licenciouse en estudos de imaxe na Haute École Libre de Bruxelles. A súa película de graduación, *Makenzy*, foi seleccionada en Visions du Réel no 2017. No 2020 dirixiu a súa primeira longametraxe documental, *Petit samedi*. A película tivo a súa estrea mundial na sección Berlinale Forum 2020 e acadou numerosos galardóns internacionais. *Il pleut dans la maison* é a súa primeira longa de ficción.

🏆 SELECCIONADA NA SEMANA DA CRÍTICA DO FESTIVAL DE CANNES 2023



LUNS 13, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 17, 22.00 | SALÓN TEATRO

JAM SLEEP (2023)

Jason Yu

Corea do Sur / 95 min / Ficción / Coreano

Ficha artística:

Lee Sun-kyun, Jung Yu-mi

Ficha técnica:

•**Guión:** Jason Yu
 •**Fotografía:** Tae-soo Kim
 •**Edición:** Meeyeon Han
 •**Produción:** Yu Jin Shin

Sinopse:

Unha muller embarazada preocupase polos hábitos de sono do seu home. O que comeza como un lixeiro somnambulismo, axiña se converte nun comportamento sorprendentemente ameazador e grotesco. Logo de consultar cunha clínica do sono sen éxito, a parella buscará desesperada a axuda dun xamán. Terror claustrofóbico e doméstico nunha das grandes sensacións da pasada Semana da Crítica de Cannes.

Jason Yu (Seúl, Corea do Sur). Comeza a cultivar o seu interese pola narración nas clases de escritura creativa da universidade. Consume innumerables películas durante os seus anos de servizo militar, consolidando aínda máis o seu amor polo oficio. Fórmase como asistente de dirección de Bong Joon-ho e realiza traballos puntuais para Lee Chang-don. *Sleep* é a súa ópera prima.

🏆 SEMANA DA CRÍTICA DE CANNES 2023

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2023



VENRES 10, 22.15 | SALÓN TEATRO
XOVES 23, 17.00 | SALÓN TEATRO

MAMMALIA (2023)

Sebastian Mihăilescu

Romanía, Polonia, Alemaña / 88 min / Ficción / Romanés

Ficha artística:

István Téglás, Mălina Manovici, Denisa Nicolae

Ficha técnica:

·**Guión:** Andrei Epure, Sebastian Mihăilescu

·**Fotografía:** Barbu Balasoiu

·**Edición:** Catalin Cristutiu

·**Produción:** Malgorzata Bereznicka, Horia Calugareanu, Diana Caravia, Nina Frese, Vlad Grajdan, Diana Paroiu, Ewa Puszczynska, Andreas Roald, Antoine Simkine, Ada Solomon, Dan Wechsler, Jamal Zeinal Zade

Sinopse:

Camil, de trinta e nove anos, embárcase nunha viaxe onírica na que se fusiona o banal e o surrealista. Loitando por aceptar a perda de control sobre o seu traballo, o seu status social e a súa relación, emprende unha procura que o leva a cuestionar as bases da súa identidade como home. Persegue a súa parella nun mundo cada vez máis estrambótico e desacougante antes de se enfrontar a un cambio de roles traxicómico que o leva a cuestionalo absolutamente todo.

Sebastian Mihăilescu (Făgăraș, Romanía). Estudou informática antes de se graduar na Universidade Nacional de Teatro e Cinema de Bucarest. Traballa como guionista, director e produtor. Tras o documental *You are Ceaușescu to me* (2021), *Mammalia* é a súa segunda longametraxe, a primeira de ficción.

SELECCIONADA NA SECCIÓN PANORAMA NO FESTIVAL DE BERLÍN 2023



MÉRCORES 22, 17.45 | SALÓN TEATRO
XOVES 23, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL

O AUTO DAS ANIMAS (2023)

Pablo Lago Dantas

Galicia / 73 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Alicia Alján, Santiago Eiroa, Núria Dantas, Manuel Lago, Pablo Lago

Ficha técnica:

·**Guión e fotografía:** Pablo Lago Dantas

·**Música:** BJ Nilsen

·**Edición:** Juan Carrano

·**Produción:** Diana Toucedo Films

Sinopse:

Nunha pequena aldea galega, a familia de Pablo vive apegada ás súas antigas tradicións e crenzas. Sentindo que non encaixaba no seu mundo, Pablo marchou hai 20 anos para converterse en cineasta. Pero, a medida que tanto el como a súa familia avellentan, un sentimento de inquedaanza comeza a facerse máis forte nel, instándoo a retornar á casa para se enfrontar ás pantasma do pasado e atopar respostas no pouco tempo que lles queda xuntos.

Pablo Lago Dantas (Redondela, Galicia). Foi candidato á mellor fotografía en Camerimage por *The Six Degrees of Freedom* (2019) e conta con películas que chegaron a máis dun cento de seccións oficiais en prestixiosos festivais internacionais. Fascinado polo subconsciente, utiliza as súas conexións galegas co mito e os rituais para agregar capas e profundidade ao mundano. *O auto das animas* é o seu primeiro filme como director.

SECCIÓN OFICIAL EN VISIONS DU RÉEL 2023



SÁBADO 18, 22.00 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 25, 19.15 | SALÓN TEATRO

QUITTER LA NUIT ABANDONAR A NOITE (2023)

Delphine Girard

Bélxica, Francia, Canadá / 108 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Selma Alaoui, Veerle Baetens, Guillaume Duhesme

Ficha técnica:

·**Guión:** Delphine Girard

·**Fotografía:** Juliette Van Dormael

·**Edición:** Damien Keyeux

·**Produción:** Fanny Drew, Sarah Mannering

Sinopse:

A festa arruínase cando Dary agride a Aly. Aly chama á policía e é Anna quen responde e consegue evitar que a agresión vaia a máis. Ao día seguinte, Aly trata de seguir coa súa vida como se nada pasase e relativiza os efectos da agresión. Dary trata de se autoconvencer dunha versión dos feitos que non lle quita o sono. Anna fai por seguir involucrada no asunto. Comeza o xuízo. Que consegue a xustiza? Que se pode reparar?

Delphine Girard (Longueuil, Canadá). Estudou Dirección de Cinema no Institut Supérieur des Arts de Bruxelas (INSAS). A súa curtametraxe de graduación, *Monstre* (2014) recibiu numerosos premios nacionais e internacionais. Dirixiu despois *Caverne* (2016) e *A sister* (2018), que obtivo unha candidatura aos premios Óscar como mellor curtametraxe. *Abandonar a noite* é a súa primeira longametraxe.

SELECCIONADA EN GIORNATE DEGLI AUTORI NO FESTIVAL DE VENEZIA 2023
SELECCIONADA EN ZABALTEGI-TABAKALERA NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2023



SÁBADO 11, 19.45 | SALÓN TEATRO
DOMINGO 19, 18.00 | SALÓN TEATRO

RIDDLE OF FIRE ENIGMA DE LUME (2023)

Weston Razooli

Estados Unidos / 114 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Lio Tipton, Francis Halford, Danielle Hoetmer

Ficha técnica:

·**Guión:** Weston Razooli

·**Fotografía:** Jake L. Mitchell

·**Edición:** Weston Razooli

·**Produción:** David Atrakchi, Gaël Cabouat, Jordan Goldnadel, Donna Gruneich, Sophie Meister, Boris Mendza, Sohrab Mirmont, Weston Razooli, Lio Tipton

Sinopse:

Era unha vez tres rapaces que intentaban descifrar o control parental da súa videoconsola e dar coa receita da torta de arandos perfecta. Era una vez unha seita de cazadores furtivos que non paraban de discutir e unha nena cun don élfico.


Weston Razooli (Utah, Estados Unidos). Asistiu ao California College of the Arts en San Francisco, onde estudou ilustración, deseño gráfico e deseño de moda coa intención de aplicar estes medios ao cinema. No 2015 fundou Anaxia, unha produtora con sede en Los Ángeles. *Riddle of Fire* é a súa ópera prima.

MENCIÓN ESPECIAL COMO MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE SITGES 2023
SELECCIONADA NA QUINCENA DOS REALIZADORES DO FESTIVAL DE CANNES 2023



CINEUROPA 37

SECCIÓNS OFICIAIS



PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

No seu momento, na primeira década deste século, en Cineuropa apostamos firmemente polos indicios de que en Galicia afloraba unha xeración de miradas poderosísimas. Seguimos naquel momento as primeiras curtametraxes de Oliver Laxe ou de Lois Patiño e inauguramos a edición de 2007 coa primeira longa de Alfonso Zarauza. Os tres son xa posuídores do Premio Cineuropa, xunto ao primixenio Alberte Pagán. Nesta edición continuamos o seguimento dalgún dos pioneiros do Novo Cinema Galego como Ángel Santos ou o xa citado Zarauza. Celebramos a ópera prima de Pablo Lago, *O auto das ánimas*, primeira película galega que compite polo Premio Cineuropa na sección Novas/ os cineastas. E incorporamos á lista de Premios Cineuropa outorgados aos nosos talentos de interpretación (Luis Tosar, Mabel Rivera, María Vázquez, Antonio Durán «Morris») ao xupiterino Luis Zahera. Ademais, a través de senllos traballos documentais, lembramos as figuras e as creatividade truncadas fóra de tempo da poeta Xela Arias e do humorista gráfico e axitador cultural Xesus *Chichi* Campos.

MÉRCORES 15, 19.00 | SALÓN TEATRO

CHICHI E MAIS EU (2023)

Nico Campos

España / 98 min / Documental / Galego, castelán

Ficha artística:

Nico Campos, Mariqui Campos, Mary Campos, Paloma Campos, Tata Campos, Luís de Llano, Víctor Barús, María Ripoll, Xosé Díaz, Antón Mascato, Pepe Carreiro, Concha Lago, Jacobo Bermejo, Ángel Ezama, Suso Iglesias, Manuel Manquiña, Antonio Durán "Morris", Ricardo Rodríguez, Piedad Cabo, Eric Campos

Ficha técnica:

- Dirección:** Nico Campos
- Guión:** Nico Campos, Marcos Estebo, Ana Ponte
- Fotografía:** Pablo Fontenla
- Música:** Oscar Avendaño. Gravada e producida por Paco Serén en Eclips Studios
- Produción:** Mónica Ares, Gaspar Broullón, Nico Campos
- Edición:** Emilio Carral

Sinopse:

Cando alguén morre, sempre quedan preguntas sen facer. Aquí percorremos a vida e a obra de Xesús 'Chichi' Campos, pioneiro do cómic galego, loitador antifranquista, galerista e humorista. En definitiva, unha das figuras máis esquecidas da cultura galega. E é que, cando morreu, deixou un fillo que só tiña once anos e moitas preguntas que, trinta anos despois, responde neste documental.

Nico Campos (Santiago de Compostela). Traballou maioritariamente na tele e en series de ficción. *Chichi e mais eu* é o seu segundo documental despois de *Toñito Blanco: Só, perdido e vicioso*, que forman unha biloxía tremendamente específica sobre figuras da cultura galega desaparecidas na década dos noventa antes de cumpriren corenta anos.



XOVES 16, 19.45 | SALÓN TEATRO

HONEYMOON (2023)

Enrique Otero

España / 90 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Javier Gutiérrez, Nathalie Poza, María Vázquez, Fernando Albizu, Pablo Derqui, Antonio Durán

Ficha técnica:

- Guión:** Roberto G. Méndez, Enrique Otero
- Fotografía:** Sergio Franco Aec
- Edición:** Adrián Pino
- Produción:** Xacobe Sineiro, Enrique Otero, Miguel Ángel Tobías, José Ramón García

Sinopse:

Eva e Carlos non teñen cartos abondos para repatriaren o cadáver do seu fillo Jonás, morto nos Estados Unidos. Para o conseguiren, fanse pasar por vendedores de películas de debuxos animados.

Enrique Otero (A Coruña). Comeza paralelamente no mundo da imaxe e no da música ao rodar en 1992 a súa primeira curtametraxe, *Coitelo*, e gravar o seu primeiro disco *Nautilus*. No entanto o seu primeiro filme, *Crebinsky*, percorre os festivais de diferentes países e acada 26 premios nacionais e internacionais, dirixe o documental *Funes, o inventor da lúa*, que tivo a súa estrea en Cineuropa o ano 2015.

SECCIÓN OFICIAL FÓRA DE CONCURSO NO FESTIVAL DE MÁLAGA 2023



FILMS
FROM GALICIA

Rodaxe de O corno

MÉRCORES 22, 17.45 | SALÓN TEATRO
XOVES 23, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL

O AUTO DAS ÁNIMAS (2023)

Pablo Lago Dantas

Galicia / 73 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Alicia Alján, Santiago Eiroa, Núria Dantas, Manuel Lago, Pablo Lago

Ficha técnica:

•**Guión e fotografía:** Pablo Lago Dantas

•**Música:** BJ Nilsen

•**Edición:** Juan Carrano

•**Producción:** DianaToucedo Films

Sinopse:

Nunha pequena aldea galega, a familia de Pablo vive apegada ás súas antigas tradicións e crenzas. Sentindo que non encaixaba no seu mundo, Pablo marchou hai 20 anos para converterse en cineasta. Pero, a medida que tanto el como a súa familia avellentan, un sentimento de inqedanza comeza a facerse máis forte nel, instándoo a retornar á casa para se enfrontar ás pantasma do pasado e atopar respostas no pouco tempo que lles queda xuntos.

Pablo Lago Dantas (Redondela). Foi candidato á mellor fotografía en Camerimage por *The Six Degrees of Freedom* (2019) e conta con películas que chegaron a máis dun cento de seccións oficiais en prestixiosos festivais internacionais. Fascinado polo subconsciente, utiliza as súas conexións galegas co mito e os rituais para agregar capas e profundidade ao mundano. O auto das ánimas é o seu primeiro filme como director.

SECCIÓN OFICIAL EN VISIONS DU RÉEL 2023



VENRES 17, 18.20 | NUMAX

O CAMIÑO DE RAMÓN CHAO. TRALAS PEGADAS DE PRISCILIANO (2023)

Aser Álvarez

España / 63 min / Documental / Español, galego

Ficha técnica:

•**Guión:** Aser Álvarez, Antoine Chao

•**Fotografía:** Diego L. Curros e A.A.G.

•**Edición:** Diego López Curros

•**Producción:** Aser Álvarez

Sinopse:

Este proxecto creativo segue o percorrido que realizou coa súa moto o xornalista e escritor Ramón Chao para a elaboración da súa novela *Prisciliano de Compostela* por diversos lugares de Europa nos anos noventa. Nesta *road movie*, con banda sonora do seu fillo, Manu Chao, coñecemos os familiares e amigos do autor e descubrimos a mítica figura de Prisciliano, un bispo galaico que morreu decapitado en Tréveris (Alemaña) no século IV por herexe.

Aser Álvarez (Celanova). Licenciado en políticas e xornalismo, mestrado de *El País* e especialista universitario en comunicación audiovisual, traballou en prensa, radio e televisión. Tamén comisariou proxectos expositivos multimedia e editoriais e realizou contidos para televisión e publicidade, cos que obtivo o Mestre Mateo ao Mellor Documental, os premios de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, Xohán Carballeira e o Premio ao Mellor Informativo no I Open Radio do CCCB.



VENRES 17, 19.45 | SALÓN TEATRO

OS ESPAZOS EN BRANCO (2022)

Bruno Arias

Galicia / 74 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Melania Cruz, Sheyla Fariña, Lidia Veiga

Ficha técnica:

•**Guión:** Bruno Arias, Lucía R. Taboada

•**Fotografía:** Miguel Gomar

•**Edición:** Bruno Arias, Laura Piñeiro

•**Música:** Dani Cornes

•**Producción:** Bea Villar, Álvaro Liste

Sinopse:

As persoas somos o que somos por mor de quen nos inspira. Desde que nacemos, constrúen as nosas personalidades, intereses e ambicións os reflexos da xente á que admiramos, das nosas referencias.

Bruno leva moito tempo cunha espiña cravada: non lembra case nada de quen máis lle influíu na súa vida. A súa tía Xela morreu cando el tiña 5 anos e só lle quedan dela as memorias doutras persoas. É por iso que, dezaoito anos despois, Bruno decide transitar as caras e lugares que viviu a súa tía para dar luz a este conflito interno a través da primeira herdanza que lle deixou: o impulso creativo.

Bruno Arias (Vigo). Participou en proxectos como a curtametraxe *Na pel da memoria* (Laura e Coral Piñeiro, 2023) ou os videoclips *Glass* (Xaime Miranda, 2023) e *Fotos* (Bruno Arias, 2023), e mais en series web e programas de televisión. É parte do colectivo Memoria e Cinema, co que desenvolve varios proxectos desde diversos lugares do proceso creativo.



CINEEUROPA 37

PROGRAMA CURTAS 1

VENRES 10, 19.00 | SALÓN TEATRO

DE(S)AMOR (2023)

Alba Pino

España / 12 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Lidia Galiana, Pedro Rubio

Ficha técnica:

·Guión: Alba Pino

·Fotografía: Sheila Rodríguez

·Edición: Carmen de Couto

·Produción: Alba Pino

Sinopse:

Carina odia o amor, pero non pode evitar buscalo. Quizais hoxe, que ten unha cita despois de moito tempo, sexa o seu día de sorte. Ou se cadra, non.

Alba Pino (Pontevedra). Estuda Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago de Compostela para logo diplomarse en Dirección cinematográfica no Instituto do Cinema de Madrid. É a fundadora de María Films, desde onde comeza a escribir, dirixir e producir as súas propias curtas de ficción. Na súa filmografía conta con máis de quince curtametraxes, entre as que cómpre salientar *Libélulas* (2018), *Clara* (2019), *Fin de algo* (2020) e *Noviembre*, 1998 (2017). Paralelamente, realiza pequenas pezas audiovisuais como *A mi maneira* (2018) ou *Y amén* (2018) para lles dar visibilidade a patoloxías e enfermidades como a bulimia.

DEVOCIONES (2023)

Ángel Montero, María Serna

España / 17 min / Experimental / Español

Ficha técnica:

·Guión, fotografía, edición e produción:

Ángel Montero, María Serna

Sinopse:

Rituais curativos, baños, caricias, cuidados. Unha historia de amor e enfermidade que explora a aceptación dunha perda e a posibilidade real da morte. Unha viaxe sensorial a través do espello na procura de paisaxes sanadoras para celebrar a vida.

Ángel Montero (Lugo). Baila e fai cinema. Interésalle o biográfico e as relacións entre corpo e paisaxe. Os seus filmes proxectáronse en festivais e espazos como Doclisboa, FIDBA, Zinebi, L'Alternativa, Curtocircuito, Alcine, InShadow, Alcances, Casa de Velázquez, CA2M ou Inland-CAR.

María Serna (Bilbao). Traduce, baila e escribe poesía. Traballou na Filmoteca Española traducindo e proxectando subtítulos. No eido da danza colaborou con Hisako Horikawa, Simone Forti e Mónica Valenciano.

🏆 MEJOR CURTAMETRAXE DA COMPETICIÓN GALICIA EN PLAY-DOC INTERNATIONAL FILM FESTIVAL 2023



NINGÚN DEUS (2022)

Mirian Opazo

Galicia / 18 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

·Guión, fotografía e montaxe: Mirian Opazo

Sinopse:

Ningún deus fala sobre a identidade por medio do entroido tradicional do rural da provincia de Ourense. Esta peza xorde da investigación arredor dos vínculos entre o rito máxico e a construción da identidade e a memoria colectiva da comunidade. *Ningún deus* amosa precisamente a “construción” dunha das máscaras tradicionais do entroido ourensán, o peliqueiro de Laza, ao longo dos días e momentos previos á súa primeira saída ás rúas e prazas da aldea.

Mirian Opazo (Xinzo de Limia) Artista visual, graduada en Belas Artes e cun mestrado en Creación e prácticas artísticas pola Universidade de Salamanca. O seu traballo segue unha liña, dalgún xeito sempre vinculada ao ámbito rural, consistente na exploración e investigación artística a través principalmente do audiovisual de cuestións como a identidade e a memoria, tanto individuais coma colectivas.



SOBREVIVIR AO TEMPO (UNHA MIRADA SOBRE “VIKINGLAND”) (2022)

Lara Bacelo

Galicia / 12 min / Videoensaio / Galego

Ficha técnica:

·Guión, edición e produción: Lara Bacelo

·Material filmico: Xurxo Chirro (*Vikingland*)

·Música: The Sheltering Firs, Chad Croucho

Sinopse:

Sobrevivir ao tempo (unha mirada sobre “Vikingland”) é unha aproximación sentimental á longametraxe do director guardés Xurxo Chirro que se estreou no ano 2011. A través das disecións sobre a obra de Chirro, analízanse as súas conexións simbólicas coa arte pictórica, literaria e coa metalinguaxe cinematográfica. Ademais, reflexiónase sobre a transcendencia da imaxe como ferramenta de recoñecemento e do cine coma arma política para lles dar voz aos sen voz.

Lara Bacelo (Mos). Estudou realización audiovisual na EIS de Vigo. As súas primeiras creacións datan do ano 2002, e entre elas destaca o documental *Ollos da cidade*. Recibiu o premio MIVICO 2007 á mellor creación galegoportuguesa polo traballo experimental *Carta dun domingo pola tarde*. Logo da morte do artista *John Balan* realizou o documental para a Sala Nasa titulado *John Balan*, detrás da porta (2008), no que investigou sobre aspectos esquecidos da biografía do pontevedrés. Nos anos 2021 e 2022 foi distinguida cos premios Mari Luz Morales ao mellor videoensaio internacional e galego, respectivamente.

🏆 VI PREMIO MARÍA LUZ MORALES AO MEJOR VIDEOENSAIO SOBRE AUDIOVISUAL GALEGO



PROGRAMA CURTAS 2

DOMINGO 12, 18.30 | NUMAX

DIN QUE NON FALAN (2023)

Santos Díaz

Galicia / 17 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Xosé Barato, María Vázquez, Lúa Pagán, Jacobo Mo, María Costas

Ficha técnica:

- **Guión:** Pablo García Canga, Santos Díaz
- **Fotografía:** Tono Mejuto
- **Edición:** Ángel Santos, Santos Díaz
- **Produción:** Ángel Santos Touza

Sinopse:

Aos pés dun outeiro no límite da cidade, dous vellos amigos pasan o tempo sentados nun penedo. Máis tarde, dous mozos ocupan ese mesmo lugar. Sucédense as conversas, que revelan suxestivos paralelismos sobre as súas vidas e sentimentos. Co caer do día, unha muller madura, evocando lembranzas e poesía, confirma certo misterio que o envolve todo: natureza, corpos e palabras.

Santos Díaz (Vigo). Licenciouse en Historia e en Dirección de cinema no CECC de Barcelona, onde rodou as súas primeiras curtametraxes. No 2006 mudouse a Madrid, onde traballou en varios encargos audiovisuais. A súa curtametraxe *A liña política* estreouse en Locarno no 2015 e pasou por certames como Alcine, Zinebi ou Huesca. Máis tarde estrou *Os prexuízos da auga* (2020) e actualmente prepara a súa primeira longametraxe.



ESPANTOS E DESENCANTOS (2023)

Ariadna Silva Fernández

Galicia / 8 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- **Guión e fotografía:** Ariadna Silva Fernández
- **Edición:** Isaac Rivadulla, Ariadna Silva Fernández
- **Música:** Manuel García Vicente, Carlos Gil, Pla Vinseiro
- **Produción:** Chanfaina Lab

Sinopse:

Cruz ten unha horta, unha vaca e moitas árbores froiteiras. O seu acubillo é a súa casa. O mundo, en troques, está cheo de males que dalgún xeito terá que escorrentar.

Ariadna Silva Fernández (A Estrada). Graduada en Comunicación audiovisual pola Universitat Oberta de Catalunya, ten un mestrado en Fotografía artística e documental pola Escola TAI e un mestrado en Servizos culturais pola Universidade de Santiago de Compostela. No seu traballo fotográfico e audiovisual amosa unha ollada sensible e crítica arredor de temas de interese social. Investiga os conceptos de desmemoria, identidade e territorio desde o seu contexto máis próximo mediante proxectos que abordan os ecodios, as paisaxes naturais e humanas ou a autobiografía.

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL PRIMAVERA DE CINE 2023
COMPETICIÓN GALICIA NO PLAY-DOC INTERNATIONAL FILM FESTIVAL 2023



HABITAR (2023)

Anxos Fazáns

Galicia / 15 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Interveñen: Nicolás Martínez Otero, Xanhe, o Rabelo, Xácia Ceive, Greta Debelius

Ficha técnica:

- **Guión:** Anxos Fazáns
- **Fotografía:** Sara Traba
- **Edición:** Alba Domínguez Serén
- **Produción:** Silvia Fuentes, Anxos Fazáns

Sinopse:

Habitar trata de responder a preguntas sobre a construción das nosas identidades a través do retrato íntimo de persoas transxénero e non binarias de Galicia.

Anxos Fazáns (Pontevedra). Estudou Comunicación Audiovisual na Uvigo, un mestrado de Dirección de Cine na ESCAC e o mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación, tamén da Uvigo. Coa súa primeira longametraxe, *A estación violenta*, recibiu oito candidaturas aos Premios Mestre Mateo da Academia Galega. No 2019 estreou a curtametraxe *Analóxica*, producida por Erika Lust, que se programou en seccións competitivas de BAFICI e Curtocircuito.



LIQUE (2022)

Anita Pico

Galicia / 14 min / Ficción / Galego

Ficha técnica:

- **Guión:** Anita Pico
- **Fotografía:** Pedro Tizón
- **Edición:** Ro López
- **Produción:** Ro López

Sinopse:

Helena, unha ambiciosa botánica, chega ás Illas Cíes acompañada da súa parella e disposta a pasar unhas pequenas vacacións. Na idíllica paisaxe, a rapaza atopa unha flor; unha especie que cambiará o seu futuro.

Anita Pico (A Coruña). Dirixe *Lique*, a súa terceira curtametraxe, tras *Blacks or Whites* (2019), estreada no British Film Institute de Londres, e *What a Circus* (2020), curta da BBC rodada no seu programa de novos talentos. No 2022 bota a andar o seu estudio creativo audiovisual Henfunk Studio e compaxina o seu labor como guionista cos seus proxectos de ficción e anuncios publicitarios.

PREMIO TALENTO EMERXENTE PARA ANITA PICO NO JOHN BALAN FEST 2023



PROGRAMA CURTAS 2

MARIVÍ, NA PEL DA MEMORIA (2023)

Coral Piñeiro e Laura Piñeiro

Galicia / 14 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Lidia Veiga (voz)

Ficha técnica:

·**Guión:** Bruno Arias, Coral Piñeiro, Laura Piñeiro

·**Fotografía:** Artur Silveiro García

·**Edición:** Bruno Arias, Laura Piñeiro

·**Produción:** Coral Piñeiro

Sinopse:

Unha correspondencia con Mariví Villaverde, filla do alcalde republicano de Vilagarcía de Arousa. Con 14 anos, Mariví vese obrigada a exiliarse por mor do golpe de estado franquista. Ten a súa vida algo que ver coa da nosa remitente e protagonista? Son visibles as pegadas das persoas e das historias que nos precederon nos lugares onde medramos?

Coral Piñeiro e **Laura Piñeiro** (Vilagarcía de Arousa). Son dúas irmás xemelgas graduadas en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela. Logo de realizaren a súa primeira curtametraxe documental *Dores*, seleccionada na categoría DocsU do DocsBarcelona e premiada polo público no OUFF, dirixen parte da súa carreira ao achegamento do pasado e da memoria histórica ás novas xeracións, creando a Asociación Memoria e Cinema.

🏆 **MELLOR CURTAMETRAXE DE NON FICCIÓN NO FESTIVAL DE CANS 2023**



SESIÓN ZARAUZA

DOMINGO 12, 18.45 | SALÓN TEATRO

Alfonso Zarauza (Santiago de Compostela). É un dos directores galegos cunha traxectoria máis longa e prestixiosa na actualidade. Como director realizou catro longas de ficción que obtiveron premios internacionais -*La noche que dejó de llover* (2008), *Los fenómenos* (2014), *Encallados* (2013), *Malencolía* (2021)-, un documental -*A Viaxe dos Chévere* (2014)-, seis curtas, dúas series de ficción e máis de vinte videoclip e pezas experimentais.

PAROLA DE LADO E SOLA (2022)

Alfonso Zarauza

Galicia / 3 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Marta Lado, Leticia Sola, Alfonso Zarauza, Susana Sampedor

Ficha técnica:

·**Guión:** Alfonso Zarauza

·**Fotografía:** Alberte Branco

·**Edición:** Vanessa García

·**Produción:** Sofía Arangüena

Sinopse:

Marta Lado e Leticia Sola rexouban con retranscra nunha cafetería sobre a situación das actrices no cinema galego cando o aposto director Alfonso Zarauza, que andaban a criticar, irrompe e senta ao seu carón.



PONTEVEDRA HORA CERO (2023)

Alfonso Zarauza

Galicia / 36 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Leticia Sola, Melanía Cruz, Marta Lado, Miguel Lorez

Ficha técnica:

·**Guión e produción:** Alfonso Zarauza

·**Fotografía:** Alberte Branco

·**Produción:** Alfonso Zarauza

Sinopse:

Un director de cinema dispónse a rodar un documental sobre o milagre urbanístico de Pontevedra pero, en plena rodaxe, cae na conta de que pouco coñece a cidade e de que, ademais, o tema non lle interesa demasiado. Entra en crise creativa e decátase de que prefire facer unha ficción. Aínda que non ten claro sobre que, chama as súas actrices habituais e involúcras no proxecto. Elas axiña notan que aquilo non vai a ningures e rebélanse contra o rumbo do director. Froito daquela rebelión acaban filmando outra cousa que é, en definitiva, *Pontevedra hora cero*.



PROGRAMA CURTAS 3

MARTES 21, 18.15 | NUMAX

ALICIA FAI COUSAS (2023)**Ángel Santos**

Galicia / 26 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Alicia Armenteros, Alejandro Jato, Sara Ferro, Xiana Prada, Inés Santos, Damián Villalaín

Ficha técnica:

- Guión:** Pablo García Canga, Ángel Santos
- Fotografía:** Isaura Docampo
- Edición:** Marcos Flórez, Ángel Santos
- Produción:** Ángel Santos Touza (Amateurfilms)

Sinopse:

Alicia ten vinte e cinco anos.
Alicia fai cousas.
Alicia abúrrese... ou iso cre.

Ángel Santos (Marín). É licenciado en Historia da Arte e diplomado en Dirección cinematográfica polo Centre d'Estudis Cinematogràfics de Catalunya. É autor, entre outras, das curtas *Setembro* (2004), *O cazador* (2008), *M.* (2015), *Así vendrá la noche* (2021) e da recoñecida longa *As altas presións* (2014). Como docente está implicado desde hai unha década no proxecto de educación nas aulas Cinema en Curso.

🎬 MELLOR CURTAMETRAXE DE FICCIÓN, MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR GUIÓN E MELLOR PROTAGONISTA FEMININA NO FESTIVAL DE CANS 2023

**HONDARRAK (2022)****Marta Gómez, Paula Iglesias**

España / 15 min / Documental / Español, euskera

Ficha artística:

Interveñen: Ima Peiro, Gladys Carrasco

Ficha técnica:

- Guión:** Marta Gómez, Paula Iglesias
- Fotografía:** Lara Vilanova
- Edición:** Paula Iglesias
- Produción:** Sara Blanco

Sinopse:

Dúas mulleres terman dun mundo no que os cuidados están en ruínas. Gladys, desde o seu eterno confinamento na casa na que traballa como interna. Ima, en eterna espera fronte ao mar ata que outro barco rompa as súas redes. As dúas teñen traballos non recoñecidos, con obrigas que as invaden e non lles deixan espazo para as súas propias vidas. As lembranzas das súas vivencias entretécense nun relato sensorial que conduce ata unha pregunta: quen pode facer mudar a situación?

Paula Iglesias (Santiago de Compostela). Xornalista, directora e editora, funda Al Borde films con Ana Serna no 2015. A produtora especialízase en documentais de corte social. *Sólo son peces* (2019) ou *Lanbroa*, (2021) son algúns dos seus traballos.

Marta Gómez (Bilbao). Guionista, directora e asesora de guión, codirixe con Paula Iglesias *Fabricando mujeres 2.0* e a longa tamén documental *Norte salvaje*. Na actualidade traballan na posprodución dos documentais *La Sinsorga* e *Flying Hands*.

🎬 MELLOR CURTAMETRAXE DOCUMENTAL NO UFF 2023

**LAVADOIRO (2023)****Ana Amado, Lois Patiño**

Galicia / 17 min / Documental / Galego

Ficha artística:Interveñen: Diana Santamaría, Rosa Santos, María Miranda, Lorena Queiruga, Josefa Quintáns, M^a Carmen Pazos, Pepita Suárez, Carmen Casais, Irene Maneiro, Violeta Iglesias, Carmen Paz**Ficha técnica:**

- Guión e fotografía:** Ana Amado, Lois Patiño
- Edición:** Lois Patiño
- Son directo:** Manuel García
- Deseño de son:** Xabier Erkiiza
- Música:** Leonardo Platania
- Produción:** Ana Amado, Valerio Platania

Sinopse:

Desde a arquitectura construída e efémera, *Lavadoiro* propón unha reflexión activa sobre o rol esencial destes espazos na vida das mulleres como lugares de traballo doméstico e de socialización.

Ana Amado (Ferrol). Fotógrafa, arquitecta e artista visual. Compaxina o seu labor como fotógrafa coa docencia. A súa obra foi premiada e exposta na Bienal de Venecia do 2016 e do 2018, en PhotoLondon, nos Sony World Photography Awards, na XIV Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo ou en PhotoEspaña17, entre outros.

Lois Patiño (Vigo). Figura fundamental do Novo Cinema Galego, recibiu o premio ao mellor director emerxente en Locarno 2013 coa súa ópera prima, *Costa da morte*. *Lúa vermella* (2020) foi estreada na Berlinale Forum e *Samsara* (2023) obtivo o premio especial do xurado na sección Encounters da Berlinale.

**O NENO SARDIÑA (2022)****Lucía Estévez**

Galicia / 14 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Miguel Canalejo, María Vázquez, Fran Martínez, Diego Anido, María Roja, Cristina Andrade, Camila Bossa

Ficha técnica:

- Guión:** Lucía Estévez
- Fotografía:** Lucía C. Pan
- Edición:** Lucía Estévez, Brandán Cerviño
- Produción:** Nati Juncal, Sonia Méndez

Sinopse:

Nun punto sen determinar do río Miño, un neno-sardiña cruza a corrente deixando atrás as persoas que festexan o seu enterro na fin do Entroido. Descoñécese que é o que provoca a súa transformación, pero disque os ollos máis atentos poden captar de preto a humidade na súa pel. A súa existencia está confirmada polos máis escépticos da zona. Ninguén no lugar ten dúbidas.

Lucía Estévez (Vigo). É graduada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo, cun Erasmus na UCP do Porto. No 2018 gañou o Premio María Luz Morales polo seu videoensaio *Muller personaxe*. No 2019 obtivo o galardón á Mellor Dirección de CREA no Festival Internacional Curtocircuíto pola obra de ficción *Arrolo*. No 2021 gañou o Premio Mestre Mateo á mellor serie web con *Xan*, proxecto cocreado con Miguel Canalejo. *O neno sardiña* e a súa última curta.


🎬 SECCIÓN OFICIAL DE CURTAMETRAXES DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE XIXÓN

🎬 PREMIO MELLOR BANDA SONORA NO FESTIVAL DE CANS 2023



PANORAMA INTERNACIONAL

O *travelling* polo máis brillante da tempada no cinema non europeo loce unha inocultable prevalencia dunha cinematografía: a arxentina. En verdade, é como para ter a tentación de teorizar con que a greta (sic), esa expresión que monopolizou a vida naquel país desde hai polo menos catro anos e que vén facer gráfica a extrema polarización sociopolítica que creba a cotiandade do país austral, resultara finalmente fonte de fecundidade creativa. Porque o certo é que ningunha das tres magníficas películas arxentinas incluídas na programación pode negar que sobre ela se estenden lecturas desa tensión máxima baixo a cal viviu o país e que explica o xurdimento dunha figura tan dantesca como Javier Milei, agora en proceso de plausible amortización electoral. Ese filme noir maxicamente desestruturado que é a peza mestra estreada e recibida con euforia en Cannes, *Los delincuentes*, parte dunha premisa non tan afastada á do *Atraco a las tres* de José María Forqué, para ir fraguando unha fuxida da realidade que sinala ou anuncia un país no que non se quere vivir.



El rapto é algo así como o antídoto contra a cívica e ata artisticamente comprensible candidez de *Arxentina, 1985*. Ambientada nese mesmo ano, do que fala é das sentinas, das cloacas da ditadura, e de como seguiron regurxitando vítimas e horror, xa con Raúl Alfonsín na Casa Rosada. E *Puan* é –directamente– unha radiografía desa Arxentina onde a caldeira está a piques de estoupar. E a maneira en que isto se perfila partindo do humor para ir suavemente agravando o ton e concluír nunha emotiva explicación dunha sociedade onde o ruído o engole todo, desenvólvese nun dos mellores guiños escritos este ano, premiado xa en San Sebastián.

Nesta selección do mellor do panorama do cinema non europeo do ano, poucas explicacións merecen tres autores maiores como Win Wenders, renacido en *Perfect days* cal ave fénix co seu premio para o actor xaponés Koji Yakusho en Cannes, Michel Franco, en *Memory*, a súa primeira experiencia de rodaxe en Hollywood, que supuxo en Venecia o Leon de Prata para o seu intérprete, Peter Saarsgard, e Ryusuke Hamaguchi, quen con *Evil does not exist* –Gran Premio do Xurado en Venecia– ratifica o que foi a eclosión do director hai un par de tempadas con *Drive my car* e *A ruleta da fortuna e a fantasía*.

Completan esta selección o Leopardo de Ouro do Festival de Locarno, a iraniana *Zona crítica*, viaxe lisérxica á fin da noite, rodada na clandestinidade dun Teherán moi *After hours*, e mais a australiana *The survival of kindness*, estrea absoluta en España logo do paso pola competición oficial da Berlinale deste insólito exercicio de humanización aborixe do universo *Mad Max*, que arrinca cunha muller encerrada nunha gaiola no deserto de Tasmania. E unha evolución sorprendente á altura do gusto polo risco do seu director, Rolf de Heer.

SÁBADO 18, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 19, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL

AKU WA SONZAI SHINAI O MAL NON EXISTE (2023)

Ryusuke Hamaguchi

Xapón / 106 min / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Hitoshi Omika, Ryô Nishikawa, Ryûji Kosaka

Ficha técnica:

·**Guión:** Ryusuke Hamaguchi

·**Fotografía:** Yoshio Kitagawa

·**Edición:** Ryûsuke Hamaguchi, Azusa Yamazaki

·**Produción:** Ryûsuke Hamaguchi, Shô Harada, Eiko Ishibashi, Tomohisa Ishii, Satoshi Takada, Katsumi Tokuyama

Sinopse:

Takumi e a súa filla Hana viven nunha aldea nos arrabaldes de Tokio. A súa vida vese fondamente afectada ao descubriren que preto da súa casa se vai construír un luxoso cámping para que os habitantes da cidade fagan escapadas cómodas á natureza. Cando dous representantes dunha empresa de Tokio chegan á aldea para celebraren unha xuntanza, queda claro que o proxecto vai ter un impacto negativo na subministración de auga local e que vai provocar disturbios. As intencións desiguais da axencia poñen en perigo o equilibrio ecolóxico da meseta e mais a súa forma de vida.

Ryusuke Hamaguchi (Kanagawa, Xapón). Cursou un Mestrado en Cinema na Universidade de Tokio. A súa primeira longametraxe, *Passion* (2008), estreouse no Festival de San Sebastián. Logo virían títulos como *Intimacies* (2012), *Touching the Skin of Eeriness* (2013), *Happy hour* (2015) ou as multipremiadas *Asako I & II* (2018) e *Drive my car* (2021).

🌿 GRAN PREMIO DO XURADO NO FESTIVAL DE VENECIA 2023



SÁBADO 11, 18.45 | NUMAX
XOVES 23, 18.45 | SALÓN TEATRO

BÊN TRONG VỎ KÉN VÀNG INSIDE THE YELLOW COCOON SHELL (2023)

Phạm Thiên Ân

Vietnam, Singapur, Francia, España / 182 min / Ficción / Vietnamita, inglés

Ficha artística:

Lê Phong Vũ, Nguyễn Thị Trúc Quỳnh, Nguyễn Thịnh, Vũ Ngọc Mạnh

Ficha técnica:

·**Guión:** Phạm Thiên Ân

·**Fotografía:** Đinh Duy Hưng

·**Edición:** Phạm Thiên Ân

·**Produción:** Trần Văn Thi, Jeremy Chua

Sinopse:

Logo de morrer a cunha nun estraño accidente de moto en Saigón, Thien asume a tarefa de levar o seu corpo de volta á súa aldea no campo. É unha viaxe na que tamén leva o seu sobriño Dao, de 5 anos, que sobreviviu de xeito milagreiro ao accidente. Entre as paisaxes místicas do Vietnam rural, Thien comeza a procura do seu irmán máis vello, que desaparecera hai anos, para entregarlle a Dao, nunha viaxe que cuestiona fondamente a súa fe.

Phạm Thiên Ân (Lam Dong, Vietnam). Antes de se embarcar no cinema, graduouse na Lotus University cun diploma en Tecnoloxía da Información. Mudouse a Houston no 2015, onde continúa a traballar como realizador independente. A súa curtametraxe *The Mute* (2018) percorreu múltiples festivais (Winterthur, Palms Spring, Uppsala, Encounters...). *Inside the yellow cocoon shell* é a súa ópera prima.

🌿 PREMIO CÁMARA DE OURO Á MELLOR ÓPERA PRIMA NO FESTIVAL DE CANNES 2023



DOMINGO 19, 20.15 | SALÓN TEATRO
MARTES 21, 22.00 | SALÓN TEATRO

EL RAPTO (2023)

Daniela Goggi

Arxentina, Estados Unidos / 95 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Rodrigo de la Serna, Julieta Zylberberg, Jorge Marrale, Germán Palacios, Andrea Garrote

Ficha técnica:

·**Guión:** Daniela Goggi, Andrea Garrote

·**Fotografía:** Fernando Lockett

·**Edición:** Eliane Katz

·**Produción:** Axel Kuschevatzky, Benjamin Domenech, Santiago Gallelli, Matías Roveda, Cindy Teperman

Sinopse:

Bos Aires, década de 1980. Julio Levy regresa do exilio político para ocupar un posto na grande empresa familiar cando o seu irmán maior é secuestrado. A cargo de organizar o rescate e con todo o peso da súa familia sobre os ombreiros, Julio descobre as forzas que aínda operan detrás da recentemente recuperada democracia arxentina.

Daniela Goggi (Bos Aires, Arxentina). Graduouse como profesora de cinematografía na Universidade do Cinema de Arxentina. Filmou varias curtametraxes durante a súa carreira, traballou como asistente de produción en diferentes películas e colabora na revista de crítica cinematográfica *KM III*. É ademais docente na Universidade do Cinema e noutras institucións. *Días de mucho, visperas de nada* (2007), *Abzurdah* (2015) ou *El hilo rojo* (2016) son outras das súas longametraxes.

🌿 SECCIÓN ORIZZONTI EXTRA DO FESTIVAL DE VENECIA 2023



MARTES 14, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL
MÉRCORES 15, 21.30 | SALÓN TEATRO

LOS DELINCUENTES (2023)

Rodrigo Moreno

Arxentina, Brasil, Chile, Luxemburgo / 189 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Margarita Molfino, Esteban Bigliardi, Daniel Elías, Cecilia Rainero

Ficha técnica:

·**Guión:** Rodrigo Moreno

·**Fotografía:** Alejo Maglio

·**Edición:** Karen Akerman

·**Produción:** Julia Alves, Bruno Bettati, Natacha Cervi, Gillés Chaniál

Sinopse:

Nun determinado momento das súas vidas, dous empregados de banco cuestionan a existencia rutineira que levan. Un deles, Morán, atopa unha solución: atracar o banco no que traballa coa intención de roubar unicamente os cartos necesarios para se poder xubilar comodamente. Para poñer o plan en práctica, decide convencer tamén o seu amigo e compañeiro Román.

Rodrigo Moreno (Bos Aires, Arxentina). Coa súa primeira longametraxe, *Mala época* (1998), obtivo unha mención especial e o Premio FIPRESCI ao mellor filme latinoamericano no Festival de Mar do Prata. Codirixiu xunto a Ulises Rosell e Andrés Tambornino *El descanso* (2001) e, de novo en solitario, *El custodio* (2006), que competiu en Berlín. No 2011 regresou á capital alemá con *Un mundo misterioso*, e no 2014 presentou *Reimon* no Festival de Róterdam. A súa filmografía complétase con *Una ciudad de provincia* (2017).

🌿 SECCIÓN 'UN CERTAIN REGARD' DO FESTIVAL DE CANNES 2023



MARTES 14, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL**XOVES 16, 17.15** | TEATRO PRINCIPAL**MANTAGHEYE BOHRANI
ZONA CRÍTICA (2023)**

Ali Ahmadzade

Irán, Alemaña / 99 min / Ficción / Farsi

Ficha artística:

Amir Pousti, Shirin Abedinirad, Maryam Sadeghiyan, Alireza Keymanesh

Ficha técnica:

- **Guión:** Ali Ahmadzade
- **Fotografía:** Abbas Rahimi
- **Edición:** Ali Ahmadzadeh
- **Produción:** Sina Ataeian Dena, Ali Ahmadzadeh

Sinopse:

Amir leva unha vida solitaria. Co seu can como única compañía, percorre os baixos fondos de Teherán, traficando con drogas de todo tipo e sandando almas atribuladas como un profeta moderno. Erra polas rúas da cidade sen rumbo fixo, seguindo as indicacións do seu GPS mentres se droga para fuxir dun lugar sen futuro. E, así e todo, no seu deambular atopará a semente da resistencia.

Ali Ahmadzade (Teherán, Irán). Deixou os seus estudos de arquitectura e graduouse na Universidade de Música de Neinava, en Teherán. Prohibidas en Irán por motivos políticos e de censura, as súas películas tratan sobre a mocidade rebelde e o seu enfrontamento coa teocracia. Oficialmente non se lle permite traballar como cineasta en Irán. Logo de *Kami's Party* (2013) e de *Atomic Heart* (2015), *Zona crítica* é a súa terceira longametraxe.

LEOPARDO DE OURO Á MELHOR PELÍCULA INTERNACIONAL NO FESTIVAL DE LOCARNO 2023

**VENRES 17, 18.00** | TEATRO PRINCIPAL**MARTES 21, 19.00** | TEATRO PRINCIPAL**SÁBADO 25, 17.15** | SALÓN TEATRO**MEMORY
MEMORIA (2023)**

Michel Franco

México, Estados Unidos / 100 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Jessica Chastain, Peter Sarsgaard, Merritt Wever

Ficha técnica:

- **Guión:** Michel Franco
- **Fotografía:** Yves Cape
- **Edición:** Oscar Figueroa, Michel Franco
- **Produción:** Eréndira Núñez Larios, Michel Franco, Duncan Montgomery

Sinopse:

Sylvia é unha traballadora social que leva unha vida sinxela e estruturada: a súa filla, o seu traballo, as súas xuntanzas de alcólicos anónimos. Todo isto vira do revés cando Saul a segue ata a casa despois da súa reunión. O seu encontro sorpresa impactaraos profundamente a ambos ao abriren a porta ao pasado.

Michel Franco (Cidade de México, México). No 2009 dirixiu a súa primeira longametraxe, *Daniel y Ana*, presentada na Quincena dos Realizadores do Festival de Cannes e en Horizontes Latinos en San Sebastián. Regresou a Cannes con *Después de Lucía* (2012), que recibiu o premio Un Certain Regard. Seguíronlle en 2015 *A los ojos e Chronic*, que gañou o premio ao mellor guión en Cannes, *Las hijas de Abril* (2017), *Nuevo orden* (2020) e *Sundown* (2021).

CANDIDATA A MELHOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE VENEZIA 2023
COPA VOLPI AO MELHOR ACTOR PARA PETER SARSGAARD NO FESTIVAL DE VENEZIA 2023

**SÁBADO 18, 19.15** | TEATRO PRINCIPAL**LUNS 20, 22.15** | TEATRO PRINCIPAL**PERFECT DAYS
DÍAS PERFECTOS (2023)**

Wim Wenders

Xapón, Alemaña / 123 min / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Yumi Asô, Tokio Emoto, Sayuri Ishikawa

Ficha técnica:

- **Guión:** Takuma Takasaki, Wim Wenders
- **Fotografía:** Franz Lustig
- **Edición:** Toni Froschhammer
- **Produción:** Reiko Kunieda, Yasushi Okuwa, Takuma Takasaki, Keiko Tominaga, Wim Wenders, Kota Yabana, Kôji Yakusho, Koji Yanai

Sinopse:

Hirayama traballa como limpador de baños en Tokio. Parece contento coa súa vida sinxela. Segue unha rutina estruturada e dedica o seu tempo libre á súa paixón pola música e os libros. Hirayama tamén ten afección polas árbores e mais a fotografía. Máis do seu pasado revélase gradualmente a través dunha serie de encontros inesperados.

Wim Wenders (Dusseldorf, Alemaña). Logo de botar unha tempada en París, en 1967 Wenders volveu a Alemaña e traballou na oficina de Dusseldorf da United Artists. Ao tempo, ingresou na Escola de Cinema e Televisión alemá. Nos tres anos que estivo estudando na escola, traballou tamén como crítico de cinema para diversas revistas e xornais. A que se considera a súa primeira longametraxe é *O medo do porteiro ante o penalti* (1971). *O amigo americano* (1977), *Lóstrego sobre a auga* (1980), *O estado das cousas* (1982), *Paris, Texas* (1982), *O ceo sobre Berlín* (1987) ou *Tan lonxe, tan preto!* (1993) son só algúns dos seus títulos máis recoñecidos.

PREMIO AO MELHOR ACTOR PARA KÔJI YAKUSHO NO FESTIVAL DE CANNES 2023
SECCIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE CANNES 2023

**XOVES 9, 20.00** | TEATRO PRINCIPAL**SÁBADO 11, 17.45** | TEATRO PRINCIPAL**PUAN (2023)**

María Alché, Benjamín Naishtat

Arxentina, Italia, Alemaña, Francia, Brasil / 111 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Marcelo Subiotto, Julieta Zylberberg, Alejandra Flechner, Mara Bestelli, Leonardo Sbaraglia

Ficha técnica:

- **Guión:** María Alché, Benjamín Naishtat
- **Fotografía:** Hélène Louvat
- **Edición:** Livia Serpa
- **Produción:** Federico Eibuszyc, Bárbara Sarasola Day, Bárbara Francisco Mendivil

Sinopse:

Marcelo dedica a súa vida ao ensino de filosofía na Universidade de Bos Aires. Cando o profesor Caselli, o seu mentor, morre inesperadamente, Marcelo asume que herdará o posto de titular de cátedra que queda vacante. O que non imaxina é que Rafael Sujarchuk, un carismático e sedutor colega, regresará do seu pedestal nas universidades europeas para disputar esa mesma cátedra. Os torpes esforzos de Marcelo por demostrar que é o mellor candidato desencadearán un duelo filosófico, mentres a súa vida e o país entran nunha espiral de caos.

María Alché (Bos Aires, Arxentina). Gañou coa súa primeira longametraxe, *Familia sumergida* (2018), o Premio Horizontes en San Sebastián.

Benjamín Naishtat (Bos Aires, Arxentina). Obtivo a Cuncha de Prata á mellor dirección en San Sebastián coa súa terceira longametraxe, *Rajo* (2018), que tamén foi galardoada cos premios ao mellor actor e á mellor fotografía.

PREMIO DO XURADO AO MELHOR GUIÓN E Á MELHOR INTERPRETACIÓN PROTAGONISTA EN SAN SEBASTIÁN 2023



DOMINGO 12, 22.15 | TEATRO PRINCIPAL
 MARTES 14, 19.30 | SALÓN TEATRO
 MÉRCORES 15, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL

**THE SURVIVAL OF KINDNESS
 A SUPERVIVENCIA DA AMABILIDADE
 (2022)**

Rolf de Heer

Australia / 110 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Mwajemi Hussein, Deepthi Sharma, Darsan Sharma

Ficha técnica:

•Guión: Rolf de Heer

•Fotografía: Maxx Corkindale

•Edición: Isaac Coen Lindsay

•Producción: Julie Byrne, Rolf de Heer

Sinopse:

No medio do deserto, a BlackWoman abandónana nun remolque, nunha gaiola. Captúrana e déixana alí para que morra. Pero escapa e camiña a través do fedor e a persecución, do deserto á montaña e á cidade, para atopar... máis cativerio. Os responsables son remisos a renunciar aos seus privilexios, e BlackWoman, fuxindo unha vez máis, debe atopar consolo nas súas orixes.

Rolf de Heer (Heemskerck, Países Baixos). Dirixiu 15 longametraxes de ficción e ademais foi guionista único en 11 delas e coguionista noutras tres. Un destes filmes, *Alexandra's Project*, participou na sección oficial da Berlinale do 2003. Outros dos seus filmes estreáronse en Cannes e Venecia.

 PREMIO FIPRESCI NA BERLINALE 2023




CINEUROPA 37

“UNHA
 EDICIÓN
 TOLATOLA
 TOLA”



CINEUROPA 37

SECCIONES OFICIAIS



SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

Todas esas películas con sinatura europea das que levamos meses escoitando falar, tras o seu paso na Berlinale (Christian Petzold: Gran Premio do Xurado por *Afire*; João Canijo: Premio do Xurado por *Mal Viver*; Bas Devos, gañador Encounters por *Aquí*), en Cannes (Palma de Ouro para *Anatomía dunha caída*; mellor dirección para *A lume manso*; Premio do Xurado para *Follas de outono*), en Venecia (Matteo Garrone, mellor director por *Eu capitán*; Agnieszka Holland, Premio do Xurado por *A fronteira verde*), en Locarno (Radu Jude, Gran Premio do Xurado por *Non agardes moito da fin do mundo*) ou Karlovy Vary (Stephan Komandarev, Globo de Cristal para *As leccións de Blaga*) xunto á formidable película de Alice Rohrwacher, *A químera* (Espiga de Prata en Valladolid), quizais a mellor da tempada. E a colleita española, co emerxente Victor Iriarte, quen con *Sobre todo de noite* (Premio FIPRESCI na Seminci) enmarca o Premio Cineuropa a Ana Torrent. A sección que foi raíz das primeiras edicións de Cineuropa continúa ostentado o lugar onde habitan as películas a priori máis agardadas.

XOVES 16, 19.15 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 18, 21.45 | TEATRO PRINCIPAL

ANATOMIE D'UNE CHÛTE ANATOMÍA DUNHA CAÍDA (2023)

Justine Triet

Francia / 151 min / Ficción / Alemán, francés, inglés

Ficha artística:

Sandra Hüller, Milo Machado Graner, Swan Arlaud, Jehnny Beth, Saadia Bentaieb, Samuel Theis

Ficha técnica:

- Guión:** Justine Triet, Arthur Harari
- Fotografía:** Simon Beaufills
- Edición:** Laurent Sénéchal
- Produción:** Marie-Ange Luciani, David Thion

Sinopse:

Durante o último ano, Sandra, unha escritora alemá, o seu marido francés, Samuel, e o seu fillo de once anos, Daniel, levaron unha vida illada nunha vila remota nos Alpes franceses. Cando atopan a Samuel morto na neve, a policía pregúntase se se suicidou ou foi asasinado e Sandra convértese na principal sospeitosa. Pouco a pouco, o xuízo tórnase nunha investigación das circunstancias da morte de Samuel e nun inquietante percorrido psicolóxico polas profundidades da conflitiva relación entre a parella.

Justine Triet (Fécamp, Francia). Graduada da Escola Superior Nacional de Belas Artes de París, realizou documentais en vídeo como *Sur place* (2007), *Solférino* (2008) e *Des ombres dans la maison* (2009). *La bataille de Solférino* é a súa primeira longametraxe de ficción. Con *Sibyl* (2019) competiu novamente en Cannes. Xunto a Antonin Peretjatko, Guillaume Brac, Sébastien Betbeder, Djinn Carrenard e Vincent Macaigne forma parte dunha nova vaga de cineastas franceses destacados por *Cahiers du Cinéma*.

🏆 PALMA DE OURO DO FESTIVAL DE CANNES 2023

🏆 CANDIDATA AO PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE LOCARNO 2023



MÉRCORES 22, 19.45 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 25, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL

BASTARDEN A TERRA PROMETIDA (BASTARDO) (2023)

Nikolaj Arcel

Dinamarca, Alemaña, Suecia, Noruega / 127 min / Ficción / Danés

Ficha artística:

Mads Mikkelsen, Gustav Lindh, Amanda Collin

Ficha técnica:

- Guión:** Nikolaj Arcel, Anders Thomas Jensen
- Fotografía:** Rasmus Videbæk
- Edición:** Olivier Bugge Cøtté
- Produción:** Louise Vesth

Sinopse:

En 1755, o empobrecido capitán Ludvig Kahlen prepárase para conquistar os duros e inhóspitos páramos daneses cun obxectivo aparentemente imposible: crear unha colonia en nome do rei. A cambio, recibirá un título nobiliario que anhela con desesperación. Mais o único gobernante da zona, o desalmado Frederik de Schinkel, cre con fachenda que esa terra é de seu. Cando Schinkel se decata de que a súa criada Ann Barbara e mais o seu servil marido fuxiron para se refuxiaren con Kahlen, o privilexiado e rancoroso gobernante xura vinganza e promete facer todo o que estea ao seu alcance para escorrentar o capitán.

Nikolaj Arcel (Copenhague, Dinamarca). No 2001 graduouse na Danish National Film School e gañou o premio do xurado no Munich Film Festival e o gran premio do Festival de Curtametraxes de Clermont-Ferrand coa súa película de graduación *Woyzeck's Last Symphony*, que tamén se proxectou no Festival de Locarno no 2003. O recoñecemento internacional chegoulle no 2012 co filme *Un asunto real*, que obtivo dous galardóns na Berlinale e unha candidatura como mellor película de fala non inglesa nos Óscar.

🏆 CANDIDATA A MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE VENEZIA 2023



DOMINGO 12, 20.00 | SALÓN TEATRO
VENRES 17, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL

DAS LEHRERZIMMER SALA DE PROFESORES (2023)

Ilker Çatak

Alemaña / 98 min / Ficción / Alemán, turco, polaco, inglés

Ficha artística:

Leonie Benesch, Leonard Stettinisch, Eva Löbau, Michael Klammer

Ficha técnica:

- Guión:** Johannes Duncker, Iker Çatak
- Fotografía:** Judith Kaufmann
- Edición:** Gesa Jäger
- Produción:** Ingo Fliess

Sinopse:

Carla Nowak, unha idealista profesora de matemáticas e deportes, comeza o seu primeiro traballo nunha escola de secundaria. Cando se producen unha serie de roubos no centro e as sospeitas recaen nun dos seus alumnos, decide chegar ao fondo do asunto pola súa conta. Carla intenta mediar entre familias indignadas, colegas obstinados e estudantado agresivo, pero enfrontase ás implacables estruturas do sistema escolar.

Ilker Çatak (Berlín, Alemaña). Viviu a súa adolescencia en Istambul antes de regresar a Alemaña, onde traballou en varias producións cinematográficas mentres se graduaba en dirección na Media School de Hamburgo. Iniciouse na dirección coas curtametraxes *Old School* (2013) e *Where we are* (2014). A súa primeira longametraxe foi *Once upon a time... Indianerland* (2017), á que seguiu o seu penúltimo traballo *I was I am I will be* (2019).

🏆 MELLOR PELÍCULA, MELLOR DIRECTOR, MELLOR ACTRIZ, MELLOR MONTAXE E MELLOR GUIÓN NOS PREMIOS DO CINEMA ALEMÁN

🏆 SECCIÓN PANORAMA NA BERLINALE 2023

🏆 MELLOR MONTAXE NA SEMINCI 2023



VENRES 10, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 11, 17.30 | SALÓN TEATRO

FEMME (2023)

Sam H. Freeman, Ng Choon Ping

Reino Unido / 99 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Nathan Stewart-Jarrett, George MacKay, Aaron Heffernan, John McCrea, Asha Reid

Ficha técnica:

- Guión:** Sam H. Freeman, Ng Choon Ping
- Fotografía:** James Rhodes
- Edición:** Selina Macarthur
- Produción:** Myles Payne, Sam Ritzenberg

Sinopse:

A vida e a carreira de Jules (Nathan Stewart-Jarrett) como *drag queen* destrúese por mor dun brutal ataque homófobo. Ao se reencontrar nunha sauna gai con Preston (George MacKay), o seu atacante, que mantén oculta a súa orientación sexual, preséntaselle a oportunidade de se vingar. Irrecoñecible sen a súa perruca e a súa maquillaxe, Jules infiltrasse na vida de Preston e, ao facelo, comeza unha perigosa sedución.

Sam H. Freeman (Reino Unido). Desenvolveu unha cumprida carreira como guionista de televisión. A súa primeira serie orixinal, *Unmasked*, foi adquirida por Disney. *Femme* é a súa primeira longametraxe como director.

Ng Choon Ping (Singapur). É internacionalmente recoñecido polo seu traballo teatral, que inclúe obras no National Theatre, na Royal Shakespeare Company e no Young Vic no Reino Unido. Recentemente dirixiu unha nova adaptación de *Miss Julie* de Strindberg no Festival das Artes de Hong Kong e *Macbeth* no Bristol Old Vic. *Femme* é tamén a súa primeira longa.

🏆 CANDIDATA AO PREMIO TEDDY DO FESTIVAL DE BERLÍN 2023

🏆 MELLOR PELÍCULA NA SECCIÓN ALQUIMIAS DA SEMINCI 2023



VENRES 10, 20.30 | SALÓN TEATRO
XOVES 16, 17.30 | NUMAX

HERE AQUÍ (2023)

Bas Devos

Bélxica / 84 min / Ficción / Francés, neerlandés, chinés mandarín

Ficha artística:

Stefan Gota, Liyo Gong, Teodor Corban

Ficha técnica:

·**Guión:** Bas Devos

·**Fotografía:** Grimm Vandekerckhove

·**Edición:** Dieter Diependaele

·**Produción:** Marc Goyens

Sinopse:

Stefan, un traballador da construción romanés que vive en Bruxelas, está a piques de viaxar de volta para a súa casa. Cando está xa para marchar, coñece unha moza belgo-chinesa que traballa nun pequeno restaurante ao tempo que realiza o seu doutoramento sobre musgos. A súa atención ao case invisible deteno en seco.

Bas Devos (Zoersel, Bélxica). Tras filmar algunhas pezas curtas, debutou coa longametraxe *Violet* (2014), coa que gañou o gran premio do xurado da sección Generation 14plus en Berlín. Con só catro longametraxes demostrou estar dotado dun sentido estético potente e xenuíno. Despois de *Ghost Tropic* no 2019, *Here* é a súa cuarta longametraxe.

PREMIO FIPRESCI NA SECCIÓN ENCONTROS DA BERLINALE 2023



SÁBADO 11, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 13, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL

IO CAPITANO EU CAPITÁN (2023)

Matteo Garrone

Italia, Francia, Bélxica / 121 min / Ficción / Francés, wólof

Ficha artística:

Affif Ben Badra, Seydou Sarr, Issaka Sawadogo

Ficha técnica:

·**Guión:** Massimo Ceccherini, Matteo Garrone, Massimo Gaudioso, Andrea Tagliaferri

·**Fotografía:** Paolo Carnera

·**Edición:** Marco Spoletini

·**Produción:** Paolo Del Brocco, Hicham El Ghorfi, Matteo Garrone, Alessio Lazzareschi, Philippe Logie, Joseph Rouschop, Ardavan Safaee

Sinopse:

Os mozos senegaleses Seydou e Moussa deixan a súa casa en Dakar para emigrar a Europa. Na súa odisea, ambos os dous cruzan o deserto e experimentan os horrores dun campo de detención en Libia. Axiña se enfrontan ao perigoso desafío de cruzar o Mediterráneo.

Matteo Garrone (Roma, Italia). Debutou en 1997 con *Terra di mezzo*, á que seguiron *Ospiti* (1998), *Estate romana* (2000), *L'imbalsamatore* (2002) e *Primo amore* (2005), coa que competiu en Berlín. No 2008 obtivo por *Gomorra* o gran premio do xurado en Cannes e cinco premios do cinema europeo, incluídos os de mellor película e mellor director. Con *Reality* (2012) gañou de novo o gran premio do xurado en Cannes, onde volveu competir con *Il racconto dei racconti* (2015) e con *Dogman* (2018), que recibiu o premio ao mellor actor. No 2019 adaptou ao cinema *Pinochio*, que obtivo dúas candidaturas aos Óscar.

LEÓN DE PRATA AO MELLOR DIRECTOR E O PREMIO MARCELLO MASTROIANNI AO MELLOR ACTOR NOVEL PARA SEYDOU SARR NO FESTIVAL DE VENECIA 2023

PREMIO DO PÚBLICO AO MELLOR FILME EUROPEO DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2023



VENRES 10, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 12, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL

KUOLLEET LEHDET FOLLAS DE OUTONO (2023)

Aki Kaurismäki

Finlandia, Alemaña / 81 min / Ficción / Finés

Ficha artística:

Alma Pöysti, Alina Tomnikov, Jussi Vatanen

Ficha técnica:

·**Guión:** Aki Kaurismäki

·**Fotografía:** Timo Salminen

·**Edición:** Samu Heikkilä

·**Produción:** Reinhard Brundig, Misha Jaari, Aki Kaurismäki, Mark Lwoff

Sinopse:

A historia de dúas persoas solitarias que se atopan por casualidade na noite de Helsinqui e tentan atopar o primeiro, único e último amor das súas vidas. O seu camiño cara a esta honrosa meta vese embazado polo alcoholismo do home, números de teléfono perdidos e a tendencia xeral da vida a poñer obstáculos no camiño de quen busca a súa felicidade.

Aki Kaurismäki (Orimattila, Finlandia). Comezou a súa carreira como codirector nas películas do seu irmán maior, Mika. Aki debutou como director independente con *Crime e castigo* (1983), adaptación da famosa historia de Dostoievsky na Helsinqui moderna. Gañou a atención da crítica a nivel mundial con *Leningrad Cowboys Go America*, (1989), *unha curiosa road movie* musical en clave satírica. Logo virían *Luces ao atardecer* (2006), *Un home sen pasado* (2002), *Juha* (1999) ou *Nubes pasaxeirás* (1996), recoñecidos filmes cos que constrúe unha das filmografías máis persoais da actualidade.

PREMIO DO XURADO NO FESTIVAL DE CANNES 2023

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2023



VENRES 17, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 20, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL

LA CHIMERA A QUIMERA (2023)

Alice Rohrwacher

Italia, Francia, Suíza / 133 min / Ficción / Italiano, Inglés

Ficha artística:

Josh O'Connor, Carol Duarte, Vincenzo Nemolato,

Alba Rohrwacher, Isabella Rossellini

Ficha técnica:

·**Guión:** Alice Rohrwacher

·**Fotografía:** Hélène Louvart

·**Edición:** Nelly Quettier

·**Produción:** Carlo Cresto Dina

Sinopse:

Cada persoa ten a súa propia quimera, algo que tenta acadar pero nunca dá atopado. Para a banda dos *tombaroli* (ladrons de bens funerarios antigos e de marabillas arqueolóxicas), a quimera é redimirse do traballo e o soño da riqueza fácil. Para Arthur, a quimera aseméllase á muller que perdeu, Beniamina. Para atopala, Arthur enfróntase ao invisible, busca por todas as partes e intérase na terra á procura da porta ao alén da que falan os mitos. Nunha viaxe aventureira entre os vivos e os mortos, entre bosques e cidades, entre celebracións e *solitudes*, desenvólvense os destinos destes personaxes, todos á procura de cadansúa quimera.

Alice Rohrwacher (Fiesole, Italia). Estudou grego clásico, Historia das Religións, Literatura e Filosofía entre Turín e Lisboa. Traballou en teatro musical e na dirección e montaxe de documentais. A súa primeira película, *Corpo celeste*, tivo a súa estrea internacional na Quincena dos Realizadores do Festival de Cannes do 2011. Dalgún xeito, Cannes converterase na casa da directora. Foi tamén alí onde estreou a súa segunda longametraxe, *Le meraviglie* (2014), que gañou o gran premio no festival, e *Lazzaro felice* (2018), coa que obtivo o premio ao mellor guión.

CANDIDATA Á PALMA DE ORO NO FESTIVAL CANNES 2023

ESPIGA DE PRATA NA SEMINCI 2023



DOMINGO 12, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 18, 17.45 | SALÓN TEATRO

LA PASIÓN DE DODIN BOUFFANT A LUME MANSO (2023)

Tran Anh Hung

Francia / 135 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Juliette Binoche, Benoît Magimel, Emmanuel Salinger,
 Patrick D'Assumçao

Ficha técnica:

- **Guión:** Tran Anh Hung
- **Fotografía:** Jonathan Ricquebourg
- **Edición:** Mario Battistel
- **Produción:** Olivier Delbosc, Bastien Sirodot, Cédric Iland

Sinopse:

1885. A cociñeira Eugénie leva traballando para o famoso gourmet Dodin os últimos 20 anos. Co paso do tempo, a práctica da gastronomía e a mutua admiración entre eles fóronse tornando nunha relación romántica. A súa asociación deu lugar a pratos únicos, capaces de satisfacer os padais máis esixentes. Mais Eugénie valora a súa liberdade e nunca quixo casar con Dodin. Daquela, el decide facer algo que nunca fixera antes: cociñar para ela.

Anh Hung Tran (Đà Nẵng, Vietnam). En 1975 exiliouse a Francia coa súa familia e alí estudou cinema. No seu debut como director en 1992 con *O ulido da papaia verde* gañou o premio Cámara de Ouro no Festival de Cannes, o que lle reportou sona e reputación a nivel internacional. Tamén obtivo unha candidatura ao Óscar á mellor película de fala non inglesa. A súa segunda película, *Cyclo*, gañou o León de Ouro en Venecia 1995. Os seus outros créditos inclúen *The vertical ray of the sun*, *I come with the rain* ou *Tokio Blues* (Norwegian Wood).

🌿 **MELLOR DIRECCIÓN NO FESTIVAL DE CANNES 2023**



VENRES 10, 20.15 | NUMAX
SÁBADO 11, 22.00 | NUMAX

LA ÚLTIMA NOCHE DE SANDRA M. (2023)

Borja de la Vega

España / 87 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Claudia Traisac, Georgina Amorós, Núria Prims,
 Nicolás Illoro, Pep Ambrós

Ficha técnica:

- **Guión:** Borja de la Vega
- **Fotografía:** Martín Urrea
- **Edición:** Jorge García Soto, Pedro Collantes
- **Produción:** Jorge García Soto, Pedro Collantes

Sinopse:

1977. Sandra, de 18 anos, é actriz en España da Transición, nun momento no que ser nova e guapa condena as intérpretes ao chamado "cinema do destape". Pero Sandra aspira a ser unha actriz seria, importante, e sabe que para iso ten un duro camiño por diante. Durante unha calorosa tarde de agosto, soa e angustiada por un embarazo non desexado, intenta decidir o seu futuro, entre improbables plans de viaxe e as súas aspiracións a grande actriz.

Borja de la Vega (Barcelona, Cataluña). *La última noche de Sandra M.* é a segunda longametraxe escrita e dirixida por Borja de la Vega. A primeira, *Mía y Moi* (2021), foi a única película española a competición dentro da sección Talents do Festival D'A de Barcelona, púidose ver en festivais internacionais e vendeuse a distribuidoras de Estados Unidos, Reino Unido, Francia e Alemaña.

🌿 **SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE MÁLAGA 2023**
 🌿 **SECCIÓN NOVAS VISIONS DO FESTIVAL DE SITGES 2023**



VENRES 24, 20.15 | SALÓN TEATRO

LAS TIERRAS DEL CIELO (2023)

Pablo García Canga

España / 83 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Luis Moreno, Paula Ruiz, Lola Casamayor, Violeta Gil,
 Andrés Gertrudix

Ficha técnica:

- **Guión:** Pablo García Canga
- **Fotografía:** Macarena Montesinos
- **Edición:** Antonio Trullén Funcia, Pablo García Canga
- **Produción:** Ángel Santos Touza, Pablo García Canga

Sinopse:

Unha noite. Unha cidade. Madrid. Cinco conversas. Nove personaxes. Contan historias persoais, contan historias inventadas e contan, tamén, unha vella historia que vai de conversa en conversa. É a historia dunha vella película xaponesa. A historia dun panadeiro poeta e unha moza que traballa nunha tenda de alimentación.

Pablo García Canga (Madrid). É guionista e director. É membro do comité de selección do festival Punto de Vista e profesor na Escola SUR. Compartina estas actividades coa escritura crítica para revistas especializadas, como *Shangri-la*, *Lumière*, *Détour*, *SoFilm España* ou *Cinema Comparat*, e coa tradución de títulos, como *Amistad*, *el último toque Lubitsch* (Samson Raphaelson) ou *El Greco*, *cinéasta* (S.M. Eisenstein), ambos os dous editados por Intermedio. É autor do ensaio *Ozu*, *multitudes*, publicado no 2020 por Athenaica. *Las tierras del cielo* é a súa primeira longametraxe.



SÁBADO 25, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL

LE PROCÈS GOLDMAN O CASO GOLDMAN (2023)

Cédric Kahn

Francia / 116 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Arieh Worthalter, Arthur Harari, Stéphan Guérin-Tillié

Ficha técnica:

- **Guión:** Nathalie Hertzberg, Cédric Kahn
- **Fotografía:** Patrick Ghiringhelli
- **Edición:** Yann Dedet
- **Produción:** Nathalie Dennes, Benjamin Elalouf, Cédric Kahn

Sinopse:

En 1975 celébrase o xuízo de Pierre Goldman, unha apaixonada e controvertida figura do activismo de esquerda revolucionaria. Culpado de numerosos cargos, Goldman proclama a súa inocencia nunha acusación de dobre asasinato. Vinte anos antes do caso de OJ Simpson, o xuízo de Goldman reflicte as tensións políticas, ideolóxicas e raciais que marcaron os anos 70 en Francia e Europa. Considerado daquela como o xuízo do século, dividiu a todo un país e ampliou a fenda entre a dereita conservadora e os intelectuais de esquerda.

Cédric Kahn (Crest, Francia). En 1991, tras dúas curtametraxes, dirixiu a súa primeira longametraxe, *Bar des rails*, seleccionada no Festival de Venecia. Tres anos despois, a súa segunda película, *Trop de bonheur*, foi seleccionada na Quincena de Realizadores do Festival de Cannes, onde obtivo o premio Jean Vigo. *L'Ennui* (1998), *Roberto Succo* (2001), *Regrets* (2009) ou *Wild life* (2014) son outros filmes da súa autoría.



DOMINGO 19, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 21, 16.30 | TEATRO PRINCIPAL

MAL VIVER (2023)

João Canijo

Portugal, Francia / 127 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Anabela Moreira, Rita Blanco, Madalena Almeida

Ficha técnica:

- **Guión:** João Canijo
- **Fotografía:** Leonore Teles
- **Edición:** João Braz
- **Produción:** Pedro Borges

Sinopse:

Un grupo de mulleres de diferentes xeracións dunha mesma familia xestiona un hotel na costa norte de Portugal. As relacións entre elas fóronse estragando e tratan de sobrevivir nun establecemento en decadencia. A chegada inesperada dunha neta desencadea os problemas, ao tempo que agroman os odios latentes e os resentimentos acumulados.

João Canijo (Porto, Portugal). Comezou a súa carreira como asistente de dirección de Manoel de Oliveira, Wim Wenders, Alain Tanner e Werner Schroeter. A súa primeira longametraxe, *Três menos eu*, inaugurou o Festival Internacional de Cinema de Róterdam de 1988. Dende aquela, realizou máis de dez longametraxes que se proxeccionaron regularmente nas seccións oficiais de Cannes, Venecia e Toronto. Algunhas delas foron multipremiadas, como *Sangue do meu sangue*, que acadou unha vintena de galardóns, entre eles o premio FIPRESCI en San Sebastián 2011. O seu traballo foi honrado con retrospectivas en cidades como Busan, La Rochelle e Bos Aires.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO NA BERLINALE 2023



MARTES 21, 21.15 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 24, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL

NU AȘTEPTA PEA MULT DE LA SFÂRȘITUL LUMII NON AGARDES MOITO DA FIN DO MUNDO (2023)

Radu Jude

Romanía, Croacia, Francia, Luxemburgo / 163 min / Ficción / Romanés, inglés

Ficha artística:

Ilinca Manolache, Nina Hoss, Uwe Boll, Ovidiu Pirșan, Dorina Lazar, László Miske, Katia Pascariu

Ficha técnica:

- **Guión:** Radu Jude
- **Fotografía:** Marius Panduru
- **Edición:** Cătălin Cristuțiu
- **Produción:** Radu Jude, Adrian Sitaru, Ada Solomon

Sinopse:

Unha axudante de produción sobrecargada de traballo e mal pagada debe conducir pola cidade de Bucarest para filmar a audición dun vídeo de seguridade laboral encargado por unha multinacional. Cando un dos seus entrevistados fai unha declaración que desencadea un escándalo, vese obrigada a reinventar toda a historia.

Radu Jude (Bucarest, Romanía). A primeira longametraxe de Jude, *A moza máis feliz do mundo* (2009), foi seleccionada en máis de 50 festivais de cinema internacionais. Seguiron títulos como *Todos na nosa familia* (2012), *Aferim!* (2015) e *Scarred Hearts* (2016), que levan gañado múltiples premios. A estrea internacional de *The Dead Nation* en Locarno no 2017 marcou o seu debut no cinema documental. A súa última longametraxe, *Sexo desafortunado ou porno tolo*, gañou o Oso de Ouro na Berlinale 2021.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE LOCARNO 2023



MARTES 14, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL
XOVES 16, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL

ROTER HIMMEL AFIRE - O CEO VERMELLO (2023)

Christian Petzold

Alemaña / 103 min / Ficción / Alemán

Ficha artística:

Thomas Schubert, Paula Beer, Enno Trebs

Ficha técnica:

- **Guión:** Christian Petzold
- **Fotografía:** Hans Fromm
- **Edición:** Bettina Böhler
- **Produción:** Anton Kaiser, Florian Koerner von Gustorf, Simon Ofenloch, Claudia Tronnier, Caroline Von Senden, Michael Weber

Sinopse:

Un verán caloroso e seco, coma tantos nos últimos anos. Unha pequena casa de vacacións a carón do mar Báltico. Xúntanse catro mozos, vellos e novos amigos. Un ceo vermello alzáse sobre eles. Paseniño e imperceptiblemente as lapas arrodéanos. Dubidan, teñen medo —mais non polos incendios—, é o amor o que asusta. Felicidade, luxuria e liberación, pero tamén celos, resentimentos e tensións. Unha película suspendida entre o simbolismo e o realismo, ben divertida e asemade fondamente trágica.

Christian Petzold (Hilden, Alemaña, 1960). É un dos compoñentes máis representativos do movemento chamado Escola de Berlín, xunto a cineastas como Angela Schanelec e Ulrich Köhl. Estudou cinema na Academia Alemá de Cinema e Televisión. Revela internacionalmente o seu talento con *Die innere Sicherheit* (2000). Dende aquela dirixe títulos como *Yella* (2006), *Jerichow* (2008), *Barbara* (2012), *Phoenix* (2014), *Transit* (2018) ou *Undine* (2020), premiados en multitude de festivais.

GRAN PREMIO NA BERLINALE 2023

CANDIDATA A MELLOR FILME NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN



XOVES 23, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL

SOBRE TODO DE NOCHE (2023)

Victor Iriarte

España, Francia, Portugal / 109 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Lola Dueñas, Ana Torrent, Manuel Egozkue, María Vázquez

Ficha técnica:

- **Guión:** Isa Campo, Andrea Queral, Víctor Iriarte
- **Fotografía:** Pablo Paloma
- **Edición:** Ana Pfaff
- **Produción:** Isa Campo, Isaki Lacuesta, Tamara García, Katixa Silva, Valérie Delpierre, Pablo Iraola, Andrea Queral

Sinopse:

Cando Vera era nova, non se puido facer cargo do seu fillo e tivo que dalo en adopción. Anos despois, cando quixo saber se todo saíra ben, as institucións dixéronlle que o seu expediente non existía. Dende aquela segue a buscar o seu fillo. Cando Cora era nova, o seu médico díxolle que non ía poder ter fillos e que a única maneira de formar unha familia era adoptando. Cora dedicou a súa vida a dar clases de piano e a coidar do seu fillo adoptivo Egoz, que está para cumprir 18 anos. Agora, os camiños destes tres personaxes —unha nai, un fillo, unha nai— están a piques de se cruzar. E este encontro mudará os seus destinos para sempre.

Victor Iriarte (Bilbao, País Vasco). Artista, cineasta e programador cinematográfico. Axudante de dirección na primeira longa de Isaki Lacuesta, *Cravan versus Cravan* (2001), foi director de fotografía de *Buenas noches, España* (2011), de Raya Martin. Creou a súa produtora Cajaconcosasdentro no 2005 e dende aquela desenvolve unha obra cinematográfica e audiovisual presente no circuito internacional de festivais e centros de arte contemporánea. *Sobre todo de noche* é a súa primeira longametraxe de ficción.

SECCIÓN GIORNATE DEGLI AUTORI NO FESTIVAL DE VENECIA 2023

PREMIO FIPRESCI DA CRÍTICA INTERNACIONAL NA SEMINCI 2023



XOVES 23, 22.00 | SALÓN TEATRO
VENRES 24, 18.00 | SALÓN TEATRO

UROTCHITE NA BLAGA AS LECCIÓN DE BLAGA (2023)

Stephan Komandarev

Bulgaria, Alemaña / 114 min / Ficción / Búlgaro

Ficha artística:

Eli Skorcheva, Gerasim Georgiev, Rozalia Abgarian, Ivan Barnev, Stefan Denolyubov, Ivaylo Hristov

Ficha técnica:

- **Guión:** Simeon Ventsislavov, Stephan Komandarev
- **Fotografía:** Vesselin Hristov
- **Edición:** Nina Altaparmakova
- **Produción:** Stephan Komandarev, Katya Trichkova


Sinopse:

Blaga é unha exprofesora de setenta anos que acaba de enviuvir e unha muller de moral firme. Cando uns estafadores telefónicos lle rouban os cartos que aforrara para a tumba do seu home, o seu equilibrio moral empeza a se desestabilizar aos poucos.

Neste evocador drama que presenta unha interpretación maxistral de Eli Skorcheva como Blaga, Komandarev apunta a súa lente ás vidas das persoas maiores de hoxe, un grupo vulnerable ao que os políticos decote prometen o dereito a unha vida digna, pero ao que lle ofrecen unha realidade ben diferente.

Stephan Komandarev (Sofía, Bulgaria). Graduouse como director de cinema e televisión pola New Bulgarian University en 1998. Un ano despois fundou unha produtora de seu: Argo. Estreou a súa ópera prima, *Dog's home*, na sección Forum da Berlinale no 2001. A súa segunda película, *O mundo é grande e a felicidade está ao virar a esquina*, acadou máis de 35 premios en festivais e foi preseleccionada para o Óscar á mellor película en lingua non inglesa no 2009. *O xuízo* (2014), *Destinos* (2017) ou *Rounds* (2019) son outros dos seus títulos.

🏆 **MELLOR ACTRIZ PARA ELI SKORCHEVA E GLOBO DE CRISTAL Á MELLOR PELÍCULA EN KARLOVY VARY 2023**



LUNS 20, 18.30 | SALÓN TEATRO
MÉRCORES 22, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL

VIVER MAL (2023)

João Canijo

Portugal, Francia / 124 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Nuno Lopes, Filipa Areosa, Leonor Silveira

Ficha técnica:

- **Guión:** João Canijo
- **Fotografía:** Leonor Teles
- **Edición:** João Braz
- **Produción:** Pedro Borges, François d'Artemare

Sinopse:

Cinco mulleres dirixen un vello hotel e tentan salvarlo dunha decadencia inexorable. As persoas convidadas chegan no transcurso dunha fin de semana: unha parella leva as feridas dun longo malentendido; unha nai dominante interfere na relación da súa filla, e dúas mozas intentan salvar a súa propia historia de amor fronte á oposición dunha nai posesiva.

João Canijo (Porto, Portugal). Comezou a súa carreira como asistente de dirección de Manoel de Oliveira, Wim Wenders, Alain Tanner e Werner Schroeter. A súa primeira longametraxe, *Três menos eu*, inaugurou o Festival Internacional de Cinema de Róterdam de 1988. Dende aquela, realizou máis de dez longametraxes que se proxectaron regularmente nas seccións oficiais de Cannes, Venecia e Toronto. *Sangue do meu sangue* obtivo múltiples galardóns, como o premio FIPRESCI en San Sebastián. O seu traballo foi honrado con retrospectivas en cidades como Busan, La Rochelle e Bos Aires.

🏆 **SECCIÓN ENCONTROS DO FESTIVAL DE BERLÍN 2023**



LUNS 20, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL
XOVES 23, 22.15 | TEATRO PRINCIPAL

ZIELONA GRANICA A FRONTEIRA VERDE (2023)

Agnieszka Holland

Polonia, República Checa, Francia, Bélxica / 147 min / Ficción / Polaco, árabe, inglés, francés

Ficha artística:

Jalal Altawil, Maja Ostaszewska, Behi Djanati Atai, Mohamad Al Rashi, Dalia Naous

Ficha técnica:

- **Guión:** Maciej Pisuk, Gabriela Łazarkiewicz-Sieczko, Agnieszka Holland
- **Fotografía:** Tomasz Naumiuk
- **Edición:** Pavel Hrdlička
- **Produción:** Marcin Wierzchoslawski, Fred Bernstein, Agnieszka Holland

Sinopse:

Nos bosques da chamada 'fronteira verde' entre Bielorrusia e Polonia, os refuxiados do Medio Oriente e de África que intentan chegar á Unión Europea están atrapados nunha crise xeopolítica deseñada polo ditador bielorruso Alexander Lukashenko. Nun intento de provocar a Europa, os refuxiados son atraídos á fronteira a través de propaganda que promete un paso fácil á UE. Como peóns nesta guerra oculta, entrelázanse as vidas de Julia, unha activista que abandonou a súa cómoda vida, Jan, un novo garda fronteirizo, e unha familia de refuxiados sirios.

Agnieszka Holland (Varsovia, Polonia). É unha das máis prominentes cineastas polacas. O seu filme máis coñecido é *Europa Europa* (1991), baseado na biografía de Solomon Perel. Tamén é autora de *In Darkness*, candidata ao Óscar á mellor película de fala non inglesa 2011. No 2017 recibiu na Berlinale o Alfred Bauer Prize por *O rastro* e con *Mr. Jones* (2019) volveu participar na sección oficial do festival alemán.


🏆 **PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE VENECIA 2023**



CINEUROPA 37
“UNHA EDICIÓN TOLATOLA TOLA”

CINEUROPA 37

**SECCIÓNS
OFICIAIS**



XURADOS




ÁLVARO BRECHNER

Montevideo, 1976

Director, guionista e produtor, Álvaro Brechner naceu en Montevideo e posteriormente estableceuse en España. Realizou curtas e decenas de documentais que foron premiados en máis dun cento de festivais internacionais. As súas tres longametraxes, *Mal día para pescar* (2009), *Mr. Kaplan* (2014) e *La noche de 12 años* (2018), foron estreadas en certames como Cannes, Venecia e San Sebastián, e entre os recoñecementos que recibiron figuran os das Academias de Cine Arxentina e Brasileña. Brechner gañou ademais un Goya e a Pirámide de Ouro do Festival do Cairo e foi designado pola revista Variety como un dos dez directores iberoamericanos máis influentes.

No ano 2022 dirixiu a serie *El Presidente* (Gaumont/Amazon Studios) e recentemente, a ópera *Don Giovanni* de Mozart no Teatro Nacional Solís, nunha mostra da súa versatilidade. Alén disto, foi xurado na Semana da Crítica de Cannes e nos festivais de Venecia, Málaga, Torino, Varsovia, Sofía, Xixón, Kerala e Friburgo.

CINEUROPA 37



Fotografía: Jean-Jacques Ader

CARLOS LOSILLA

Barcelona, 1960

É escritor, tradutor e membro do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine*. Exerceu a crítica de cine, entre outras publicacións, nas revistas *Dirigido por* e *Time Out*, así como no diario *Avui* e no suplemento Cultura(s) de *La Vanguardia*. É profesor na Universitat Pompeu Fabra e na ESCAC, tamén forma parte do equipo de programación do Festival de Cinema D'Autor de Barcelona (D'A). Entre os seus libros atópanse *El cine de terror* (1993), *En busca de Ulrich Seidl* (2003), *La invención de Hollywood* (2003), *El sitio de Viena* (2010), *La invención de la modernidad* (2011), *Raoul Walsh* (2020) ou *Deambulaciones* (2021). Recentemente, coordinou o volume de entrevistas *El cine deseado. 10 directoras del siglo XXI* (2023), que acaba de ser publicado.



VALENTINA OTORMIN DALL'OGLIO

Mercedes, 1993

Naceu en Uruguai pero vive en Francia, onde creceu. Leva sete anos colaborando con varios festivais, contribuíndo a súa programación dende unha perspectiva política e social, acotío atravesada polo espírito do activismo. Considera o cinema como unha ponte que conecta diferentes culturas e por iso traballa como programadora da Sección Longametraxes de Ficción no Festival Biarritz Amérique Latine e como coordinadora do festival de cinema europeo ArteKino, organizado por Arte France Cinéma.

Tamén contribuíu á programación da Cinemateca Uruguia de Montevideo no marco do Festival Cinematográfico Internacional do Uruguai e a doutros festivais como Annecy Cinéma Italien e Annecy Cinéma Espagnol. Este ano foi xurado da competición principal do Shorts International Film Festival de Trieste, Italia.

ESTE É O XURADO NOVO DE CINEUROPA 37!



TEÑEN NAS SÚAS MANS A COMPOSICIÓN DO SEU PROPIO PALMARÉS COAS SEGUINTE CATEGORÍAS:

- 🌿 MELLOR PELÍCULA
- 🌿 MELLOR DIRECCIÓN
- 🌿 MELLOR GUIÓN
- 🌿 MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA
- 🌿 MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA



ANDRÉ PARRA RODRÍGUEZ



CARLOTA ÁLVAREZ FEIJOO



LUCÍA ORTIGUEIRA PIÑEIRO



MATEO FERNÁNDEZ LÓPEZ



MIKE CRUZ

OS PREMIOS DO XURADO NOVO SERÁN DE CARÁCTER HONORÍFICO E DARANSE A COÑECER NA GALA DE CLAUSURA DO FESTIVAL

CINEUROPA 37



SECCIONES PARALELAS

400

ARGENTINA, 1985
CAPITÁN KÓBLIC
EL CENSOR
EL EXILIO DE GARDEL (TANGOS)
EL JUICIO
INFANCIA CLANDESTINA
LA HISTORIA OFICIAL
MADE IN ARGENTINA

CENTENARIO JORGE SEMPRÚN

L'ATTENTAT / O ATENTADO
L'AVEU / A CONFESIÓN
LA GUERRE EST FINIE / A GUERRA REMATOU
LAS VEREDAS DE SATURNO
LES DEUX MÉMOIRES / AS DÚAS MEMORIAS
LES ROUTES DU SUD / AS RUTAS DO SUR
OBJECTIF: 500 MILLIONS /
OBXECTIVO: 500 MILLÓNS
SECTION SPÉCIALE /
SECCIÓN ESPECIAL
STAVISKY
UNE FEMME À SA FENÊTRE /
UNHA MULLER NA FIESTRA
Z

CINEUROPA MIÚDA

LINDA VEUT DU POULET! /
LINDA QUERE POLO!
THE INSEPARABLES / OS INSEPARABLES

FANTASTIQUE COMPOSTELA

ACIDE / ÁCIDO
JAM / SLEEP
MÁS NEGRO QUE LA NOCHE
RAPIÑA
SUPERVIVIENTES DE LOS ANDES
THE WICKER MAN / O HOME DE VIME
VENENO PARA LAS HADAS
VINCENT DOIT MOURIR / VINCENT DEBE MORRER

FOCO HOMENAXE A JOÃO CANIJO

FÁTIMA
SANGUE DO MEU SANGUE
TRABALHO DE ACTRIZ, TRABALHO DE ACTOR

MARATÓN

(POR ORDE DE PROXECCIÓN)
ACIDE / ÁCIDO
PELÍCULA SORPRESA 1


VINCENT DOIT MOURIR /
VINCENT DEBE MORRER
MÁS NEGRO QUE LA NOCHE
PELÍCULA SORPRESA 2
THE WICKER MAN / O HOME DE VIMBIO
SETTE NOTE IN NERO / SETE NOTAS EN NEGRO
SUPERVIVIENTES DE LOS ANDES

O MUNDO ESTÁ TOLO, TOLO, TOLO, TOLO

ANTOINE ET ANTOINETTE / ESCAPOU A SORTE
HEAVEN CAN WAIT / O DIAÑO DIXO NON
HELLZAPOPPIN' / LOUQUILANDIA
I SOLITI IGNOTI / RUFUFÚ
IT'S A MAD MAD MAD MAD WORLD /
O MUNDO ESTÁ TOLO, TOLO, TOLO, TOLO
KISS ME, STUPID / BÍCAME, ESTÚPIDO
LA GRANDE VADROUILLE / A GRANDE ESMORGA
PALOMBELLA ROSSA / VASELINA VERMELLA
SULLIVAN'S TRAVELS / AS VIAXES DE SULLIVAN
TAMPOPO
UN CHAPEAU DE PAILLE D'ITALIE /
UN CHAPEU DE PALLA DE ITALIA
WITHNAIL & I / WITHNAIL E EU


PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA

EL REINO
MAL VIVER
SOBRE TODO DE NOCHE



CINEUROPA 37

SECCIONES PARALELAS



40D

CINEMA E DEMOCRACIA: 40 ANOS DE DEMOCRACIA ARGENTINA

No marco das celebracións polos 40 anos de democracia a cumprirse o vindeiro 10 de decembro, o Consulado Xeral da República Argentina en Vigo desenvolve unha serie de actividades tendentes a salientar, difundir e reflexionar sobre a vivencia dos dereitos humanos e o significado histórico, político e social que posúe a democracia.

Este ciclo cinematográfico celebrado na 37ª edición de Cineuropa é unha desas actividades creadas co obxectivo de poñer en valor os modos en que a sociedade argentina exercitou a memoria sobre o pasado ditatorial e os seus efectos no presente. Un dos piares fundamentais foi a expresión artística, entre elas, a produción cinematográfica. Ben sexa en forma de ficción ou documental, a extensa filmografía que as creadoras e creadores cinematográficos dedicaron a este tema abrangue todo tipo de información, documentos, perspectivas e reflexións sobre o terrorismo de Estado, a militancia social e política, e os xeitos máis lóxicos e terapéuticos de procurar xustiza e construír memoria.

MÉRCORES 22, 17.00 | AUDITORIO (SALA MOZART)
SÁBADO 25, 21.45 | MULTICINES COMPOSTELA

ARGENTINA, 1985 (2022)

Santiago Mitre

Arxentina / 140 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Ricardo Darín, Peter Lanzani, Alejandra Flechner, Carlos Portaluppi, Norman Briski, Héctor Díaz, Alejo García Pintos, Claudio Da Passano, Gina Mastronicola, Walter Jakob, Laura Paredes

Ficha técnica:

·**Guión:** Santiago Mitre, Mariano Llinás
 ·**Fotografía:** Javier Juliá
 ·**Edición:** Andrés P. Estrada
 ·**Produción:** La Unión de los Ríos, Kenya Films, Infinity Hill, Amazon Studios

Sinopse:

A historia segue os sucesos arredor do Xuízo ás Xuntas de 1985, que perseguiron os líderes da última ditadura cívico-militar (1976-1983). Céntrase no esforzo dun grupo de avogados dirixidos polos fiscais Julio César Strassera e Luis Moreno Ocampo contra os responsables da ditadura máis sanguenta da historia da Arxentina.

- 🏆 CANDIDATA Á MELLOR PELÍCULA INTERNACIONAL NOS ÓSCAR 2022
- 🏆 MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA NOS GLOBOS DE OURO 2022
- 🏆 PREMIO FIPRESCI DO FESTIVAL DE VENECIA 2022
- 🏆 MELLOR PELÍCULA IBEROAMERICANA NOS GOYA 2022



LUNS 20, 17.00 | AUDITORIO (SALA MOZART)
SÁBADO 25, 17.15 | MULTICINES COMPOSTELA

CAPITÁN KÓBLIC (2016)

Sebastián Borensztein

Arxentina / 92 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Ricardo Darín, Óscar Martínez, Inma Cuesta, Marcos Cartoy Díaz

Ficha técnica:

·**Guión:** Sebastián Borensztein, Alejandro Ocón
 ·**Fotografía:** Rodrigo Pulpeiro
 ·**Edición:** Pablo Blanco, Alejandro Carrillo Penovi
 ·**Produción:** Pampa Films, Gloriamundi

Sinopse:

Durante a ditadura militar arxentina (finais dos 70) o excapitán da Armada Tomás Kóblíc participou nos voos da morte, denominados así porque se botaban vivas ao mar as persoas detidas-desaparecidas. Cando deixa a Armada, Kóblíc refúxiase en Colonia Helena, onde impera a lei do comisario Velarde, un delincente con uniforme policial, líder dunha banda que se dedica ao roubo de gando e que ten escuras conexións con xerarcas militares.

- 🏆 MELLOR FOTOGRAFÍA E MELLOR ACTOR DE REPARTO, PARA ÓSCAR MARTÍNEZ, NO FESTIVAL DE MÁLAGA 2016



MARTES 14, 21.30 | SALÓN TEATRO
VENRES 24, 19.15 | MULTICINES COMPOSTELA

EL CENSOR (1995)

Eduardo Calcagno

Arxentina / 115 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Ulises Dumont, Patricio Contreras, Kika Child, Lorenzo Quinteros, Rubén Szuchmacher

Ficha técnica:

·**Guión:** Alan Paulus
 ·**Fotografía:** José María Hermo
 ·**Edición:** Julio Di Risio
 ·**Produción:** INCAA

Sinopse:

Achegamento á figura dun censor cinematográfico da época da última ditadura militar arxentina (levemente inspirado en Miguel Paulino Tato). Raúl Veirabé é o xefe da oficina de censura cinematográfica. É un home de mediana idade, franco, audaz e honesto a quen lle gustan as boas películas, filmes que por outra banda ten que censurar. Colecciona fotogramas de películas nas que aparece unha extra moi atractiva. Inesperadamente, desaparece da butaca dun cinema e esperta oito anos máis tarde no medio doutra época: a democracia reina no país. El trata de reconstruír a súa vida e descobre o que pasou durante todos eses anos.

- 🏆 PREMIO AO MELLOR ACTOR PARA ULISES DUMONT NO FESTIVAL DE CINEMA DA HABANA 1995



MARTES 21, 19.45 | AUDITORIO (SALA MOZART)
VENRES 24, 21.45 | MULTICINES COMPOSTELA

EL EXILIO DE GARDEL (TANGOS) (1985)

Fernando Solanas

Francia, Arxentina / 119 min / Ficción / Francés, español

Ficha artística:

Marie Laforet, Miguel Ángel Solá, Philippe Léotard, Lautaro Murúa

Ficha técnica:

·**Guión:** Fernando Solanas
 ·**Fotografía:** Félix Monti
 ·**Edición:** Luis César D'Angiolillo (como Cesar D'Angiolillo), Jacques Gaillard
 ·**Produción:** V. Diaz Amo, Envar El Kadri, Mario Marchioli, Fernando E. Solanas

Sinopse:

Musical de tango que amosa detalles da vida dun grupo de arxentinos tratando de sobrevivir no seu exilio en París, durante a ditadura denominada Proceso de Reorganización Nacional (1976-1983).

- 🏆 MELLOR BANDA SONORA ORIGINAL NOS CÉSAR 1985
- 🏆 GRAN CORAL Á MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL INTERNACIONAL DA HABANA 1985
- 🏆 PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE VENECIA 1985



VENRES 17, 20.15 | NUMAX

EL JUICIO (2023)

Ulises de la Orden

Francia, Arxentina / 177 min / Documental / Español

Ficha técnica:

- **Guión:** Ulises de la Orden
- **Fotografía:** Pablo Parra
- **Edición:** Alberto Ponce
- **Produción:** Alessandro Borrelli, Richard Copans, Ulises de la Orden, Dag Hoel

Sinopse:

En 1985, dous anos logo do remate da ditadura militar en Arxentina, os principais membros da xunta son xulgados nos tribunais. Ulises de la Orden crea 18 capítulos sucintamente editados a partir de 530 horas de metraje que serven de testemuño do terrorismo de Estado.

🏆 CANDIDATA Á MELLOR DOCUMENTAL NO FESTIVAL DE BERLÍN 2023

🏆 CANDIDATA Á MELLOR FILME NA SECCIÓN ZABALTEGI-TABAKALERA DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2023

🏆 MENCIÓN ESPECIAL AO MELLOR DOCUMENTAL NO FESTIVAL DE CINE DE LIMA 2023

VENRES 17, 19.30 | AUDITORIO (SALA MOZART)
DOMINGO 19, 17.30 | MULTICINES COMPOSTELA**INFANCIA CLANDESTINA (2012)**

Benjamín Ávila

Arxentina, España, Brasil / 112 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Natalia Oreiro, César Troncoso, Ernesto Alterio, Teo Gutiérrez Moreno

Ficha técnica:

- **Guión:** Benjamín Ávila, Marcelo Müller
- **Fotografía:** Iván Gierasinchuk
- **Edición:** Gustavo Giani
- **Produción:** Maximiliano Dubois, Tania Balló

Sinopse:

Despois de vivir no exilio, Juan, un neno de doce anos, regresa coa súa familia a Arxentina, onde aínda goberna a Xunta Militar. Na súa vida clandestina, ten outro nome ao igual que toda a súa familia. Juan tamén se chama Ernesto. No barrio e na escola coñéceno así pero na súa casa é simplemente Juan. Estes dous mundos, Juan e Ernesto, conviven, coliden e retro-aliméntanse até un punto no que Juan non poderá sostelo máis e quere comezar a súa propia clandestinidade co seu gran amor María, unha nena que coñece na escola.

🏆 CANDIDATA AO MELLOR FILME LATINOAMERICANO NOS GOYA 2013

🏆 SELECCIONADA NA QUINCENA DOS REALIZADORES NO FESTIVAL DE CANNES 2012



MARTES 21, 17.00 | AUDITORIO (SALA MOZART)

LA HISTORIA OFICIAL (1985)

Luis Puenzo

Arxentina / 110 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Norma Aleandro, Héctor Alterio, Hugo Arana

Ficha técnica:

- **Guión:** Aída Bortnik, Luis Puenzo
- **Fotografía:** Félix Monti
- **Edición:** Juan Carlos Macías
- **Produción:** Oscar Kramer, Marcelo Piñeyro

Sinopse:

Bos Aires, 1983. Nos últimos anos da ditadura militar arxentina, unha acomodada profesora de historia comeza a tomar conciencia do acontecido nese período. As súas sospeitas sobre os escuros asuntos do seu home e mais unha avoa da praza de Maio que busca a súa neta son os motivos que a levan a reformular "a historia oficial". A película deu gran visibilidade internacional á loita das Avoas da Praza de Maio.

🏆 MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA NOS ÓSCAR 1985

🏆 PREMIO DO XURADO ECUMÉNICO E MELLOR ACTRIZ NO FESTIVAL DE CANNES 1985

SÁBADO 18, 17.00 | AUDITORIO (SALA MOZART)
DOMINGO 19, 20.00 | MULTICINES COMPOSTELA**MADE IN ARGENTINA (1987)**

Juan José Jusid

Arxentina / 86 min / Ficción / Español, inglés

Ficha artística:

Luis Brandoni, Marta Bianchi, Leonor Manso, Patricio Contreras, Hugo Arana

Ficha técnica:

- **Guión:** Juan José Jusid, Nelly Fernández Tiscornia
- **Fotografía:** Hugo Colace
- **Edición:** Juan Carlos Macías
- **Produción:** Alberto Trigo, Isidro O. Miguel, Rolando Epstein

Sinopse:

Osvaldo e Mabel, un matrimonio arxentino exiliado por razóns políticas nos Estados Unidos, viaxan despois de dez anos ao seu país de orixe para se reencontraren cos seus familiares e amigos. Entre eles están "o Negro", irmán de Mabel, e mais a súa muller, "a Yoli". Mabel ofrécelle ao seu irmán a posibilidade de traballar en Nova York co obxectivo de mellorar a súa situación económica, pero a muller del oponse.

🏆 PREMIO Á MELLOR ACTRIZ PARA LEONOR MANSO NO FESTIVAL DE VALLADOLID 1987

🏆 PREMIO AO MELLOR ACTOR PARA PATRICIO CONTRERAS NO FESTIVAL DE LA HABANA 1987




CENTENARIO JORGE SEMPRÚN

CENTENARIO JORGE SEMPRÚN. COA PRESENZA E TESTEMUÑOS DE COSTA-GAVRAS.

Jorge Semprún é unha figura poliédrica clave para entender e abranguer boa parte do século XX español e europeo. Home político de acción (non seu desempeño como militante clandestino en España do Partido Comunista entre 1953 e 1962), de reacción (a súa saída ou expulsión do PCE en 1964, xunto a Fernando Claudín: o seu papel na dinamitación do Partido Comunista nas primeiras eleccións democráticas de 1977) e de xestión (foi ministro de Cultura dos gobernos de Felipe González entre 1988 e 1991).

Como escritor concentrou a meirande parte da súa prolífica obra literaria na súa función memorial autobiográfica ou periférica á súa experiencia como prisioneiro no campo de concentración nazi de Buchenwald. E como guionista de cinema, embarcouse en relatar a través de historias para a gran pantalla as que foron obsesivas inquietudes ideolóxicas que foron motor da súa vida: temas tan presentes na súa colaboración estreita co Premio Cineuropa 2017 Costa-Gavras, con quen traballou para os libretos de *Z*, *A confesión e Sección especial*, con Alain Resnais (nos guións de *Stavisky* e da inequivocamente autobiográfica *A Guerra rematou*, na que o personaxe de Yves Montand é un diáfano alter ego do clandestino Federico Sánchez) e con Joseph Losey, onde Montand encarna por segunda vez a imaxe do Jorge Semprún clandestino en *Os roteiros do sur*.



Semprún estivo dúas veces nomeado ao Óscar polos seus guións: en 1968 por *A guerra rematou*, de Alain Resnais, e en 1970 por *Z*, de Costa-Gavras. É algo que ningún outro cineasta español conseguiu, o que dá unha idea da súa relevancia no cinema non só europeo senón naquela emanación que un cinema de compromiso político chego a alcanzar nun territorio tan pouco propicio como Hollywood.

En parte pola súa volcánica personalidade, que ou levou a enfrontarse con dureza con figuras de poder na Transición como Santiago Carrillo ou Alfonso Guerra, e quizais tamén polo seu afrancesamiento cultural de adopción (só escribiu directamente en castelán a novela política coa que gañou en 1977 o Premio Planeta, *Autobiografía de Federico Sánchez* e a última das súas 14 novelas, *20 años y un día*), non hai aínda en España unha consciencia cabal da importancia no noso século XX de Semprún, da súa biografía e da súa obra cinematográfica, memorialística e literaria. Só así se explica que **a piques de finalizar este 2023, ano do centenario do seu nacemento, esta programación especial de estudo e tributo á obra de Semprún sexa a primeira que se realiza en España.**

Con motivo do citado centenario, Cineuropa reflexionará sobre a figura humana e biográfica de Semprún, nunha mesa de debate na que **contaremos coa participación inestimable de Costa-Gavras, director co que o escritor colaborou en tres ocasións e con quen mantivo unha moi estreita amizade ata a súa morte.** Proxectaremos un total de dez películas baseadas en guións seus e tamén programaremos a tan interesante obra documental sobre ou final do franquismo e o estado das cousas na oposición á ditadura, o único filme que dirixiu, *As dúas memorias*.

As dúas memorias, na que o propio Costa-Gavras participa como narrador coa súa voz en *off*, é unha película seminal, un antecedente de peso de exploracións cinematográficas posteriores que tiveron moita maior difusión como *La vieja memoria*, de Jaime Camino ou o *Informe General* de Pere Portabella. En *As dúas memorias*, filmada aínda con Franco no Pardo, Semprún recolle testemuños, entre outros, de Santiago Carrillo, Federica Montseny, Jose María Gil-Robles, Dionisio Ridruejo, María Casares, André Malraux, Simón Sánchez Montero ou Fernando Claudí

José Luis Losa.

VENRES 10, 16.00 | NUMAX
VENRES 17, 22.00 | MULTICINES COMPOSTELA

L'ATTENTAT O ATENTADO (1972)

Yves Boisset

Francia / 120 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Gian Maria Volonté, Jean-Louis Trintignant, Michel Piccoli, Jean Seberg

Ficha técnica:

- **Guión:** Jorge Semprún, baseado nunha historia escrita por Ben Barzman e Basilio Franchina
- **Fotografía:** Ricardo Aranovich
- **Edición:** Albert Jurgenson
- **Produción:** Giuliani G. De Negri, Jean Gontier, Yvon Guézel

Sinopse:

Sadiel, un destacado líder rebelde norteafricano, refúxiase en Suíza tras o triunfo dun golpe de estado no seu país. Dende o exilio, organiza unha oposición democrática contra a ditadura en Marrocos. Consciente da ameaza que Sadiel representa, o coronel Kassarponse en contacto cos servizos franceses para que o eliminen. Filme baseado, aínda que non exista ningunha referencia explícita, no caso de Mehdi Ben Barka, político marroquí que loitou pola independencia e máis tarde foi un disidente do réxime de Hasán II.



LUNS 13, 17.00 | NUMAX
XOVES 16, 21.00 | NUMAX

L'AVEU A CONFESIÓN (1970)

Costa-Gavras

Francia, Italia / 140 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Yves Montand, Simone Signoret, Michel Vitold

Ficha técnica:

- **Guión:** Jorge Semprún baseado no libro homónimo de Artur London
- **Fotografía:** Raoul Coutard
- **Edición:** Françoise Bonnot
- **Produción:** Robert Dorfmann, Bertrand Javal

Sinopse:

Anton Ludvik é o viceministro de Asuntos Exteriores de Checoslovaquia. Un día, é arrestado e encarcerado en confinamento solitario. O filme amosa as torturas mentais para lograr que un funcionario confese traizón. En 1970, Costa-Gavras volveu colaborar con Jorge Semprún na adaptación da obra homónima de Artur London, publicada en 1968, na que denuncia en primeira persoa os xuízos stalinistas e as torturas das que foron vítimas os disidentes do Partido Comunista checoslovaco, entre eles o propio London, durante o famoso Proceso de Praga de 1952.



MARTES 14, 17.00 | SALÓN TEATRO
MÉRCORES 15, 19.10 | NUMAX
LUNS 20, 22.30 | NUMAX

LA GUERRE EST FINIE A GUERRA REMATOU (1966)

Alain Resnais

Francia / 121 min / Ficción / Español, francés

Ficha artística:

Yves Montand, Ingrid Thulin, Geneviève Bujold, Michel Piccoli

Ficha técnica:

- **Guión:** Jorge Semprún
- **Fotografía:** Sacha Vierny
- **Edición:** Eric Pluet, Ziva Postec
- **Produción:** Anatole Dauman, Gisèle Rebillon, Kathryn Winter

Sinopse:

En 1965, Diego, un militante do Partido Comunista de España, vive exiliado en París. Cruza regularmente a fronteira con identidades falsas, asegurando deste xeito a relación entre os militantes exiliados e aqueles que quedaron en España. Á volta dunha misión difícil, Diego comeza a dudar do sentido das súas accións e dos medios empregados para elas. A súa confrontación cos novos militantes de esquerda, que se converterán nos protagonistas do Maio do 68, é premonitory da evolución que van experimentar as distintas formas de loita. A inutilidade do esforzo e a súa progresiva decepción con respecto á ideoloxía do Partido desalentan a Diego que, paulatinamente, cae no escepticismo.

 CANDIDATA AO MELLOR GUIÓN NOS ÓSCAR 1968



MÉRCORES 15, 16.30 | NUMAX
VENRES 17, 19.15 | MULTICINES COMPOSTELA

LAS VEREDAS DE SATURNO (1986)

Hugo Santiago

Francia, Arxentina / 145 min / Ficción / Francés, español

Ficha artística:

Rodolfo Mederos, Béangère Bonvoisin, Edgardo Lusi, Andrea Livier Aronovich

Ficha técnica:

- **Guión:** Jorge Semprún, Juan José Saer, Hugo Santiago
- **Fotografía:** Ricardo Aronovich
- **Edición:** Françoise Belleville
- **Produción:** Caliban Audiovisuel

Sinopse:

Fabián Cortés é un bandoneonista de Aquilea, un país en plena ditadura militar. Exiliado, vive en Francia, onde é un músico recoñecido. Con todo, soña con volver ao seu país. A súa irmá Marta, militante dunha agrupación de esquerda, viaxa cos seus compañeiros para buscalo.

 PREMIO CÓNDR DE PLATA 1990 AO MELLOR GUIÓN ORIXINAL



XOVES 16, 17.00 | SALÓN TEATRO
DOMINGO 19, 17.30 | NUMAX

LES DEUX MÉMOIRES AS DÚAS MEMORIAS (1974)

Jorge Semprún

Francia / 141 min / Documental / Francés

Ficha artística:

Santiago Carrillo, María Casares, Federica Montseny, Ian Gibson

Ficha técnica:

·**Guión:** Jorge Semprún

·**Fotografía:** Jacques Loiseleux

·**Edición:** Dominique Landman, Colette Leloup, Chris Marker

Sinopse:

O único documental dirixido polo político e escritor Jorge Semprún Maura é este relato polifónico sobre a Guerra Civil española e as súas consecuencias, centrado nas experiencias dos republicanos que perderon, mais aberta a interpretacións diversas sobre a guerra e a posguerra. Estreada en Francia e censurada en España (tería dúas proxeccións durante a Transición), contén entrevistas a Santiago Carrillo, María Casares, Federica Montseny, Gabriel Jackson, Ian Gibson, Núria Espert, Yves Montand, Costa-Gavras, Juan Goytisolo, José Peirats, Dionisio Ridruejo ou José María Gil-Robles.



DOMINGO 12, 16.30 | NUMAX
DOMINGO 19, 22.00 | MULTICINES COMPOSTELA

LES ROUTES DU SUD AS RUTAS DO SUR (1978)

Joseph Losey

Francia, España / 100 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Yves Montand, Miou-Miou, Laurent Malet, France Lambiotte, José Luis Gómez

Ficha técnica:

·**Guión:** Jorge Semprún

·**Fotografía:** Gerry Fisher

·**Edición:** Reginald Beck

·**Produción:** Société Française de Production, Trinacra Films, France 3

Sinopse:

Larrea é un español, fillo de exiliados, que acadou un notable éxito en Francia como escritor e guionista cinematográfico. Os seus principais desvelos son propiciados pola tensa relación que mantén co seu fillo. A todo isto engádesse o desencanto de ver o ditador Franco morrer na cama con poder absoluto. A partir dun guión de Jorge Semprún, ambientado en Barcelona, o filme pódese considerar como a continuación espiritual da obra de Alain Resnais *La guerre est finie*. Yves Montand vén ser o álder ego de Semprún, militante comunista.



SÁBADO 18, 22.00 | MULTICINES COMPOSTELA

OBJECTIF: 500 MILLIONS OBJECTIVO: 500 MILLONS (1966)

Pierre Schoendoerffer

Francia / 90 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Bruno Cremer, Marisa Mell, Jean-Claude Rolland

Ficha técnica:

·**Guión:** Pierre Schoendoerffer, Jorge Semprún

·**Fotografía:** Alain Levent

·**Edición:** Armand Pseny

·**Produción:** Gérard Beytout, Georges de Beauregard, René Pignières

Sinopse:

Reichau, un excapitán do exército, volve a Francia logo de pasar tres anos na cadea por formar parte dun grupo opositor á guerra en Alxería. Xa non cre nos valores que defende o seu país e, por iso, decide involucrase nun plan deseñado polo expiloto Pierre, que consiste en roubar 500 millóns durante un voo entre París e Bordeos. O filme supuxo o debut de Jorge Semprún como guionista.



LUNS 13, 19.30 | AUDITORIO (SALA MOZART)
VENRES 17, 17.00 | MULTICINES COMPOSTELA

SECTION SPÉCIALE SECCIÓN ESPECIAL (1975)

Costa-Gavras

Francia, Alemaña, Italia / 110 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Louis Seigner, Roland Bertin, Michael Lonsdale

Ficha técnica:

·**Guión:** Jorge Semprún, Costa-Gavras. Baseado na novela de Hervé Villere

·**Fotografía:** Andréas Winding

·**Edición:** Françoise Bonnot

·**Produción:** Jacques Perrin, Michèle Ray-Gavras, Giorgio Silvagni, Gérard Crosnier, Costa-Gavras

Sinopse:

Agosto de 1941. O goberno de Vichy acaba de crear unha Sección Especial que ten como obxectivo condenar chibos expiatorios que aplaquen as iras dos alemáns logo de que un oficial nazi fora asasinado pola resistencia. As vítimas escollidas foron catro comunistas e dous xudeus elixidos aleatoriamente para seren xulgados ante un tribunal corrompido. Mentres que un novo maxistrado intenta facer valer as súas influencias políticas para conseguir o indulto, un dos procesados, xornalista de *L'Humanité*, denuncia publicamente o tribunal pola súa submisión ás forzas de ocupación.

 MELLOR DIRECTOR NO FESTIVAL DE CANNES 1975



VENRES 10, 22.00 | NUMAX
MÉRCORES 15, 19.30 | AUDITORIO (SALA MOZART)

STAVISKY (1973)

Alain Resnais

Francia, Italia / 117 min / Ficción / Francés, inglés

Ficha artística:

Jean-Paul Belmondo, Charles Boyer,
François Périer, Anny Duperey

Ficha técnica:

- **Guión:** Jorge Semprún
- **Fotografía:** Sacha Vierny
- **Edición:** Albert Jurgenson
- **Producción:** Alain Belmondo

Sinopse:

Francia, 1933. Serge Stavisky é un home encantador, sedutor, xogador de cartas e traficante internacional. Coñecido como “O Belo Sacha” construíu un imperio a base de mentiras, empresas ficticias, fraudes, cambios de identidade e poder de convicción, involucrando nas súas estafas a altas personalidades políticas e financeiras do país. E agora está a piques de provocar a quebra do Estado por falsificar bonos do Crédito Municipal de Baiona.

🏆 CANDIDATURA Á PALMA DE OURO EN CANNES 1974

🏆 MELLOR ACTOR PARA CHARLES BOYER EN CANNES 1974



DOMINGO 12, 21.30 | MULTICINES COMPOSTELA
VENRES 17, 17.00 | AUDITORIO (SALA MOZART)

UNE FEMME À SA FENÊTRE UNHA MULLER NA FIESTRÁ (1976)

Pierre Granier-Deferre

Francia, Alemaña, Italia / 110 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Romy Schneider, Philippe Noiret, Victor Lanoux,
Umberto Orsini

Ficha técnica:

- **Guión:** Jorge Semprún, Pierre Granier-Deferre.
- Baseado nunha novela de Pierre Drieu La Roche
- **Fotografía:** Aldo Tonti
- **Edición:** Jean Ravel
- **Producción:** Albina Productions, Cinéma 77 Beteiligung / Co 3 Produktion, Rizzoli Films

Sinopse:

A protagonista, interpretada por Romy Schneider, é unha muller nova, guapa, rica e de vida aparentemente frívola. Esta vida cómoda e despreocupada cambiará a partir do momento en que decide agochar un fuxitivo na súa casa. El é un líder sindical nun momento no que Grecia vive baixo a lei marcial.

Jorge Semprún proporcionoulle ao guión as connotacións políticas precisas para afastar o filme do que podería ser só unha historia de amor romántico.

🏆 DŪAS CANDIDATURAS AOS PREMIOS CÉSAR 1977 (MELLOR ACTRIZ E MELLOR MONTAXE)



SÁBADO 11, 21.30 | MULTICINES COMPOSTELA
MARTES 14, 19.30 | AUDITORIO (SALA MOZART)

Z (1969)

Costa-Gavras

Francia, Alxeria / 127 min / Ficción / Francés, ruso, inglés

Ficha artística:

Yves Montand, Irene Papas, Jean-Louis Trintignant

Ficha técnica:

- **Guión:** Jorge Semprún, Costa Gavras. Baseado na novela de Vassili Vassilikos
- **Fotografía:** Raoul Coutard
- **Edición:** Françoise Bonnot
- **Producción:** Office National pour le Commerce et l'Industrie Cinématographique, Reggane Films, Valoria Films

Sinopse:

Nun país aparentemente democrático pero dominado polas forzas policiais e militares, un deputado da oposición é asasinado en plena rúa cando acababa de presidir un mitin de carácter pacifista. O asasinato, supostamente cometido por exaltados dun grupo de ultradereita, é encuberto polo Goberno e os militares. Porén, a investigación do caso será encomendada a un novo maxistrado que indagará no turbio asunto coa axuda dun xornalista gráfico.

En 1969, o director Costa-Gavras decidiu adaptar á gran pantalla unha novela do escritor e diplomático Vassilis Vassilikos na que se denunciaba o asasinato en 1963 de Grigoris Lambrakis, deputado grego de esquerdas e pacifista. O responsable do guión foi Jorge Semprún. O resultado, unha das mellores películas sobre política xamais filmadas.

🏆 MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA E MELLOR MONTAXE NOS OSCAR 1970

🏆 PREMIO DO XURADO PARA COSTA-GAVRAS EN CANNES 1969


🏆 MELLOR ACTOR PARA JEAN-LOUIS TRINTIGNANT EN CANNES 1969



CINEUROPA 37

CINEUROPA 37

**SECCIONES
PARALELAS**



**CINEUROPA
MIUDA**

SÁBADO 18, 16.00 | SALÓN TEATRO

SÁBADO 25, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

**LINDA VEUT DU POULET!
LINDA QUERE POLO! (2023)**

Chiara Malta, Sébastien Laudenbach

Francia / 75 min / Animación / Francés

Ficha artística:

Clotilde Hesme, Laetitia Dosch, Sam Kalidi

Ficha técnica:•**Guión:** Chiara Malta, Sébastien Laudenbach•**Edición:** Reginald Beck•**Produción:** Pierre Baussaron, Marc Irmer, Emmanuel-Alain Raynal, Federico Saraceni, Flaminio Zadra**Sinopse:**

Paulette sente remorsos logo de castigar de maneira inxusta a súa filla Linda e está disposta a facer todo o posible para recompensala. Linda aproveita e pide decontado unha comida de polo con pementos que lle lembra o prato que adoitaba preparar o pai. Pero cunha folga xeral que pecha as tendas en todo o país e saca a xente á rúa, esta petición inocente leva axiña a unha serie de acontecementos descontrolados, xa que Paulette fai todo o que pode para cumprir a súa promesa e atopar un polo para Linda.

TODOS OS PÚBLICOS

PREMIO MELLOR LONGAMETRAXE NO FESTIVAL DE ANNECY 2023



SÁBADO 11, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

DOMINGO 19, 16.00 | SALÓN TEATRO

**THE INSEPARABLES
OS INSEPARABLES (2023)**

Jérémie Degruon

Francia, España, Bélxica / 85 min / Animación / Francés

Ficha artística:

Monica Young, Danny Fehsenfeld, Olivier Paris

Ficha técnica:•**Guión:** Bob Barlen, Cal Brunker. Baseada nunha historia de Joel Cohen, Alec Sokolow•**Produción:** Matthieu Gondinet, Vincent Philbert, Matthieu Zeller**Sinopse:**

Un monicreque fuxitivo de Don Quixote cunha imaxinación sen límites e DJ Doggy Dog, un boneco abandonado que necesita un amigo, cruzarán os seus camiños en Central Park e uniranse contra vento e marea para unha épica aventura de amizade na cidade de Nova York.

TODOS OS PÚBLICOS

CANDIDATA A MELLOR LONGAMETRAXE NO FESTIVAL DE ANNECY 2023

CANDIDATA A MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE CINEMA DE SHANGAI 2023

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA****C** Compostela
Cultura

TEMPORADA ABONO 2023 | 2024 AUDITORIO DE GALICIA




fiando historias

rfgalicia.org

MIGRACIONES

CINEUROPA 37

**SECCIONES
PARALELAS**



**FANTASTIQUE
COMPOSTELA**

FOCO GÓTICO MEXICANO: CARLOS ENRIQUE TABOADA

MARTES 14, 22.00 | NUMAX
MARATÓN

MÁS NEGRO QUE LA NOCHE (1975)

Carlos Enrique Taboada
México / 96 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Claudia Islas, Susana Dosamantes, Lucía Méndez

Ficha técnica:

- Guión: Carlos Enrique Taboada
- Fotografía: Daniel López
- Edición: Carlos Savage
- Producción: Alberto A. Ferrer

Sinopse:

Ao se mudaren catro mulleres a unha vella casa herdada por unha delas dunha tía que acaba de falecer, comezan a ocorrer cousas ben raras: voces desacougantes, visións espectrais e ruidos estraños fan que se teñan que enfrontar cos poderes escuros do mal.

🏆 MELLOR BANDA SONORA NOS PREMIOS ARIEL 1976



LUNS 13, 19.45 | NUMAX
VENRES 24, 17.00 | MULTICINES COMPOSTELA

RAPIÑA (1975)

Carlos Enrique Taboada
México / 114 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Ignacio López Tarso, Germán Robles, Norma Lazareno

Ficha técnica:

- Guión: Carlos Enrique Taboada
- Fotografía: José Ortiz Ramos
- Edición: Carlos Savage
- Producción: Roberto Silva

Sinopse:

Dous humildes leñadores indíxenas descubren os restos dun avión que se estrelou no alto da serra e deciden roubar as pertenzas de todos os ocupantes mortos no accidente. Cando se dispoñen a facelo, chegan dous carboeiros coas mesmas intencións. O que seguirá nesta historia será un duelo de cobiza e traizón, do que ninguén sairá impune.



DOMINGO 12, 22.00 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 25, 19.00 | MULTICINES COMPOSTELA

VENENO PARA LAS HADAS (1986)

Carlos Enrique Taboada
México / 117 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Carlos Enrique Taboada

Ficha técnica:

- Guión: Guadalupe García
- Fotografía: José Ortiz Ramos
- Edición: Rodolfo García
- Producción: Héctor López

Sinopse:

As historias de bruxaría que conta a cociñeira da súa casa espertan a imaxinación da pequena Verónica, quen presume diante da súa compañeira Flavia de ser ela mesma unha bruxa. Debido á incredulidade da súa amiga, Verónica aproveita unha serie de circunstancias fortuítas para a convencer de que foi ela quen as provocou botando man das súas artes máxicas. A inocencia destes xogos adquire un carácter macabro cando Verónica insiste en que Flavia a convide a unhas vacacións no rancho da súa familia, onde poderá preparar un veneno para as fadas.

🏆 MELLOR PELÍCULA, MELLOR DIRECTOR, MELLOR EDICIÓN, MELLOR FOTOGRAFÍA
E MELLOR BANDA SONORA NOS PREMIOS ARIEL 1986



MÉRCORES 15, 22.15 | TEATRO PRINCIPAL
MARATÓN

ACIDE ÁCIDO (2023)

Just Philippot

Francia, Bélxica / 99 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Guillaume Canet, Laetitia Dosch,
Patience Munchenbach

Ficha técnica:

- Guión: Yacine Badday, Just Philippot
- Fotografía: Pierre Dejón
- Edición: Pierre Deschamps
- Producción: Yves Darondeau, Frédéric Fiore,
Cloé Garbay, Laurent Jacobs, Edouard Lameloise,
Clément Renouvin, Beata Saboova, Ardavan Safaee,
Bastien Sirodot

Sinopse:

Durante unha vaga de calor, unha nube estrañas comezan a botar choiva ácida e causan destrución é pánico en toda Francia. Nun mundo ao borde do abismo, unha nena e os seus pais divorciados deben unir forzas para lle facer fronte á situación e tentar escapar desta catástrofe climática.

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2023



LUNS 13, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 17, 22.00 | SALÓN TEATRO

JAM SLEEP (2023)

Jason Yu

Corea do Sur / 95 min / Ficción / Coreano

Ficha artística:

Lee Sun-kyun, Jung Yu-mi

Ficha técnica:

•Guión: Jason Yu

•Fotografía: Tae-soo Kim

•Edición: Meeyeon Han

•Produción: Yu Jin Shin

Sinopse:

Unha muller embarazada preocúpase polos hábitos de sono do seu home. O que comeza como un lixeiro somnambulismo, axiña se converte nun comportamento sorprendentemente ameazador e grotesco. Logo de consultar cunha clínica do sono sen éxito, a parella buscará desesperada a axuda dun xamán. Terror claustrofóbico e doméstico nunha das grandes sensacións da pasada Semana da Crítica de Cannes.

🏆 SEMANA DA CRÍTICA DE CANNES 2023

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2023



SÁBADO 11, 22.00 | SALÓN TEATRO
MARATÓN

THE WICKER MAN O HOME DE VIME (1973)

Robin Hardy

Edward Woodward, Christopher Lee, Diane Cilento

Ficha técnica:

•Guión: Anthony Shaffer

•Fotografía: Harry Waxman

•Edición: Eric Boyd-Perkins

•Produción: Peter Snell

Sinopse:

Un policía recibe unha carta anónima sobre a desaparición dunha moza e vai ata a remota illa escocesa de Summerisle para investigar o caso. Ao chegar, descobre costumes totalmente diferentes das súas crenzas cristiás, xa que os habitantes da illa seguen tradicións pagás. Disposto a resolver o enigma da desaparición e sospeitando o peor, vese involucrado en intrigas arredor dos ritos da festa de Beltane.

🏆 MELLOR PELÍCULA DE TERROR NO SATURNE AWARDS 1979

🏆 MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE CINE FANTÁSTICO E DE CIENCIA FICCIÓN DE PARÍS 1974



LUNS 13, 17.15 | SALÓN TEATRO
MARATÓN

SUPERVIVIENTES DE LOS ANDES (1976)

René Cardona

México / 111 min / Ficción / Español, inglés

Ficha artística:

Pablo Ferrel, Hugo Stiglitz, Norma Lazareno

Ficha técnica:

•Guión: René Cardona Jr. baseado no libro de Charles Blair Jr.

•Fotografía: Genaro Hurtado, Luis Medina

•Edición: Marshall M. Borden, Alfredo Rosas Priego

•Produción: René Cardona, René Cardona Jr.

Sinopse:

América do Sur, anos 70. Un avión, no que viaxa un equipo uruguaio de rugby, sofre un fallo en pleno voo sobre as nevadas montañas dos Andes e ten que aterrizar de forma forzosa e violenta. Tras a morte da maioría dos pasaxeiros e na metade da nada, os sobreviventes sofren o terror da soidade e do frío. Por mor das baixas temperaturas, os cadáveres consérvanse en bo estado e, ao pasaren uns días, cando a fame abafa, deciden facer algo que cambiará as súas vidas para sempre: comer os compañeiros mortos. Devecendo porque algunha expedición de rescate os atope, o horror vaise apoderando máis deles cando a práctica do canibalismo se torna en algo cotián co paso do tempo.

🏆 CANDIDATA Á MELLOR EDICIÓN NOS PREMIOS ARIEL 1976



VENRES 10, 21.45 | TEATRO PRINCIPAL
MARATÓN

VINCENT DOIT MOURIR VINCENT DEBE MORRER (2023)

Stéphane Castang

Francia, Bélxica / 108 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Karim Leklou, Vimala Pons, François Chattot

Ficha técnica:

•Guión: Mathieu Naert

•Fotografía: Manuel Dacosse

•Edición: Méloé Poilleve

•Produción: Claire Bonnefoy, Philippe Logie, Thierry

Lounas, Vincent Maraval, Olivier Père, Jean-Yves

Roubin, Joseph Rouschop

Sinopse:

Vincent Borel comeza a ser atacado por persoas estrañas con claras intencións homicidas. A súa existencia como home anódino vese trastornada e, a medida que as cousas se descontrolan violentamente e o fenómeno se intensifica, vese obrigado a fuxir e cambiar a súa vida por completo.

🏆 ESTREA NA SEMANA DA CRÍTICA DE CANNES 2023


🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2023

🏆 PREMIO AO MELLOR ACTOR PARA KARIM LEKLOU E Á DIRECCIÓN REVELACIÓN PARA STÉPHAN CASTANG EN SITGES 2023



CINEUROPA 37

**SECCIÓNS
PARALELAS**



**FOCO
HOMENAXE A
JOÃO CANIJO**

SÁBADO 18, 19.00 | MULTICINES COMPOSTELA
LUNS 20, 16.00 | NUMAX

FÁTIMA (2017)

João Canijo

Portugal, Francia / 153 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Teresa Tavares, Cléia Almeida, Vera Barreto,
 Rita Blanco, Márcia Breia, Ana Bustorff, Iris Macedo

Ficha técnica:

- **Guión:** João Canijo
- **Fotografía:** Mário Castanheira
- **Edición:** João Braz
- **Produción:** Midas Filmes, Les Films de l'Après-midi

Sinopse:

En maio do 2016, un grupo de once mulleres parte da vila de Vinhais, ao norte de Portugal, en romaría cara ao Santuario de Fátima. Ao longo de nove días e de máis de 400 quilómetros, atravesan medio país para cumpriren as súas promesas, mais o esgotamento, a choiva e as diferenzas de opinión causarán constantes tensións entre elas. Mesturando realidade e ficción, o filme baséase na improvisación do seu elenco feminino para contar unha historia de fe, sufrimento físico e redención. *Fátima* céntrase sobre todo na dinámica das súas protagonistas, que teñen cadansúa motivación e bagaxe espiritual ao se embarcaren na viaxe.

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ NOS PREMIOS SOFIA DA ACADEMIA PORTUGUESA 2017



DOMINGO 12, 20.15 | NUMAX
MARTES 14, 18.30 | NUMAX

SANGUE DO MEU SANGUE (2011)

João Canijo

Portugal / 190 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Rita Blanco, Fernando Luís, Anabela Moreira,
 Beatriz Batarda, Cléia Almeida, Marcello Urgeghe

Ficha técnica:

- **Guión:** João Canijo
- **Fotografía:** Mário Castanheira
- **Edición:** João Braz
- **Produción:** Midas Filmes (Pedro Borges)

Sinopse:

Márcia é nai solteira de dous fillos, traballa como cociñeira e comparte a súa casa nun barrio periférico de Lisboa coa súa irmá, Ivete, perruqueira nun centro comercial. Un día, Cláudia, a súa filla, que estuda enfermaría e traballa como caixeira nun supermercado, cóntalle á nai que está namorada dun home maior ca ela e casado. Cando Márcia coñece este home, percibe que unha ameaza gravísima pesa sobre a súa familia.

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2011



MARTES 14, 16.45 | NUMAX
MÉRCORES 22, 22.15 | SALÓN TEATRO

TRABALHO DE ACTRIZ, TRABALHO DE ACTOR (2011)

João Canijo

Portugal / 84 min / Documental / Portugués

Ficha artística:

Rita Blanco, Anabela Moreira, Vera Barreto,
 Cleia Almeida, Rafael Morais, Marcello Urgeghe, B
 eatriz Batarda

Ficha técnica:


- **Guión:** João Canijo, Patrick Mendes
- **Fotografía:** João Braz
- **Edición:** Armand Pseny
- **Produción:** Midas Filmes (Pedro Borges)

Sinopse:

Entre setembro do 2008 e abril do 2010, Rita Blanco, Anabela Moreira, Vera Barreto, Cleia Almeida, Rafael Morais, Marcello Urgeghe, Beatriz Batarda, Nuno Lopes, Teresa Madruga, Wilma de Brito e João Canijo –elenco e director de *Sangue do meu sangue*– traballaron xuntos na creación dos personaxes, na historia e mais no guión do que un día se convertería na nova película de Canijo. As longas xornadas de debate, discusión, ensaios, os diálogos inventados, anotados, borrados, reescritos... todo está aquí, incluídas, na súa forma final, tres das escenas principais de *Sangue do meu sangue*. O rexistro minucioso de métodos e procesos creativos permite iluminar en dúas direccións a comprensión da película: o traballo dos intérpretes e o do cineasta mesmo.




CINEUROPA 37



CINEUROPA 37

SECCIONES PARALELAS



MARATÓN

VENRES 24, 21.00 | TEATRO PRINCIPAL

**ACIDE
ÁCIDO (2023)****Just Philippot**

Francia, Bélxica / 99 min / Ficción / Francés


Ficha artística:

Guillaume Canet, Laetitia Dosch, Patience Munchenbach

Ficha técnica:•**Guión:** Yacine Badday, Just Philippot•**Fotografía:** Pierre Dejon•**Edición:** Pierre Deschamps•**Produción:** Yves Darondeau, Frédéric Fiore, Cléo Garbay, Laurent Jacobs, Edouard Lameloise, Clément Renouvin, Beata Saboova, Ardavan Safaee, Bastien Sirodot**Sinopse:**

Durante unha vaga de calor, unha nubes estrañas comezan a botar choiva ácida e causan destrución e pánico en toda Francia. Nun mundo ao borde do abismo, unha nena e os seus pais divorciados deben unir forzas para lle facer fronte á situación e tentar escapar desta catástrofe climática.

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2023

**VINCENT DOIT MOURIR
VINCENT DEBE MORRER (2023)****Stéphan Castang**

Francia, Bélxica / 108 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Karim Leklou, Vimala Pons, François Chattot

Ficha técnica:•**Guión:** Mathieu Naert•**Fotografía:** Manuel Dacosse•**Edición:** Méloé Poillevé•**Produción:** Claire Bonnefoy, Philippe Logie, Thierry Lounas, Vincent Maraval, Olivier Père, Jean-Yves Roubin, Joseph Rouschop**Sinopse:**

Vincent Borel comeza a ser atacado por persoas estrañas con claras intencións homicidas. A súa existencia como home anódino vese trastornada e, a medida que as cousas se descontrolan violentamente e o fenómeno se intensifica, vese obrigado a fuxir e cambiar a súa vida por completo.

ESTREA NA SEMANA DA CRÍTICA DE CANNES 2023

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2023

PREMIO AO MELLOR ACTOR PARA KARIM LEKLOU E Á DIRECCIÓN REVELACIÓN PARA STÉPHAN CASTANG EN SITGES 2023

**MÁS NEGRO QUE LA NOCHE (1975)****Carlos Enrique Taboada**

México / 96 min / Ficción / Español


Ficha artística:

Claudia Islas, Susana Dosamantes, Lucía Méndez


Ficha técnica:•**Guión:** Carlos Enrique Taboada•**Fotografía:** Daniel López•**Edición:** Carlos Savage•**Produción:** Alberto A. Ferrer**Sinopse:**

Ao se mudaren catro mulleres a unha vella casa herdada por unha delas dunha tía que acaba de falecer, comezan a ocorrer cousas ben raras: voces desacougantes, visións espectrais e ruídos estraños fan que se teñan que enfrontar cos poderes escuros do mal.

MELLOR BANDA SONORA NOS PREMIOS ARIEL 1976



PELÍCULA SORPRESA 2



THE WICKER MAN O HOME DE VIME (1973)

Robin Hardy

Reino Unido / 88 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Edward Woodward, Christopher Lee, Diane Cilento


Ficha técnica:

- **Guión:** Anthony Shaffer
- **Fotografía:** Harry Waxman
- **Edición:** Eric Boyd-Perkins
- **Producción:** Peter Snell

Sinopse:

Un policía recibe unha carta anónima sobre a desaparición dunha moza e vai ata a remota illa escocesa de Summerisle para investigar o caso. Ao chegar, descobre costumes totalmente diferentes das súas crenzas cristiás, xa que os habitantes da illa seguen tradicións pagás. Disposto a resolver o enigma da desaparición e sospeitando o peor, vese involucrado en intrigas arredor dos ritos da festa de Beltane.

🏆 MELLOR PELÍCULA DE TERROR NO SATURNE AWARDS 1979
🏆 MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE CINE FANTÁSTICO E DE CIENCIA FICCIÓN DE PARÍS 1974



SETTE NOTE IN NERO SETE NOTAS EN NEGRO (1977)

Lucio Fulci

Italia / 95 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Jennifer O'Neill, Gianni Garko, Marc Porel, Gabriele Ferzetti, Ida Galli

Ficha técnica:

- **Guión:** Lucio Fulci, Roberto Gianviti, Dardano Sacchetti
- **Fotografía:** Sergio Salvati
- **Edición:** Ornella Micheli
- **Producción:** Franco Cuccu

Sinopse:

En Florencia, o 12 de outubro de 1959, unha nena de seis anos chamada Virginia contempla mediante clarividencia o suicidio da súa nai nun cantil de Inglaterra. Pasados os anos, Virginia é unha elegante muller da alta sociedade casada con Francesco Ducci, un adifeirado home de negocios. Aproveitando unha viaxe de traballo do seu home, Virginia decide sorprendelo e rehabilitar un antigo pazo de campo da familia Ducci. Pero, no traxecto en coche ao pazo, unha serie de alucinacións irromperán na súa mente con perturbadoras visións nas que intúe un asasinato. Logo de se recuperar e chegar ao pazo, Virginia comprobará arrepiada que unha das habitacións do lugar é exactamente igual á que viu no seu transe.



SUPERVIVIENTES DE LOS ANDES (1976)

René Cardona

México / 111 min / Ficción / Español, inglés

Ficha artística:

Pablo Ferrel, Hugo Stiglitz, Norma Lazareno

Ficha técnica:

- **Guión:** René Cardona Jr. baseado no libro de Charles Blair Jr.
- **Fotografía:** Genaro Hurtado, Luis Medina
- **Edición:** Marshall M. Borden, Alfredo Rosas Priego
- **Producción:** René Cardona, René Cardona Jr.

Sinopse:

América do Sur, anos 70. Un avión, no que viaxa un equipo uruguaio de rugby, sofre un fallo en pleno voo sobre as nevadas montañas dos Andes e ten que aterrar de forma forzada e violenta. Tras a morte da maioría dos pasaxeiros e na metade da nada, os sobreviventes sofren o terror da soidade e do frío. Por mor das baixas temperaturas, os cadáveres consérvanse en bo estado e, ao pasaren uns días, cando a fame abafa, deciden facer algo que cambiará as súas vidas para sempre: comer os compañeiros mortos. Devecendo porque algunha expedición de rescate os atope, o horror vaise apoderando máis deles cando a práctica do canibalismo se torna en algo cotián co paso do tempo.

🏆 CANDIDATA Á MELLOR EDICIÓN NOS PREMIOS ARIEL 1976






CINEUROPA 37



CANDO SAES OU
CANDO ESTÁS NA CASA,
A TÚA DIVERSIÓN TEN
QUE SER COMPATIBLE
CO DESCANSO
DAS DE MAIS PERSOAS.

RESPECTAR E CONVIVIR




**FALA
BAIXIÑO**



O MUNDO ESTÁ TOLO, TOLO, TOLO, TOLO

En 1963 Spencer Tracy aceptou desmitificarse ao cento por cento e interpretar en *It's a mad, mad, mad world* a un tenente de policía corrupto que loitaba durante máis de tres horas de metraxe por facerse co botín dun roubo. Para iso debía manter todo ese tempo unha desaforada barafunda contra unha banda de contrincantes a motor que foron a inspiración directa da serie de debuxos animados de Hanna-Barbera *Os autos tolos* (*Wacky Races*) que deu a coñecer mundialmente aos televisivos Penelope Glamour ou a Pier Nodoyuna. Tracy tiña 63 anos, estaba desfondado por unha vida de excesos etílicos e, de feito, despois desta ordalía, só protagonizaría unha película máis, *Adiviña quen vén esta noite* (*Guess who's coming to dinner*), na que apenas se movía do sofá. Non hai nada máis disparatado que tratar de entender as razóns que levaron ao insigne actor a embarcarse (para case morrer no intento) no mix de *screwball comedy* e *road movie*



que dá título a esta sección conformada por doce películas que hoxe son obras de culto absoluto pola nada ordinaria tolema ou desaforamento que as percorre de comezo a fin. O billete de lotería dos *Antoine e Antoinette* de Jackes Becker. A cita co diaño de Don Ameche en *O díaño dixo non* (*Heaven Can Wait*), obra mestra radical de Ernst Lubitsch. Por non baixar chanzos na cima da mestría, o paseo de Joel McCrea pola Gran Depresión en *As viaxes de Sullivan* (*Sullivan's Travels*), de Mitchell Leisen.

O *Rufufú* do sempre xigantesco Mario Monicelli, onde Vittorio Gassman ou Totó asinan xunto a el una das cimas da commedia *alla italiana*. O mellor Louis de Funes, un cómico necesitado de urxente reivindicación moito máis alá do xénero popular en *A gran esmorga* (*La grande vadrouille*). O disparate con cinco xenialidades por minuto de *Hellzapoppin*, en España moi libre pero non do todo infelizmente traducido como Loquilandia. O delirio de humor british inclasificable de *Withnail and I*, película que participou na segunda edición de Cineuropa en 1988 e hoxe é xa obxecto de adoración cinéfila. O Billy Wilder máis cáustico que se poida imaxinar, con aquela posta en cuestión da institución matrimonial tan politicamente incorrecta que condenou ao filme, *Kiss Me, Stupid* a un esquecemento do que hai que rescatalo unha e mil veces, xunto a Kim Novak e á xenial autoparodia de Dean Martin. E *Palombella rossa*: que mellor oportunidade para recuperar a este Nanni Moretti, anticipo en liña directa con *O sol do porvir*.

SÁBADO 11, 17.30 | MULTICINES COMPOSTELA
SÁBADO 18, 17.15 | MULTICINES COMPOSTELA

ANTOINE ET ANTOINETTE ESCAPOU A SORTE (1947)

Jacques Becker

Francia / 78 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Roger Pigaut, Claire Mafféi, Noël Roquevert

Ficha técnica:

·**Guión:** Jacques Becker, Maurice Griffe, Françoise Giroud

·**Fotografía:** Pierre Montazel

·**Edición:** Marguerite Renoir

·**Produción:** Georges André, Jean Le Duc, Roger Sallard

Sinopse:

Unha humilde parella francesa formada por Antoine e Antoinette Moulin perde un billete gañador da lotería e con iso a oportunidade de mudaren as súas vidas. O cineasta galo Jacques Becker ofrécenos neste filme unha alegre fábula sobre o afecto, a sorte e o azar.

🏆 PREMIO AO MELLOR FILME PSICOLÓXICO E DE AMOR DE CANNES 1947



VENRES 10, 17.15 | MULTICINES COMPOSTELA
DOMINGO 12, 16.30 | SALÓN TEATRO

HEAVEN CAN WAIT O DIAÑO DIXO NON (1943)

Ernst Lubitsch

Estados Unidos / 112 min / Ficción / Inglés, francés

Ficha artística:

Gene Tierney, Don Ameche, Charles Coburn

Ficha técnica:

·**Guión:** Samson Raphaelson, baseado na obra de Leslie Bush-Fekete

·**Fotografía:** Edward Cronjager

·**Edición:** Dorothy Spencer

·**Produción:** William Goetz, Ernst Lubitsch

Sinopse:

Cando morre aos 70 anos, Henry Van Cleve vai ao inferno, onde é recibido por un cabaleiro ben vestido que lle esixe que confese os seus delitos. Henry comeza a contarlle a súa historia: dende neno, a súa adiñeirada familia proporcionoulle todos os luxos e satisfixo todos os seus caprichos. Xa de adulto, levou unha vida disipada, mais cambiou radicalmente o día en que coñeceu a Martha Strabel, a muller dos seus soños.

🏆 CANDIDATA Á MELLOR PELÍCULA, DIRECCIÓN E FOTOGRAFÍA NOS ÓSCAR 1943



DOMINGO 12, 17.30 | MULTICINES COMPOSTELA
MÉRCORES 22, 20.00 | AUDITORIO (SALA MOZART)

HELLZAPOPPIN' LOUQUILANDIA (1941)

H.C. Potter

Estados Unidos / 84 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Ole Olsen, Chic Johnson, Martha Raye

Ficha técnica:

·**Guión:** Nat Perrin, Warren Wilson

·**Fotografía:** Elwood Bredell

·**Edición:** Milton Carruth, Ted J. Kent

·**Produción:** Alex Gottlieb, Jules Levey, Glenn Tryon

Sinopse:

Dúas estrelas do vodevil, Ole e Chic, están a rodar unha película, mais o director non está satisfeito con ela. Para o contentaren, deciden contratar un guionista novo de imaxinación desbordante. Na película que o guionista ten na súa cabeza, o dúo cómico prepara para Broadway un musical tan delirante como o humor que os caracteriza.

🏆 CANDIDATA Á MELLOR CANCIÓN ORIXINAL NOS ÓSCAR 1943



VENRES 10, 17.00 | SALÓN TEATRO
MÉRCORES 15, 17.00 | AUDITORIO (SALA MOZART)

I SOLITI IGNOTI RUFUFÚ (1958)

Mario Monicelli

Italia / 106 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Vittorio Gassman, Marcello Mastroianni, Renato Salvatori, Totò, Claudia Cardinale

Ficha técnica:

·**Guión:** Agenore Incrocci, Furio Scarpelli, Suso Cecchi d'Amico, Mario Monicelli

·**Fotografía:** Gianni Di Venanzo

·**Edición:** Adriana Novelli

·**Produción:** Franco Cristaldi

Sinopse:

Un dos roubos máis delirantes e divertidos da historia do cinema, protagonizado por un reparto que inclúe a Vittorio Gassman, Marcello Mastroianni e Claudia Cardinale. Un grupo de rateiros, aconsellados por un ladrón xa retirado, decide preparar un gran roubo nas oficinas romanas do Monte de Piedade, coa esperanza de que os saque da miseria na que viven. Para iso, a banda contrata un especialista en caixas fortes, pero os plans non sempre saen como un quere.

🏆 CANDIDATA Á MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA NOS ÓSCAR 1958

🏆 CUNCHA DE PRATA AO MELLOR DIRECTOR NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 1958



SÁBADO 18, 20.45 | NUMAX
SÁBADO 25, 21.30 | SALÓN TEATRO

IT'S A MAD MAD MAD MAD WORLD O MUNDO ESTÁ TOLO, TOLO, TOLO, TOLO (1963)

Stanley Kramer

Estados Unidos / 159 min / Ficción / Inglés, chinés

Ficha artística:

Spencer Tracy, Jerry Lewis, Mickey Rooney,
Sid Caesar, Milton Berne

Ficha técnica:

- Guión: William Rose, Tania Rose
- Fotografía: Ernest Laszlo
- Edición: Gene Fowler Jr., Robert C. Jones,
Frederic Knudtson
- Produción: Rudolph Sternad

Sinopse:

Nunha interminable autoestrada do deserto, oito automobilistas que van de vacacións comparten unha experiencia que trocará os seus plans e as súas vidas. Logo de que un misterioso descoñecido revele o agocho dunha fortuna procedente dun roubo, cada un deles emprende unha endiañada e desenfreada carreira por se faceren co botín.

GAÑADORA DO ÓSCAR AOS MELLORES EFECTOS DE SON E CANDIDATA NOUTRAS
6 CATEGORÍAS EN 1963



LUNS 13, 17.00 | AUDITORIO (SALA MOZART)
MÉRCORES 15, 21.30 | NUMAX

KISS ME, STUPID BÍCAME, ESTÚPIDO (1964)

Billy Wilder

Estados Unidos / 125 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Dean Martin, Kim Novak, Ray Walston, Felicia Farr

Ficha técnica:

- Guión: Billy Wilder, I.A.L. Diamond, Anna Bonacci
- Fotografía: Joseph LaShelle
- Edición: Daniel Mandell
- Produción: I.A.L. Diamond, Doane Harrison,
Dean Martin, Billy Wilder

Sinopse:

Un cantante de sona, coñecido pola súa reputación de conquistador empedernido, chega co seu luxoso coche a unha vila chamada Clímax. Nela viven dous amigos: un fracasado profesor de piano e o encargado da gasolinera. Cando recoñecen o cantante, conciben a esperanza de que lles poida ofrecer unha oportunidade para entraren no mundo da música.



VENRES 10, 19.30 | MULTICINES COMPOSTELA
SÁBADO 18, 19.30 | AUDITORIO (SALA MOZART)

LA GRANDE VADROUILLE A GRANDE ESMORGA (1966)

Gérard Oury

Francia, Reino Unido / 132 min / Ficción / Francés, inglés, alemán

Ficha artística:

Bourvil, Louis de Funès, Claudio Brook

Ficha técnica:

- Guión: Gérard Oury, Danièle Thompson, Marcel Jullian,
Georges Tabet, André Tabet
- Fotografía: André Domage, Claude Renoir
- Edición: Albert Jurgenson
- Produción: Robert Dorfmann

Sinopse:

En 1942, durante a ocupación alemá de Francia, un bombardeiro da RAF é abatido sobre a cidade de París. A súa tripulación dará saltado en paracaídas, pero o exército alemán despregarase por toda a cidade para capturalos sen contar con que os tres tripulantes británicos recibirán axuda do pintor Augustin Bouvet e do director de orquestra Stanislas LeFort, que desatarán o caos entre as tropas de ocupación.



DOMINGO 12, 19.30 | MULTICINES COMPOSTELA
MÉRCORES 15, 17.00 | SALÓN TEATRO

PALOMBELLA ROSSA VASELINA VERMELLA (1989)

Nanni Moretti

Italia, Francia / 89 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Nanni Moretti, Silvio Orlando, Mariella Valentini,
Asia Argento

Ficha técnica:

- Guión: Nanni Moretti
- Fotografía: Giuseppe Lanci
- Edición: Mirco Garrone
- Produción: Nella Banfi, Angelo Barbagallo,
Nanni Moretti, Cecilia Valmarana

Sinopse:

Unha reflexión sobre a crise da esquerda italiana e, moi especialmente, do PCI, o Partido Comunista Italiano, exposta como unha parábola que ten como detonante un axitado partido de wáter-polo. Por mor dun accidente, o wáter-polista Michele perde a memoria. Durante un partido, uns descoñecidos comezan a presionalo para que lembre o seu pasado. Cando o xogo está a piques de rematar, Michele dispónse a lanzar un penalti do que depende o empate para o seu equipo.

NOVE CANDIDATURAS AOS PREMIOS DAVID DI DONATELLO 1990



SÁBADO 11, 19.30 | MULTICINES COMPOSTELA
DOMINGO 19, 22.00 | NUMAX

SULLIVAN'S TRAVELS AS VIAXES DE SULLIVAN (1941)

Preston Sturges

Estados Unidos / 90 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Joel McCrea, Veronica Lake, Robert Warwick,
William Demarest, Margaret Hayes

Ficha técnica:

- **Guión:** Preston Sturges
- **Fotografía:** John F. Seitz
- **Edición:** Stuart Gilmore
- **Produción:** Buddy G. DeSylva, Paul Jones, Preston Sturges

Sinopse:

Obsesionado coa idea de filmar unha película sobre a miseria e o sufrimento, o director de cinema John L. Sullivan convence os executivos do estudio para que lle permitan percorrer o país disfrazado de vagabundo antes de comezar a rodar. Logo de traballar como peón para unha viúva que agarda del algo máis que cortar leña, foxe da súa casa, mais o camión que o recolle lévao de volta a Hollywood. Sentíndose completamente frustrado, Sully entra nunha cafetería, onde coñece unha actriz loura, que, entusiasmada co seu proxecto, decide acompañalo na súa aventura.



VENRES 10, 22.00 | MULTICINES COMPOSTELA
SÁBADO 18, 16.15 | NUMAX

TAMPOPO (1985)

Jūzō Itami

Xapón / 114 min / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Tsutomu Yamazaki, Nobuko Miyamoto,
Kōji Yakusho, Mario Abe

Ficha técnica:

- **Guión:** Jūzō Itami
- **Fotografía:** Masaki Tamura
- **Edición:** Akira Suzuki
- **Produción:** Seigo Hosogoe, Jūzō Itami, Yasushi Tamaoki

Sinopse:

Goro e Gun son dous camioneiros que deciden apearse nunha estación de servizo para descansar e tomar un ramen, a típica sopa de fideos xaponesa. Alí son testemuñas dunha pelexa entre gánsteres coa coziñeira Tampopo polo medio. Así que remata a discusión, Tampopo pídelles axuda aos protagonistas para que lle ensinen a preparar o mellor ramen de Xapón.



VENRES 10, 18.15 | NUMAX

UN CHAPEAU DE PAILLE D'ITALIE UN CHAPEU DE PALLA DE ITALIA (1928)

René Clair

Francia, Alemaña / 110 min / Ficción / Mudo, francés

Ficha artística:

Albert Préjean, Olga Tschechowa, Geymond Vital,
Marise Maia

Ficha técnica:

- **Guión:** René Clair. Baseado na obra de Eugène Labiche e Marc Michel
- **Fotografía:** Maurice Desfassiaux, Nikolas Roudakoff
- **Produción:** Alexandre Kamenka

Sinopse:

Cando Fadinard está a piques de casar, de camiño á celebración, o seu cabalo come o chapeu dunha señora casada que está paseando co seu amante. Para tentar arranxar a situación, Fadinard ten que atopar un chapeu idéntico ao da señora para evitar a súa deshonra. Isto vai perturbar moito o seu propio casamento.



MARTES 14, 17.15 | AUDITORIO (SALA MOZART)

WITHNAIL & I WITHNAIL E EU (1987)

Bruce Robinson

Reino Unido / 107 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Paul McGann, Richard E. Grant, Richard Griffiths

Ficha técnica:

- **Guión:** Bruce Robinson
- **Fotografía:** Peter Hannan
- **Edición:** Alan Strachan
- **Produción:** Paul Heller


Sinopse:

Withnail e Marwood son dous actores en paro en Londres durante 1969. A súa vida na capital inglesa está marcada pola miseria, o frío e a fame, así que deciden tomar unhas vacacións nunha cabana propiedade dun tío de Withnail, Monty. Mais a casa está en mal estado, chove decotío, non hai víveres e os veciños tampouco acompañan. De súpeto, no medio da noite Monty irrompe na cabana, o que asusta a parella de actores, que o toman por un intruso. O tío de Withnail trae comida e bo viño. A mala nova é que Monty está disposto a seducir o amigo do seu sobriño e non acepta un 'non' por resposta.



CINEUROPA 37

**SECCIONES
PARALELAS**



**PELÍCULAS
PREMIOS
CINEUROPA**

MÉRCORES 15, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL

EL REINO (2018)

Rodrigo Sorogoyen

España, Francia / 131 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Antonio de la Torre, Luis Zahera, Bárbara Lennie, Josep María Pou, Ana Wagener

Ficha técnica:

- **Guión:** Rodrigo Sorogoyen, Isabel Peña
- **Fotografía:** Álex de Pablo
- **Edición:** Alberto del Campo
- **Produción:** Mercedes Gamero, Mikel Lejarza

Sinopse:

Manuel, un influente vicesecretario autonómico que o ten todo a favor para dar o salto á política nacional, observa como se derruba a súa perfecta vida a partir dunhas filtracións que o implican nunha trama de corrupción xunto a Paco, un dos seus mellores amigos. Mentres os medios de comunicación comezan a se facer eco das dimensións do escándalo, o partido pecha filas e unicamente Paco sae indemne. Manuel é expulsado, sinalado pola opinión pública e traizoado polos que ata había unhas horas eran os seus amigos. Aínda que o partido pretende que cargue coa responsabilidade toda, Manuel non se resigna a caer só. Co único apoio da súa muller e da súa filla, e atrapado nunha espiral de supervivencia, Manuel verase obrigado a loitar contra unha maquinaria de corrupción que leva anos engraxada, e contra un sistema de partidos no que os reis caen, pero os reinos continúan.

7 PREMIOS GOYA QUE INCLÚEN MELLOR DIRECTOR, GUIÓN, ACTOR PRINCIPAL E ACTOR DE REPARTO (LUIS ZAHERA) 2018



DOMINGO 19, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL

MARTES 21, 16.30 | TEATRO PRINCIPAL

MAL VIVER (2023)

João Canijo

Portugal, Francia / 127 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Anabela Moreira, Rita Blanco, Madalena Almeida

Ficha técnica:

- **Guión:** João Canijo
- **Fotografía:** Leonore Teles
- **Edición:** João Braz
- **Produción:** Pedro Borges

Sinopse:

Un grupo de mulleres de diferentes xeracións dunha mesma familia xestiona un hotel na costa norte de Portugal. As relacións entre elas deterioráronse e tratan de sobrevivir nun establecemento en decadencia. A chegada inesperada dunha neta desata os problemas, ao tempo que afloran os odios latentes e os resentimentos acumulados.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO NA BERLINALE 2023



XOVES 23, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL

SOBRE TODO DE NOCHE (2023)

V́ctor Iriarte

España, Francia, Portugal / 109 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Lola Dueñas, Ana Torrent, Manuel Egozkue, María Vázquez

Ficha técnica:

- **Guión:** Isa Campo, Andrea Queralt, V́ctor Iriarte
- **Fotografía:** Pablo Paloma
- **Edición:** Ana Pfaff
- **Produción:** Isa Campo, Isaki Lacuesta, Tamara García, Katixa Silva, Valérie Delpierre, Pablo Iraola, Andrea Queralt

Sinopse:

Cando Vera era nova, non se puido facer cargo do seu fillo e tivo que dalo en adopción. Anos despois, cando quixo saber se todo saíra ben, as institucións díxéronlle que o seu expediente non existía. Dende aquela segue a buscar o seu fillo. Cando Cora era nova, o seu médico díxolle que non ía poder ter fillos e que a única maneira de formar unha familia era adoptando. Cora dedicou a súa vida a dar clases de piano e a coidar do seu fillo adoptivo Egoz, que está para cumprir 18 anos. Agora, os camiños destes tres personaxes —unha nai, un fillo, unha nai— están a piques de se cruzar. E este encontro mudará os seus destinos para sempre.

SECCIÓN GIORNATE DEGLI AUTORI NO FESTIVAL DE VENEZIA 2023
PREMIO FIPRESCI DA CRÍTICA INTERNACIONAL NA SEMINCI 2023



CINEUROPA 37

CINEUROPA 37

ACTIVIDADES

XC23

XUVENTUDE CREA

FASE FINAL DE VIDEOCREACIÓN


SÁBADO 11, 17.00 | NUMAX

Cineuropa 37 acolle a fase final da especialidade de videocreación do certame Xuventude Crea 2023, un programa da Xunta de Galicia que procura recoñecer as propostas creativas da mocidade galega.

Creado no 2010, o certame chega este ano á súa décimo cuarta edición. Nesta traxectoria acadou a participación de preto de 4.400 mozas e mozos e de 3.200 obras e proxectos distribuídos nas 14 especialidades do programa. Xuventude Crea pretende actuar como estímulo económico para a mocidade (cun primeiro premio de 3.000 euros, un segundo de 1.500 euros e un terceiro de 1.000 euros), pero, sobre todo, servir de escaparate para dar a coñecer entre o público o talento emerxente e as súas obras. As creacións e artistas máis recentes pódense consultar no museo dixital do programa: museoxuventudecrea.gal

Nesta sesión especial en Cineuropa vanse presentar e proxectar as pezas que o xurado seleccionou como finalistas na modalidade de videocreación e daranse a coñecer as persoas gañadoras da edición.





Fotografía: Jean-Jacques Auber

CARLOS LOSILLA. OBRADOIRO SOBRE O CANON CINEMATográfico. UNHA IMPUGNACIÓN

XOVES 16, 16.30 - 19.30 | ZONA C

Carlos Losilla lanza un órdago fronte ao canon tradicional do cinema. Pregúntase por que teimamos en contar a historia do cine nun sentido lineal e progresivo, cando sabemos que as películas máis ben se amorean e mesturan nas nosas lembranzas. E aínda máis: pódese pensar en abolir esa historia, ou imaxinar unha antihistoria, para demostrar que son as películas que aínda non vimos as que influirán decisivamente á hora de reinventar as que vimos na nosa infancia? Losilla propón trocar unha historia do cinema por un relato do mesmo, é dicir, abandonar o gran discurso totalizador por unha ollada máis fragmentaria, transversal e melancólica.

Membro do noso xurado internacional, Carlos Losilla é ensaísta, doutor en Comunicación, profesor da Universidade Pompeu Fabra e membro do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* e de *La Furia Humana*. O desenvolvemento da súa (cosmo)visión do cinema e das evolucións deste no curso do tempo ou da melancolía pódense seguir a través de libros como *La invención de Hollywood* (Ed. Paidós, 2002) ou *La invención de la modernidad o cómo acabar de una vez por todas con la Historia del cine* (Ed. Cátedra, 2012) e, máis recentemente, no salto ao persoal e ao poético en *Deambulaciones. Diario de Cine* (Ed. Muga, 2020).



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA TIMOTHY BROCK, DIRECTOR

NINO ROTA: IL GATTOPARDO (SELECCIÓN)

MIKLÓS RÓZSA: SERENATA HÚNGARA, OP. 25 [ESTREA EN ESPAÑA]

THE IMMIGRANT (1917). DIRECTOR: CHARLES CHAPLIN.

MÚSICA: TIMOTHY BROCK, 2012

XOVES 16, 20.30 | AUDITORIO DE GALICIA

O concerto de Cineuropa é un clásico dentro da programación da Real Filharmonía de Galicia. Este ano, o programa inclúe unha selección da partitura da banda sonora do filme *Il gattopardo* de Nino Rota, considerada unha obra mestra da música para cinema. Visconti quedou fascinado polos *Ballabili* do músico napolitano, que reproducen nos seus aires de danza a beleza decadente dun mundo en plena descomposición. A *Serenata húngara* é unha obra de Miklós Rózsa -compositor dun cento de bandas sonoras, tres delas gañadoras dun Óscar- na que se pode apreciar a importancia do folclore da súa terra e a pegada de mestres como o tamén húngaro Zoltan Kodály. Estas dúas obras serven de limiar para o filme *O inmigrante* de Charles Chaplin, ao que pon música o compositor e director estadounidense Timothy Brock, especializado na creación de composicións para cine mudo.

CENTENARIO JORGE SEMPRÚN. A FIGURA HUMANA, POLÍTICA E CREATIVA, COMO ESCRITOR E GUIONISTA DE SEMPRÚN

No centenario do nacemento de Semprún, a 37ª edición de Cineuropa tece unha programación especial de estudo e homenaxe á súa figura e á súa obra que se completa cun faladoiro para convidarnos a reflexionar sobre a pegada deste autor esencial da escena cinematográfica, literaria e política.

Da man de Costa-Gavras, cineasta gañador do Premio Cineuropa en 2017, amigo e colaborador profesional de Semprún, ábrese ao público una mesa redonda na que participan tamén o programador cultural e escritor cinematográfico José Manuel Sande, a produtora Michèle Ray Gavras e o escritor e director de Cineuropa José Luis Losa.

SÁBADO 18, 19.00 | CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (CGAC)

COSTA-GAVRAS: CARTA BRANCA A SEMPRÚN

SÁBADO 18, 20.00 | CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (CGAC)

Ao longo de 60 anos e en vinte longametraxes de ficción, Constantin Costa-Gavras abrangueu unha pléiade de conflitos e de ameazas á liberdade que explican as simas históricas do século XX e espallan a súa ollada cara ao XXI. Na súa elección como carta branca dunha película sobre a cal falar en Cineuropa, el é non xa o máis indicado, senón a única voz autorizada para explicar todas as complexidades que están dentro do documental *As dúas memorias*, unha obra seminal para explicar os anos da oposición política ao tardofranquismo e os que foron os primeiros pasos da Transición.

Costa-Gavras foi narrador coa súa voz en *off* da única película dirixida por Jorge Semprún. Nela, a partir dunha estrutura de entrevistas de ningún xeito ortodoxa ou previsible –porque nela rompe en varias ocasións a cuarta parede–, o mesmo Semprún parece deixar que figuras tan esenciais na súa traxectoria vital como Santiago Carrillo se apoderen do plano, entren e saian del, xurdan e desaparezan como seres de sombra –profesión de clandestinos– e dean carta de natureza á realidade de que a arquicoñecida ruptura de Semprún co Partido Comunista Español coñeceu unha tregua á que Carrillo se referiu en máis dunha ocasión publicamente.



Pola pantalla d'*As dúas memorias* fai acto de aparición o compañeiro de partida Fernando Claudín, o home que xunto a Semprún e Francesc Vicens coprotagonizou aquela explosiva exclusión do partido en 1964. Non falta tampouco o vello camarada Simón Sánchez Montero, quen compartiu a clandestinidade madrileña con Federico Sánchez e mantivo e preservou a súa seguridade soportando as torturas da Brigada Política Social. Pola rodaxe circularía Federica Montseny, a cara pactista do anarquismo e a primeira muller ministra de España durante a II República. Engádesse á lista Wildebaldo Solano, o home que mantivo vivo o estandarte do POUM, aquela formación trotskista que a longa man do KGB liquidou durante a Guerra Civil. E tamén José María Gil-Robles, o *Xefe* ou o *Duce* daquela media España de CEDA que miraba, polo menos nominalmente, a Mussolini. Ou Dionisio Ridruejo, esa *rara avis* que transitou polas dúas Españas e comezou poñéndolle letra ao *Cara al sol* como falanxista da primeira hora ou integrando a División Azul e que na súa evolución cara á democracia sufriu primeiro o desterro e logo o cárcere baixo o franquismo.

Xunto a eles, figuras da cultura comprometida (María Casares, José Menese, Juan Goytisolo, André Malraux) neste filme que tanto influíu nas obras posteriores de rescate da memoria como *Después de...* de Cecilia Bartolomeu, *La vieja memoria* de Jaime Camino ou *Informe General* de Pere Portabella. Situado na primeira liña desa rodaxe de valor testemuñal hoxe incalculable, Costa-Gavras non só puxo a súa voz, senón que tamén auspiciou desde a Cinémathèque Française a recuperación da que durante moito tempo foi a película perdida. Esta institución rescatou *As dúas memorias* na súa metraje de 142 minutos e contribuíu á súa difusión –como o propio Costa fará en Cineuropa–, consciente de que aínda é unha obra necesitada de ser (re)coñecida como imprescindible reflexo dun tempo que se resistía a morrer e doutro –o da liberdade– que aínda non podía latexar.



BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DAVID FIUZA, DIRECTOR

DENDE A LOUCURA DO CINEMA

PROGRAMA:

RAMÓN GARCÍA I SOLER: SHORT STORIES

HANS GAL: PROMENADENMUSIK

PERCY FLETCHER: AN EPIC SYMPHONY

ERNST TOCH: SPIEL FÜR BLASERORCHESTER

DOMINGO 19, 12.00 | TEATRO PRINCIPAL

Unha visita á década de 1920 na que o cine mudo máis tolo, que habita nas curtametraxes, se apoia nas músicas de vangarda da época.





DO GUIÓN Á PANTALLA. ENCONTRO CO DIRECTOR HISPANO-URUGUAIO ÁLVARO BRECHNER

LUNS 20, 11.00 | ZONA C

Durante moito tempo coidouse que era imposible levar á pantalla o universo do escritor uruguaio e Premio Cervantes Juan Carlos Onetti. Esa idea rematou así que comezaron a xirar as bobinas de *Mal día para pescar*, de Álvaro Brechner, adaptación do conto *Jacob y el otro*. Brechner redobrou a aposta cando levou exitosamente ao cinema o libro *Memorias del calabozo*, de Mauricio Rosencoff e de Eleuterio Fernández Huidobro, integrantes do Movemento de Liberación Nacional-Tupamaros, confrontando o desafío adicional de transformar un libro de memorias nunha ficción. Esta película, *La noche de 12 años*, foi o filme de apertura da 32ª edición de Cineuropa.

O encontro servirá para orientar nas decisións que cómpre tomar na adaptación cinematográfica, e neste sentido diríxese a futuros guionistas e cineastas, mais tamén é acaído para o público xeral que sinta interese polo “detrás das escenas” do cinema.

Álvaro Brechner é director, guionista e produtor. Realizou curtametraxes e longametraxes premiadas en máis dun cento de festivais internacionais de cinema. Os seus filmes participaron en citas tan importantes como Cannes, Venecia ou San Sebastián. No 2019 gañou o Goya ao mellor guiñón adaptado por *La noche de los 12 años*.

LUNS 20, 19.30 | AUDITORIO DE GALICIA (SALA MOZART)

DOXANDÉEM, LES CHASSEURS DE RÊVES DOXANDÉEM: CAZADORES DE SOÑOS (2023)

Saliou Waa Guendoum Sarr

Senegal / 86 min / Documental / Wólof, español, francés

Ficha técnica:

- Fotografía: Mamadou Diop
- Edición: Makha Bao Fall
- Son: Adama Ndiaye
- Producción: Goree Island Cinema y STEPS

Sinopse:

Logo de botar oito anos vivindo en España, ao comezo de maneira irregular, Mamadou regresa a Gandiol, a súa vila natal en Senegal, co compromiso de ser unha forza positiva na comunidade. Xunto coa súa muller Laura, unha emigrante española en Senegal, e baixo a ollada benevolente de Yaaye Khadi, a nai de Mamadou, lánzase a construír coa súa comunidade a “utopía activa” expresada no libro *3052* que el mesmo escribira durante a súa viaxe. A película acompañaos nesta nova procura, para descubrir as súas loitas e o impacto destas eleccións nas súas vidas, na das súas familias, na da mocidade da vila, na de todos os perseguidores de soños.

Seleccionada en Sundance 2023

FUNCIÓN ESPECIAL SOBRE MIGRACIÓN ORGANIZADA POLA OENEGUÉ ECOS DO SUR

A proxección contará con presentación e coloquio a cargo dos mediadores de Ecos do Sur, Djibril Faye e Said Hamdad, e da responsable de comunicación da entidade, Natalia Monje.

A oenegué Ecos do Sur traballa para que a convivencia entre persoas de orixes diversas e con realidades distintas frutifique nunha sociedade máis próspera, máis xusta e orgullosa da súa diversidade. Por iso, desde 1991 loita contra a exclusión social especialmente vinculada ao acceso a dereitos de cidadanía e participación dende Galicia e Madrid. Para acadar o seu obxectivo conta cun potente equipo que inclúe a profesionais da socioloxía, da psicoloxía, do dereito, da educación e da integración social, da orientación laboral, da mediación intercultural, do traballo social ou do xornalismo: algúns dos mellores especialistas en xestión da interculturalidade.



A 50 ANOS DO GOLPE EN CHILE A TRAVÉS DO CINEMA DE CARMEN CASTILLO

O 11 de setembro de 1973, hai 50 anos, o Palacio Presidencial de la Moneda en Santiago de Chile foi bombardeado. Ese golpe de estado, comandado polo xeneral Augusto Pinochet, puxo fin ao goberno socialista de Unidad Popular de Salvador Allende, elixido democraticamente tres anos antes. Logo deste feito viñeron 17 longos anos dunha ditadura sanguenta e desapiadada que deixou máis de 40 mil vítimas, entre elas case tres mil mortos e máis de tres mil desaparecidos. Ás torturas padecidas polos milleiros de detidos e aos máis de 200 mil exiliados hai que sumar tamén o extenuante padecemento dun pobo vítima do laboratorio dun novo modelo económico ultraliberal perpetrado polos "Chicago Boys".

Máis do 70 % da poboación chilena non nacera cando o golpe de estado. É por iso esencial preservar a memoria e proxectala cara ao futuro, un desafío ben grande no contexto dunha sociedade moi dividida, e o cinema debe contribuír nesta tarefa. Esta sección de Cineuropa dedícase ao cinema da chilena radicada en Francia Carmen Castillo, quen sufriu tamén de modo directo a represión da ditadura, e nela proxéctanse dous dos filmes máis representativos da súa filmografía. A maiores, realízase tamén unha actividade de reflexión e discusión a cargo da crítica cinematográfica Imma Merino, coñecedora de primeira man da obra de Castillo.

IMMA MERINO

É licenciada en Filosofía pola Universidade Autónoma de Barcelona e doutora en Comunicación pola Universidade Pompeu Fabra, cunha tese de doutoramento titulada *Subjectivitat i autorepresentació no cinema d'Agnès Varda*.

É profesora de Historia e Teoría do Cinema e de Análise dos Medios de Comunicación na Universidade de Xirona. Desde 1989 exerce como crítica de cinema e xornalista cultural no xornal *El Punt Avui*. Tamén escribe noutras publicacións, como a revista *L'Avenç*, na que publica de xeito regular.

CARMEN CASTILLO

(Santiago de Chile, 1945). Documentalista e guionista chilena, militante do Movemento de Esquerda Revolucionaria (MIR, polas siglas en español), docente e investigadora do Centro de Investigacións de Historia de América Latina da Universidade Católica de Chile.

Colaboradora do Goberno de Salvador Allende, tras o golpe militar de 1973 pasa a vivir na clandestinidade a canda o seu compañeiro Miguel Enríquez, líder da resistencia chilena, e as fillas dos dous. A Dirección de Intelixencia Nacional (DINA), policía secreta da ditadura de Pinochet, descóbree e dálle morte a Enríquez, ao tempo que expulsa a Castillo do país.

Carmen Castillo exiliase en Francia, onde consolidará unha longa traxectoria no eido documental, con producións en distintos países. Amais de *La flaca Alejandra* (1994) e de *Calle Santa Fe* (2007), que poderemos ver en Cineuropa 37, débémolle outros moitos filmes, entre os que se contan *La verdadera leyenda del Subcomandante Marcos* (1994), *El país de mi padre* (2002) ou *José Saramago: el tiempo de una memoria* (2003).

A 50 ANOS DO GOLPE EN CHILE A TRAVÉS DO CINEMA DE CARMEN CASTILLO



Mellor documental no Festival de Cinema da Habana 1994

LUNS 20, 18.50 | NUMAX

LA FLACA ALEJANDRA (1994)

Carmen Castillo, Guy Girard

Francia, Chile, Reino Unido / 57 min / Documental / Español

Ficha técnica:

- Guión: Carmen Castillo
- Fotografía: Maurice Perrimond
- Edición: Annick Breuil
- Son: Adama Ndiaye
- Producción: Ina, France 3 (FR 3), Channel 4

Sinopse:

Marcia Merino, máis coñecida como “la flaca Alejandra”, foi dirixente dunha célula do MIR. A policía de Pinochet (DINA, Dirección de Intelixencia Nacional) deuna transformado en colaboradora a través da tortura. Foi ela quen, entre outros, delatou a Carmen Castillo, e utilizárona ademais para recoñecer os integrantes do MIR posteriormente torturados e asasinados pola DINA. En 1992, Carmen Castillo volve a Chile para rodar este documental. É xusto daquela a época na que Marcia Merino acusa perante os tribunais os seus antigos xefes da DINA, decisión que representa un grave risco para ela, pero que á vez será unha importante contribución á memoria histórica e ao coñecemento do que representou formar parte da DINA e da ditadura.



Sección *Un Certain Regard* no Festival de Cannes 2007
Candidata á Cámara d’Or no Festival de Cannes 2007

MARTES 21, 20.15 | NUMAX

CALLE SANTA FE (2007)

Carmen Castillo

Bélxica, Chile, Francia / 163 min / Documental / Español

Ficha técnica:

- Guión: Carmen Castillo
- Fotografía: Raphaël O’Byrne, Ned Burgess
- Edición: Eva Feigeles
- Son: Adama Ndiaye
- Producción: Sergio Gandara, Serge Lalou, Christine Perrier

Sinopse:

Rúa Santa Fe, nunha barriada de Santiago de Chile, 5 de outubro de 1974. Carmen Castillo sobrevive ao seu compañeiro Miguel Enríquez, dirixente do Movemento de Esquerda Revolucionaria (MIR polas súas siglas en español) e da resistencia contra a ditadura de Pinochet, que morre no asalto á súa casa por parte dos militares. É o punto de partida de Calle Santa Fe, unha viaxe ao presente deses barrios e á memoria dos vencidos, unha viaxe levada a cabo sen compracencia ou autoindulgencia ningunha. E cunha narrativa guiada polas seguintes preguntas: estes actos todos de resistencia pagaron a pena? Miguel morreu por nada?

OBRADOIRO DE CURADURÍA FÍLMICA VALENTINA OTORMIN DALL'OGLIO


XOVES 23, 11.00 | ZONA C

O profesional da programación de festivais de cinema e salas de cine-arte enfróntase decote coa pregunta “que programar?”, pero, sobre todo, coa cuestión máis importante: “por que programar?” O cinema non acontece no baleiro e é unha ferramenta de comunicación privilexiada para abordar temas culturais, políticos e sociais que nos importan como sociedade.

Neste obradoiro a cargo de Valentina Otormin Dall'Oglio abordaranse os problemas e desafíos á hora de ensamblar unha programación relevante sen deixar de lado outros aspectos fundamentais da arte cinematográfica.

Valentina Otormin Dall'Oglio traballa como programadora da Sección Longametraxes de Ficción no Festival Biarritz Amérique Latine e tamén como coordinadora do festival de cinema europeo ArteKino, organizado por Arte France Cinéma.





CINEUROPA 37

PELÍCULAS ORDENADAS ALFABÉTICAMENTE

PÁX. 115, 124
ACIDE / ÁCIDO

PÁX. 66
AKU WA SONZAI SHINAI / O MAL NON EXISTE

PÁX. 62
ALICIA FAI COUSAS

PÁX. 74
ANATOMIE D'UNE CHUTE / ANATOMÍA DUNHA CAÍDA

PÁX. 44
ANIMAL

PÁX. 38
ANSELM - DAS RAUSCHEN DER ZEIT / ANSELM

PÁX. 132
ANTOINE ET ANTOINETTE / ESCAPOU A SORTE

PÁX. 96
ARGENTINA, 1985

PÁX. 44
ARTURO A LOS 30

PÁX. 38
ASTRAKAN 79

PÁX. 45
BAAN

PÁX. 74
BASTARDEN / A TERRA PROMETIDA (BASTARDO)

PÁX. 45, 66
BÊN TRONG VỎ KÉN VÀNG / INSIDE THE YELLOW COCOON SHELL

PÁX. 157
CALLE SANTA FE

PÁX. 96
CAPITÁN KÓBLIC

PÁX. 52
CHICHI E MÁIS EU

PÁX. 75
DAS LEHRERZIMMER / SALA DE PROFESORES

PÁX. 56
DE(S)AMOR

PÁX. 56
DEVOCIONES

PÁX. 46
DIE THEORIE VON ALLEM / A TEORÍA UNIVERSAL

PÁX. 58
DIN QUE NON FALAN

PÁX. 153
DOXANDÉEM, LES CHASSEURS DE RÊVES / DOXANDÉEM: CAZADORES DE SOÑOS

PÁX. 97
EL CENSOR

PÁX. 97
EL EXILIO DE GARDEL (TANGOS)

PÁX. 98
EL JUICIO

PÁX. 67
EL RAPTO

PÁX. 140
EL REINO

PÁX. 58
ESPANTOS E DESENCANTOS

PÁX. 120
FÁTIMA

PÁX. 75
FEMME

PÁX. 59
HABITAR

PÁX. 132
HEAVEN CAN WAIT / O DIAÑO DIXO NON

PÁX. 133
HELLZAPOPPIN' / LOUQUILANDIA

PÁX. 76
HERE / AQUÍ

PÁX. 62
HONDARRAK

PÁX. 52
HONEYMOON

PÁX. 46
HOW TO HAVE SEX / COMO TER SEXO

PÁX. 133
I SOLITI IGNOTI / RUFUFÚ

PÁX. 47
IL PLEUT DANS LA MAISON / ESTÁ CHOVENDO NA CASA

PÁX. 98
INFANCIA CLANDESTINA

PÁX. 76
IO CAPITANO / EU CAPITÁN

PÁX. 134
IT'S A MAD MAD MAD MAD WORLD / O MUNDO ESTÁ TOLO, TOLO, TOLO, TOLO

PÁX. 47, 116
JAM / SLEEP

PÁX. 134
KISS ME, STUPID / BÍCAME, ESTÚPIDO

PÁX. 77
KUOLLEET LEHDET / FOLLAS DE OUTONO

PÁX. 77
LA CHIMERA / A QUIMERA

PÁX. 39
LA ESTAFA DEL AMOR

PÁX. 156
LA FLACA ALEJANDRA

PÁX. 135
LA GRANDE VADROUILLE / A GRANDE ESMORGA

PÁX. 103
LA GUERRE EST FINIE / A GUERRA REMATOU

PÁX. 99
LA HISTORIA OFICIAL

PÁX. 78
A PASSION DE DODIN BOUFFANT A LUME MANSO

PÁX. 78
LA ÚLTIMA NOCHE DE SANDRA M.

PÁX. 79
LAS TIERRAS DEL CIELO

PÁX. 103
LAS VEREDAS DE SATURNO

PÁX. 102
L'ATTENTAT / O ATENTADO

PÁX. 63
LAVADOIRO

PÁX. 102
L'AVEU / A CONFESIÓN

PÁX. 35, 79
LE PROCÈS GOLDMAN / O CASO GOLDMAN

PÁX. 104
LES DEUX MÉMOIRES / AS DÚAS MEMORIAS

PÁX. 104
LES ROUTES DU SUD / AS RUTAS DO SUR

PÁX. 110
LINDA VEUT DU POULET! / LINDA QUERE POLO!

PÁX. 59
LIQUE

PÁX. 67
LOS DELINCUENTES / OS DELINCUENTES

PÁX. 39
LOS PAISAJES

PÁX. 99
MADE IN ARGENTINA

PÁX. 80, 140
MAL VIVER

PÁX. 48
MAMMALIA

PÁX. 68
MANTAGHEYE BOHRANI / ZONA CRÍTICA

PÁX. 60
MARIVÍ, NA PEL DA MEMORIA

PÁX. 114, 125
MÁS NEGRO QUE LA NOCHE

PÁX. 68
MEMORY / MEMORIA

PÁX. 57
NINGÚN DEUS

PÁX. 40
NOTHING COMPARES

PÁX. 80
**NU AȘTEPTA PEA MULT DE LA SF RȘITUL LUMII /
NON AGARDES MOITO DA FIN DO MUNDO**

PÁX. 48, 54
O AUTO DAS ÁNIMAS

PÁX. 54
**O CAMIÑO DE RAMÓN CHAO. TRALAS PEGADAS
DE PRISCILIANO**

PÁX. 63
O NENO SARDIÑA

PÁX. 105
**OBJECTIF: 500 MILLIONS /
OBXECTIVO: 500 MILLÓNS**

PÁX. 55
OS ESPAZOS EN BRANCO

PÁX. 135
PALOMBELLA ROSSA / VASELINA VERMELLA

PÁX. 61
PAROLA DE LADO E SOLA

PÁX. 69
PERFECT DAYS / DÍAS PERFECTOS

PÁX. 61
PONTEVEDRA HORA CERO

PÁX. 34, 69
PUAN

PÁX. 49
QUITTER LA NUIT / ABANDONAR A NOITE

PÁX. 114
RAPIÑA

PÁX. 49
RIDDLE OF FIRE / ENIGMA DE LUME

PÁX. 81
ROTER HIMMEL / AFIRE - O CEO VERMELLO

PÁX. 120
SANGUE DO MEU SANGUE

PÁX. 105
SECTION SPÉCIALE / SECCIÓN ESPECIAL

PÁX. 127
SETTE NOTE IN NERO / SETE NOTAS EN NEGRO

PÁX. 81, 141
SOBRE TODO DE NOCHE

PÁX. 57
**SOBREVIVIR AO TEMPO
(UNHA MIRADA SOBRE 'VIKINGLAND')**

PÁX. 106
STAVISKY

PÁX. 136
SULLIVAN'S TRAVELS / AS VIAXES DE SULLIVAN

PÁX. 117, 127
SUPERVIVIENTES DE LOS ANDES

PÁX. 136
TAMPOPO

PÁX. 147
THE IMMIGRANT / O INMIGRANTE

PÁX. 110
THE INSEPARABLES / OS INSEPARABLES

PÁX. 70
**THE SURVIVAL OF KINDNESS / A SUPERVIVENCIA
DA AMABILIDADE**

PÁX. 116, 126
THE WICKER MAN / O HOME DE VIMBIO

PÁX. 121
TRABALHO DE ACTRIZ, TRABALHO DE ACTOR

PÁX. 137
**UN CHAPEAU DE PAILLE D'ITALIE /
UN CHAPEU DE PALLA DE ITALIA**

PÁX. 106
**UNE FEMME À SA FENÊTRE /
UNHA MULLER NA FIESTRA**

PÁX. 82
UROTCITE NA BLAGA / AS LECCIÓNS DE BLAGA

PÁX. 40
VELOCIDAD DE ESCAPE

PÁX. 115
VENENO PARA LAS HADAS


PÁX. 117, 125
VINCENT DOIT MOURIR / VINCENT DEBE MORRER

PÁX. 82
VIVER MAL

PÁX. 137
WITHNAIL & I / WITHNAIL E EU

PÁX. 107
Z

PÁX. 83
ZIELONA GRANICA / A FRONTEIRA VERDE



CINEUROPA 37

INFO PRÁCTICA

SEDES CINEUROPA 37



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15704 Santiago de Compostela
T. 981 552 290
compostelacultura.gal



TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
T. 981 542 349 (despacho de billetes)
T. 981 542 347 (oficinas)
compostelacultura.gal



SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
T. 881 867 229
agadic.gal



CINEMA NUMAX

Rúa Concepción Arenal, 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
T. 981 560 250
numax.org



MULTICINES COMPOSTELA

Rúa Ramón Piñeiro, 3
15702 Santiago de Compostela
T. 881 018 467
multicinescompostela.com



CGAC

Rúa de Ramón del Valle-Inclán, 2
15703 Santiago de Compostela
T. 981 546 619
cgac.xunta.gal



ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (Praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
T. 981 542 462
compostelacultura.gal



ENTRADAS CINEUROPA 37

PREZOS

4 euros

• Seccións Oficiais*: Novas/os Cineastas, Sección Oficial Europea, Panorama Internacional e Docs Cineuropa

- Fantastique Compostela
- Cineuropa Miúda
- Película sorpresa

*Excepto Panorama Audiovisual Galego, a proxección de *Nothing Compares* e as proxeccións das cerimoniais de inauguración e de clausura, que son de balde.

Entrada de balde previa retirada de convite

- O mundo está tolo, tolo, tolo, tolo
- Centenario Semprún
- Arxentina 40 anos de democracia
- A 50 anos do golpe de estado en Chile: *La flaca Alejandra, Calle Santa Fe*
- Foco João Canijo: *Trabalho de actriz, trabalho de actor, Sangue do meu sangue, Fátima*
- Panorama Audiovisual Galego
- Proxeccións das entregas de Premios Cineuropa
- Proxeccións das cerimoniais de inauguración e clausura

Para a inauguración, clausura e entregas de Premio Cineuropa, os convites poderán retirarse dende dous días antes do evento ás 11.00 h.

Bono 10 películas: 30 euros

Catálogo: 2 euros

Maratón Cineuropa: 6 euros

Actividades Paralelas

• Xuventude Crea. Fase final do certame de videocreación e entrega de premios (sábado 11).

Entrada de balde previa retirada de convite

• Concerto da Real Filharmonía de Galicia (xoves 16): **15 euros** (cos descontos habituais do 50 %)

• Centenario Semprún: mesa de debate (sábado 18).

Entrada de balde previa retirada de convite

• Centenario Semprún Carta Branca (sábado 18).

Entrada de balde previa retirada de convite

• Concerto da Banda Municipal de Música de Santiago (domingo 19): **Entrada de balde previa retirada de convite**

• *Doxandéem, les chasseurs de rêves* (luns 20).

Entrada de balde previa retirada de convite

• Obradoiro sobre o cinematográfico con Carlos Losilla (xoves 16). **Inscripción mediante formulario**

• *Do guiñón á pantalla*. Encontro con Álvaro Brechner (luns 20). **Inscripción mediante formulario**

• Obradoiro de curadoría fílica. Con Valentina Ortomin (xoves 23). **Inscripción mediante formulario**

VENDA DE ENTRADAS E RETIRADA DE CONVITES

Para as proxeccións de todas as salas:

- **compostelacultura.gal**
- **ZONA C Punto de Información Cultural** (Praza de Cervantes): de martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h.
- **TEATRO PRINCIPAL:** de 16.00 h ata a hora de inicio do último filme no Teatro Principal ou no Salón Teatro. (Se hai un filme ás 16.00 h ou antes, o despacho de billetes abre media hora antes de que comece)

En cada sala, para as proxeccións dese espazo:

- **NUMAX:** de luns a sábado (excepto martes) de 10.30 a 14.00 h e de 16.00 a 20.30 h e os martes só de 16.00 a 20.30 h. Os domingos e calquera outro día fóra deste horario, abriríase o despacho de billetes 10 minutos antes do inicio da sesión.
- **MULTICINES COMPOSTELA:** dende as 17.00 horas ata a hora de inicio do último filme. (Se hai un filme ás 17.00 h ou antes, o despacho de billetes abre 15 minutos antes de que comece)
- **AUDITORIO DE GALICIA:** dende media hora antes do inicio de cada sesión.





VENDA DE BONOS

- **compostelacultura.gal**
- **Zona C Punto de Información Cultural**
- **Despacho de billetes do Teatro Principal**




Pregamos o uso preferente, para a adquisición de entradas e bonos, da páxina web **compostelacultura.gal**


ESTE PROGRAMA ESTÁ SOMETIDO A POSIBLES CAMBIOS. PRÉGASE CONSULTAR A CARTELEIRA DIARIA.

compostelacultura.gal

-  compostelacultura
-  CompostelaCultura
-  CCultura
-  CompostelaCulturaTV

cineuropa.gal

-  cineuropa.gal
-  cineuropa.gal
-  cineuropa.gal



EQUIPO CINEUROPA 37

ALCALDESA DE SANTIAGO

Goretti Sanmartín Rei

CONCELLEIRA DE CAPITAL CULTURAL, TURISMO, EDUCACIÓN E MEMORIA HISTÓRICA

Míriam Louzao Fernández

DIRECTOR

José Luis Losa

PRODUCCIÓN

Ismael Romarís
Alejandra Trelles

COORDINACIÓN DE PROGRAMACIÓN

Jacinta Rivera

EQUIPO DE PROGRAMACIÓN

José Luis Losa
Jacinta Rivera
Alejandra Trelles

ASESORÍA DE PROGRAMACIÓN

María José Santacreu

COORDINACIÓN PANORAMA

AUDIOVISUAL GALEGO

Jacinta Rivera
Alejandra Trelles

COMUNICACIÓN

Jacinta Rivera
Silvia Roca

DESEÑO GRÁFICO, REVISIÓN EDITORIAL E WEB

Luisa Castiñeira e Patricia Portela
(The Office Comunicación)
Ilustracións: Julia Lago

CATÁLOGO

Ana Gontad
Beatriz Pérez (The Office Comunicación)
Jacinta Rivera
Silvia Roca

TRADUCIÓNS

Mariel Lettier
Mariví Martínez

COORDINACIÓN TRÁFICO DE PELÍCULAS

Brais Gómez

COORDINACIÓN INVITADOS

Lucía Bestilleiro

RESPONSABLES DE SALAS

SALÓN TEATRO, Francisco Javier Núñez
MULTICINES COMPOSTELA, María Arias
NUMAX, Xan Gómez

VÍDEOS PREMIOS CINEUROPA

Brais Gómez
Sergio Santacreu

PROXECCIONISTAS

Miraxe Soc. Coop. Galega
NUMAX
Multicines Compostela

ATENCIÓN AO PÚBLICO

Atlantic Ponte

PRESENTADOR GALAS E INVITADOS

Moncho Lemos

AUDITORIO DE GALICIA

DIRECTOR-XERENTE, Xaquín López
SUBDIRECTORA, Silvia Modia

GABINETE TÉCNICO

David Areán
Chus Busto
Carlos Millán
Ángeles Otero
Ana Parga
Ángela Pereira
Silvia Roca

TEATRO PRINCIPAL

Xesús Amado
Montse Cillero

AGRADECEMENTOS

Agustín Touriño
Carmen Castillo
Lorena Pérez
María Arias
Ángel Quintana
Imma Merino
José Manuel Sande

Xan Gómez
José Antonio Liñares
Juan Manuel Chaves
Costa-Gavras
Michèle Ray
Léonie Bege
Martín Pawley
Vera Pozzi

INSTITUCIÓNS E ENTIDADES

COLABORADORAS

Cinemateca Uruguaya
Consulado de la República Argentina en Vigo
Instituto Camões
Albariño Paco & Lola
Bodegas Martín Códax
Cafés Candelas
Grupo Yáñez
ÚNICLA Premium
USC

O autor do deseño e fabricación das pezas dos Premios Cineuropa é o escultor Francés.



CINEUROPA 37



CINEUROPA 37

CINEUROPA.GAL



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO



CONSORCIO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



Consorcio General de la
República Argentina
en Vigo - Reino de España



CAMOES
CENTRO CULTURAL
PORTUGUÊS
www.camoes.org



Yáñez



ÚNICLA
LÍCHE PREMIUM



Martín Códax



CANDELAS